GRIAL

133

XANEIRO, FEBREIRO, MARZO

TOMO XXXV / 1997

DE VIAXES E LUGARES

ANTÓN RISCO:
Peregrinaxe á India.

XAVIER ALCALÁ:
Israel, notas de viaxe.

ARTURO LEYTE:
Parsifal Express.

SUSO DE TORO:
Un galego na corte do rei Artur.

CARLOS CASARES / GUSTAVO A. GARRIDO:
Entrevista con Vicente Almazán.

MIGUEL VIQUEIRA:
Sentado nas beiras do infinito en Lisboa.

HELENA CORTÉS:
O destino en Passau.

BIEITO IGLESIAS:
Outros ámbitos.

MANUELA PALACIOS GONZÁLEZ:
Harvard Square.

HERNÁN NEIRA:
A urbe como espacio infeliz.

GRIAL

133

XANEIRO, FEBREIRO, MARZO

TOMO XXXV / 1997

O presente número de *Grial* foi coordinado por
GUSTAVO A. GARRIDO

Director:
CARLOS CASARES
Subdirector:
XAVIER CASTRO
Secretario de Redacción:
XOSÉ MANUEL SOUTULLO
Consello de Redacción:
XAN BOUZADA, CARLOS X. FERNÁNDEZ,
GUSTAVO ADOLFO GARRIDO, MODESTO LÓPEZ BOUZAS,
HENRIQUE MONTEAGUDO ROMERO,
MANUEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, DAMIÁN VILLALAÍN

Deseño: M. JANEIRO
EDITORIAL GALAXIA, S. A.
Redacción, subscrición e distribución:
Reconquista, 1. 36201 VIGO. Telfs.: 43 21 00 - 43 32 38. Fax: 22 32 05
E-mail: galaxia@arrakis.es
Imprime: OBRADOIRO GRÁFICO, S. L., Avda. Rebullón, 49 - MOS

ISSN: 0017-4181 / DEPÓSITO LEGAL: VG-99-1963

Esta revista é membro de ARCE (Asociación de Revistas Culturales de España).

DE VIAXES E LUGARES

5 ANTÓN RISCO: Peregrinaxe á India.

17 XAVIER ALCALÁ: Israel, notas de viaxe.

29 ARTURO LEYTE: Parsifal Express.

39 SUSO DE TORO: Un galego na corte do rei Artur.

53 CARLOS CASARES / GUSTAVO A. GARRIDO: Entrevista con Vicente Almazán.

67 MIGUEL VIQUEIRA: Sentado nas beiras do infinito en Lisboa.

73 HELENA CORTÉS: O destino en Passau.

79 BIEITO IGLESIAS: Outros ámbitos.

85 MANUELA PALACIOS GONZÁLEZ: Harvard Square.

93 HERÑÁN NEIRA: A urbe como espacio infeliz.

109 LIBROS:
MARÍA XESÚS LAMA, MANUELA REIS / MANUELA SALVADOR CUNHA, ANXO ANGUEIRA, MIRO VILLAR, MARÍA XESÚS NOGUEIRA, SERAFÍN ALONSO PINTOS, JOSÉ SOMOZA MEDINA, FEDERICO POMAR, XAIME NOGUEIRA, X. L. GARCÍA.

131 A CULTURA NO MUNDO.

133 ÍNDICE DE COLABORADORES.

Peregrinaxe á India

Antón Risco

Vicente Risco gustaba moito das viaxes. Coitadamente os seus medios económicos non lle permitiron facer moitas. A máis importante foi sen dúbida a que o levou a Mitteleuropa, gracias a unha bolsa de estudios, e da que deixou unha importante constancia escrita. Pero o seu máis grande soño neste eido foi o de achegarse a Asia, e sobre todo á India, o país que máis lle atraía de tantos cantos almacena o noso mundo, dada a súa inesgotable riqueza espiritual.

Desde moi novo, eu prometinme facer esa mesma viaxe. E de aí que moitas veces matinase con ledicia volver a Ourense desde aló vestido de hindú, quizais para confirmarme que, malia todo o que se poida pensar, Galicia e a India atópanse de certo no mesmo mundo, que era tamén o que o meu pai tentou probar non poucas veces, aínda que a un nivel puramente especulativo. E velaí que este foi un dos poucos soños que conseguín cumprir na miña vida.

Nas moitas conversas mentais que manteño aínda co meu pai, prometinlle realizar ese desexo común, e polo mesmo pedinlle a axuda da súa compaña fantasmal. El aceptou e, por iso, no verán de 1989, fixen a miña (nosa) peregrinaxe, aínda que resultou ben rápida, xa que aproveitei para ela unha de tantas viaxes organizadas polas axencias.

Fíxena, pois, desde Madrid e cun pequeno grupo español. Voo de Madrid a Roma, de Roma a Karachi, cunha escala en Atenas. Desde o avión, do que non saímos, tivemos a emposta de disfrutar do atraente panorama dun barrio de casas claras, brancas, cunha montaña siena pelada ó fondo. Nunca estiven en Atenas e a proximidade dela produciume a mesma exaltación que se estivese a albiscar o respiro, a gracia, o brillante ronsel da mesma marabillosa Helena, anque eu non sexa (por

influencia do meu pai) un excesivo apaixonado do seu prestixio. Pero exercía alí, e nun lugar tan banal como un aeroporto, unha auténtica seducción. Era, sobre todo, a de se sentir ás portas da arelada Asia, nese derradeiro baluarte do noso mundo no que a orgullosa Europa quixo desde tan antigo abraiar e deslumbrar a pretendida *noite* oriental co siloxismo. Mais nada semella menos siloxístico que a recortada costa grega vista desde riba, desde a mesma esfera das ideas case que platónica, cos seus retortos perfís e circunloquios, malia os seus claros tons.

Pero en Karachi acolleunos espida, certamente, a torba noite asiática coas súas febres, as súas aglomeracións e os seus ritos. Eran as tres da mañá daquela noite de xuño e, ó baixarmos do avión, unha quentura inmensa botóusenos enriba ata facernos feblir as pernas. Ás portas do aeroporto, fronte a el, a aquelas horas, había unha nutrida morea de rapaces e mozos que semellaban non faceren outra cousa que disfrutar do espectáculo da chegada de xentes, cargadas coas súas equipaxes, coas súas grandes caixas de cartón, os seus vultos de todo xeito que os aduaneiros trataban sen ningunha consideración, cortando as cordas dos mesmos cunha navalla, mesmo se boa parte dos viaxeiros, vestidos de branco, viñan de faceren a peregrinaxe á Meca (anos despois vin en Marrocos semellantes moreas de xente ás portas do aeroporto agardando os peregrinos).

Cando iamos coller o autobús que nos levaría ó hotel, a voz de muecín que polos altofalantes berraba á oración confirmounos na evidencia de estarmos nun país musulmán, e nunha república islámica,. Por certo que xa no aeroporto se prodigan as fotos de Mohamed Alí Jinnah, o fundador da nación pakistaní, coa súa expresión grave, mesmo severa, baixo o gorriño mouro. No hotel, cos cuartos ó mesmo nivel do chan, as cascudas visitaron a unha das mulleres do grupo. A min deixáronme tranquilo.

Pero se a noite se presentaba deste xeito, o día amosaba unha aparencia ben distinta. Karachi é, desde logo, unha cidade moi nova —a comezos de século era pouco máis ca un lugariño de pescadores— e ben urbanizada polos ingleses, polo que, en conxunto, ofrece unha imaxe non menos racionalizada que tantas outras cidades occidentais. ¿Que é pura aparencia? Pero ¿son menos mentireiras as nosas? Baixo a rigorosa xeometría de Versalles corrían as cobras mouras dos desexos, as envexas, os ciumes, as xenreiras, as paixóns de todas sortes, as astroloxías, as maxias e as supersticións. Dicíame o meu pai polo baixo: "¿Non cho teño repetido tantas veces?" En todo caso, a cidade ten poucas cousas de interese polo que vin e nos ensinaron, agás unha grande mezquita construída nos derradeiros anos, de sobria pero airosa arquitectura e o curioso espectáculo que amosan aquelas moreas e moreas de xente, entre ela tantos vellos e nenos, a lavar a roupa de hoteis, de familias, de que sei eu, en numerosos estanques á beira dun

río: un preguntábase como podían atinar cos propietarios das pezas naquela verdadeira cidade-lavandeira, da que viña, por certo, un arrecendo ben noxento.

A vista do mar de Arabia desde unha praia con encantadores de serpentes e camelos para que riba deles se tiren fotos os turistas, empurrounos ós dous a ensoñar as aventuras de Simbad ("¿Lembras, papá, que fuches ti quen me deu a ler as primeiras aventuras de Simbad, e en portugués?"). Todo verdadeiro viaxeiro é un discípulo máis ou menos aplicado de Ulises ou de Simbad, como ben soubo Álvaro Cunqueiro. No mar arábigo un pensa sobre todo en Simbad, como se debe. E daquela a imaxinación pode abrirse a todo xeito de imposibles aventuras. O certo é que eu levo toda a vida viaxando con Simbad, desde que o meu pai me agasallou con aquel libriño. Nada tiña, pois, de raro que me puxese a facer con el outros periplos.

Chegando a Delhi, na porta do avión había unha dona co seu sari —tan marabilloso vestido feminino, agarimador como ben poucos das gracias da muller— e coas mans xuntas e erguidas como nun prego, ou sexa dándonos a benvida hindú, a cal acostuma a ser acompañada da frase en hindi: "Na mas te" (Saúdo a Deus en ti). Meu pai e mais eu sentiámonos á fin chegados ó noso reino tras dun exilio de séculos.

Nova Delhi sorprende polo seu excelente urbanismo inglés, cunha profundidade e composición de perspectivas e unha harmonía estructural que sobrepasan de lonxe as de Londres. En ningunha aglomeración urbana vin tantas zonas verdes e, sobre todo, tan axeitadamente combinadas cos núcleos de edificios, tendo en conta a variada vexetación do país. E tanto a Vella como a Nova atraen, amais, fortemente polos monumentos e riqueza artística que gardan. No meu caso, teño que confesar que me emocionei moito póndome a pregar no famoso templo erguido pola familia millonaria Birla (Laksminarayan), ben novo, e que quere dar asilo a todas as relixións; mesmo hai relevos que presentan a Cristo e á Virxe (en principio tanto o hinduísmo como o budismo fican abertos a todas as mitoloxías). Alí, eu preguei a Vichnu e a Krichna, un santo (ou gurú, se se prefire) deume unhas flores consagradas (*tagetes* ou *Oeillets d'Inde* en francés, *Marigolds* en inglés) e púxome na fronte a manchiña verme'la que representa o sol para abrir o cerebro á alumeación do Alén. Logo, en Benarés, nas cremacións á beira do Ganxes, vería como os parentes dos mortos (polo xeral non moi achegados) lles crebaban a paus o cráneo, ritualmente, para que lles entrase tamén a luz. No que toca a Buda (xa con tan pouco culto na India), as súas estupas (sorte de altares, que poden ser inmensos, ó aire libre, nos que non se entra, pois son macizos; prégase o seu arredor) representan xustamente a cabeza do Gautama acollendo o lóstrego da Revelación: vese xustamente aló entrando-xurdindo cun

aspecto estilizado asemade de raio e árbore. En canto ó principio alumeador de Shiva, sen dúbida o deus que ten máis culto ("Om na ma shivaia", prega o seu mantra, principio de destrucción e de morte, mais para construír cómpre destruír e para renacer morrer), represéntase no encontro da masculinidade coa feminidade: unha especie de falo vertical afincado nunha concavidade pouco fonda co debuxo asemellando unha pechadura, aínda que horizontal; ás veces é unha fonte na que os fieis beben e sorben a gracia. Nela mollan as marelas *Marigolds*, algunhas das cales fican por alí a bogar. Desde logo, se o acoplamento sexual crea amor, ledicia e vida, non o fai, non pode facelo sen o concurso da morte. Esta latexa alí, no fondal, dando senso a todo.

No templo Sikh Gurudwara Sisgang, onde asistimos a uns cultos e aceptamos humildemente gustar un bocadiño da comida e da lambonada sacras que ofrece xente ó templo e que vén equivaler a unha comuñón, hai un estanque con auga sacra na que moita xente curou de cólera nunha tremenda epidemia que houbo non lembro cando. O caso é que eu, que sufría desde había meses dunha escordadura, metín o pé no estanque e... non direi máis. Só que xa non me amolou para nada. "Xa ves, Antón, o que fai a fe", murmuroume o meu pai nos adentros.

Seguindo o circuíto turístico consagrado, fomos ver o Ambert Fort, preto de Jaipur, e subimos, naturalmente, ó outeiro onde se erguen pazo e fortaleza a lombos de elefante, que vai ben a modiño e cun movemento ondulado mareiro, seguindo, quizais, o ritmo do rapaz que nos acompañaba a pé rañando un instrumento de corda e arco, movemento que, por certo, alporizou non pouco as febras eróticas das donas que ían ó meu carón. Xa en Jaipur, baixo un sol feroz e fronte ó marabilloso e rosado Pazo dos Ventos —toda a vella cidade rosa é dunha beleza extraordinaria— tiven a satisfacción —e a amoladura— de sentir berrar o meu nome ó longo daquela rúa tan animada, chea de tendas como son case todas as que se ven no país: pequeniños espacios, sen escaparate nin cousa semellante, onde se amorean as cousas do mesmo xeito que enriba, na vivenda, se amorean as nutridas familias, con fiestras e balconciños onde o mesmo se albisca un sari que o brinco dun mono. Dera o meu nome a un comerciante mozo e foise correndo por toda aquela banda da rúa; de xeito que comerciantes e dependentes berraban de lonxe en castelán (teñen unha facilidade sorprendente para atraparen as linguas): "¡Antón!" ou "¡Antonio! Ven aquí...! ¡Bueno, bonito y barato!" Co que preguntei ó meu pai: ¿Que che parece, ho, en pleno Jaipur? E don Vicente: "Por unha vez dásme verdadeira envexa". Ó mesmo tempo aqueles rapaces facían a corte e mesmo tentaban apalpar ás mulleres do grupo ("Las indias son bonitas para ver, pero las españolas son bonitas para tocar", dicíame un mozo dependente dunha daquelas tendas). Pero véndome así contextualizado nunha cidade tan prestixiosa,

cun fermosísimo pazo de Maharaxá que soñaba visitar desde neno, díxenme que xa podía mesmo vestir de indio, e iso fixen.

Saín vestido de indio, todo de branco, anque sen turbante. Este, de cor vermella, mercaríao despois en Agra ou en Benarés, non me lembro, mais non para levar pola rúa por demasiado espectacular. Aínda así non convencín a ninguén. A xente ollábame con sorpresa. Seguían os mendigos, os vendedores ambulantes e mais os conductores deses carriños tirados por bicicletas ou por motos a me atacar teimudos coas súas salmodias, peticións e ofertas (todos os guías coinciden en que o mellor xeito de se desfacer deles é non contestar nin mesmo ollalos; non hai que virar os ollos de fronte e así seguir o camiño calado e impasible). Só as vacas mantiñan a súa fachendosa e soberana indiferencia. Decididamente eu non teño pinta de indio. Levaba o estranxeirismo gravado na faciana. Dixen ó meu pai: "Deberías ser ti o que fixese a experiencia. Se cadra tes máis pinta de indio ca min".

En Agra, andei moito senlleiro pola cidade, arredor do Taj Mahal (que sen dúbida é cousa que impresiona, por tópico que semelle, e ningunha reproducción fotográfica é comparable á visión directa, sobre todo polos sutís e cambiantes —inesgotables— matices do mármore branco-gris), entre a abundante xente, leprosos, mendigos de todo xeito, vendedores, vacas, mesmo algunhas pintadas, toda a porcallada das rúas, nas que continúa a vida interior dos fogares: nelas dorme moita xente en camastros, lávanse, afeitanse, vense barbeiros cortando os cabelos, artesáns traballando, individuos mexando, entre as vacas folgadas, felices na súa liberdade e os seus escrementos. E penso que se non me perdín en tal labirinto, no que é inútil tentar ler os nomes das rúas, xa que en moitas non se ven e cando se atopan velaí que están escritos en devanagari, foi porque me encomendei a Ganesh, o deus coa cabeza de elefante, preservador da intelixencia, fillo de Parvati, a dona de Shiva. Sen dúbida el me guiou de tal xeito que saín coa meirande donidade daquel nodelo apretado de rúas para chegar salvo ó hotel.

Denantes de arribar a Agra, visitaramos a fantástica cidade abandonada de Fatehpur Sikri (coido que as xentes se foron dela corenta anos despois da súa construcción por falta de auga). Baixo un sol implacable, como ocorreu durante a maior parte dos días, lembrei daquela outros lugares abandonados que me impresionaron particularmente, aínda que infindamente máis modestos[1]. Sempre me suxestionaron moito os

1. Por exemplo a aldeíña de Valdoseira, preto de Ourense, que descubrimos o Xulio López Cid e mais eu cando eramos mociños e na que estivemos a piques de morrer nun incendio de bosque, os dous mesmos, hai poucos anos (Véxase o meu relato "Ningures" en *Memorias dun emigrante,* Galaxia 1987, pp. 161-177); e a cidade pantasma preto do Lago Saint-Jean, en Quebec, Val-Jalbert (fora erguida por unha empresa madereira que a abandonou cando crebou a comezos do século). Poden engadirse as ruínas de cidades

lugares abandonados. Xa na literatura, lendo a Lord Dunsany, por exemplo[2]. É o engado do misterio de toda grande ausencia, dun pasado calado, das Atlántidas, de toda testemuña humana a un tempo presente e perdida; lembranza sen lembranza, saudade pura. Neste caso o sitio era ben impresionante pola súa gran monumentalidade, a limpa xeometría dos seus grandes planos espidos, un xogo de ocos e macizos, vans e cheos dunha beleza moi particular. Un non cansa de procurar perspectivas que enriquecen a visión. Perante este gran silencio non cabe máis ca miralo cos seus límites sen límite ata queimar os ollos e respectalo co noso propio silencio tanto cara a afora como cara a adentro.

Indo en autobús polas estreitas estradas, cheas de camións e con amiudados vehículos de todo xeito derrubados ás beiras (deume a impresión que alí os accidentes de tráfico son constantes), de Delhi a Jaipur e de Jaipur a Agra, fun collendo estas notas que reproduzo aquí na súa mesma desorde, moito máis expresiva, coido, que todo escrupuloso ordenamento ou detallada descrición:

Saris vermellos, azuis, verdes, violetas. Verdadeiramente favorecen a todas as mulleres. Mulleres con vultos na cabeza ou vasillas. Mulleres a cultivar a terra como en Galicia. Homes vestidos de branco, algúns con turbantes, labregos. Nunha parada, unha choza mínima cun camastro; iso é todo, mais con estampiñas de deuses pegadas ás paredes. Postos miserables de bebidas. Chozas miserables de adobe recubertas de palla: un pensa inevitablemente en Castela, país tamén feito de terra e po, cunha aparencia miserable que encolle o ánimo, mais non tanto como este, desde logo. Camelos turrando de carros. Vacas brancas e mouras coas súas curiosas xorobas, acameladas. Pavos reais: pavos reais por todas partes; os seus berridos escóitanse decote no agro e nas aforas das cidades. Desde a fiestra do meu hotel en Agra, xa fóra da cidade, fun seguindo cos ollos o vagar dun polos eidos, empoleirándose ós valados ata que desapareceu nun macizo de árbores. Os seus berridos facíanme lembrar os dos pavos reais que paseaban polo Xardín do Posío de Ourense cando eu estudiaba no Instituto. Paisaxe desértica combinada ás veces con cultivos. Eucaliptos como na nosa Galicia (isto xa se fai ben familiar), mais combínanse con árbores exóticas. Lembro a marabillosa árbore baixo a que Sidarta, ou Buda, tivo a Revelación: eu non vin a mesma árbore, pero si moitas da súa especie, verbigracia a que está en Benarés, nas aforas, en Sarnath, xustamente onde Sidarta predicou ós seus primeiros discípulos, que eran cinco, as catro ver-

tan prestixiosas como as de Ampurias, de Itálica ou de Machu Picchu (a algunhas delas refírome en *Viaxes á América Latina á procura de literatura fantástica*, Edicións do Castro, 1987, pp. 95-99). Tampouco se trata de facer listas exhaustivas.

2. Xustamente alí meu pai volveu falarme da profunda impresión que lle producira a lectura da descrición dunha cidade oriental abandonada que fai Giovanni Papini no seu *Gog* (libro, por certo, que sempre o interesou moito).

dades sublimes (o Dharma), e o camiño de liberación da roda das encarnacións, da existencia, no Nirvana: con follas dunha marabillosa gracia no seu recorte en forma de corazón —imaxine un milleiros de corazóns latexando nesa grande árbore da vida, que ó mesmo tempo denuncia o seu engano—. Escríbese en hindi: बोधीवृक्ष *(Bodhivriksha).*

Tamén lle chaman *pippal.* O nome botánico é *ficus religiosa.* Vacas con cornos pintados a turrar de carros. Búfalos negros cos seus cornos como fouces. Cabras castañas, brancas con manchas negras ou todas negras. algúns templetes. Voitres, tantos, e outros paxaros. Lembro as cobras que levan os innumerables falsos encantadores nos seus cestos. Dicían que arredor do hotel de Agra había moitas. Todo depende do veleno que teñan, mais uns catro minutos despois de sufrir a mordedela pode moi ben fenecer a persoa. Óese xente cantar. Lembro a música hindú, que cada vez me atrae máis: atópolle un vivo engado na súa finura e sutileza. Lembro bailes tradicionais vistos en Delhi e en Jaipur. Pancartas, inscricións en inglés e en hindi (estes en devanagari, os caracteres tradicionais sánscritos). Verdadeiramente o inglés se impuxo de tal xeito... Toda a xente culta é bilingüe; fala tan espontaneamente en inglés como en hindi, en urdu ou en bengalí... Certamente o inglés fixo a unidade (relativa) da India como está a facer a (relativa) do mundo. Autobuses abarrotados, dun aspecto ben sinistro, e coa baca tamén chea de xente, que así paga billetes máis baratos: o meu pai aproveitou para volverme contar unha viaxe súa de Castro Caldelas a Ourense coa faciana confrontada co cu de dous gardas civís. Abofé, un lembra aqueles vellos coches de liña da Empresa Trives ou da Villalón (de Ourense a Allariz) cos mesmos amontoamentos. Dentro deles tanto labrego enturbantado cunha desmaiada mirada ben triste. A intensa, teimuda calor. Xentes encrenecadas. Ovellas de espesa la coas cabezas negras e o corpo branquizo. A sabana. Un fondo de montañas. Lugares ben miserables. Unha zona de palmeiras. Manchas vermellas de mulleres na lonxanía contra da terra gris-siena. Moitas árbores por zonas; outras case que desérticas. Monos, vistos sobre todo nas cidades. O deus Hanuman, con figura de mono, rei dos monos, o cal axudou a Rama a rescatar a súa dona Sita. Lembranza de *El mono gramático* de Octavio Paz (neste libro vén a identificarse Hanuman co principio inspirador da poesía). Pasamos preto dunha reserva de feras salvaxes, con leopardos, panteiras e tigres, por exemplo (que non vimos, pois non entramos nela). Corvos. Templos minúsculos coas súas campaíñas: ó pasar a xente fai soar eses sinos (eu fíxeno en moitos), as ondas sonoras dos cales comunican co Alén. A función sagrada das campás en tantas relixións: voz, verbo, son. Xustamente, segundo moitas mitoloxías[3] o universo

3. Xustamente na India, segundo certos sabios, foi o son a forza que creou canto existe. A este respecto, Paul Brunton reproduce as palabras do gran santo iogui Sahabji

ten unha orixe sonora. De aí que a música, polo menos certa música, poida comunicar con ela e aínda ir máis lonxe. Porque a música cos seus ritmos, harmonías e desenvolvementos temáticos semella gardar o segredo do tempo.

As malas condicións do aeroporto de Khajurano impedíronnos ver os seus fermosos templos e, por riba de todo, o de Laksmana, coas famosas esculturas que amosan os ritos eróticos tántricos. Ritos, por certo, ben difíciles, xa que esixen unha disciplina rigorosísima e un auténtico espírito relixioso. Trátase de exaltar o erotismo da parella (ou do individuo, pois tamén se ve a xente copulando con animais, mais non se esqueza que moitos deles teñen un carácter sagrado na India) ata o cumio para desde o orgasmo proxectarse na esfera máis alta do espírito (polo cal o home non pode exacular, xa que esta consecuencia provoca a relaxación e a recaída, e polo tanto fracaso, de Ícaro). A industria turística converteuno nun espectáculo pornográfico fronte ó que as parellas occidentais ávidas de emocións físicas atopan toda unha arte de amar, se aínda non a coñecen (ou para confrontala coa do seu saber).

Fomos, pois, en avión a Benarés ou Varanasi (o nome orixinario hindú), destino básico da nosa peregrinaxe (é dicir a do meu pai e mais eu), coa cal cumpriamos un dos meirandes soños da nosa vida. En Varanasi, cheo eu de emoción, fomos xa ver o Ganxes pola noite, o Ganga, como lle chama aquela xente. Nunha barquiña vogamos polo río sacro e fixémoslle unha ofrenda cunhas lampadiñas postas en follas de árbores que botamos a vogar polas augas seguindo as instruccións do barqueiro: daquela un verdadeiro guía, cáseque anxo (gandharva, diriamos logo), xa que nos puña así en relación co Alén, mesmo se semellaba tan interesado por recibir unha propina. ¡Quen sabe, en suma, cal é a complicidade que existe entre os deuses e o diñeiro! De todos os xeitos a natureza do diñeiro é impalpable, pura idea, enteiramente espiritual. Non representa outra cousa ca o principio do poder, de todo poder, neste mundo. ¿E de onde vén o poder senón dos deuses? Polo tanto no sería nada raro que o diñeiro fose a súa traducción temporal, terrea.

Desde a barca e logo nas mesmas escaleiras da beira, vimos as cremacións de cadáveres, que por certo non feden coma din. Pola contra, é un cheiro ben agradable, a barbacoa, por exemplo. E isto dito con toda seriedade. De seguida, metímonos por aquelas retortas ruelas que

Maharaj, que foi xefe da fraternidade semisecreta chamada Radha Soamis, e que falan dun fluxo vibratorio que foi a primeira actividade do Ser Supremo ó se iniciar a Creación e que "La fuerza que aparece en forma de sonido en nuestro plano material es sólo un reflejo de aquella otra más sutil que produjo el Universo", Paul Brunton, *La India secreta*, traducción de José Novo Carro, Buenos Aires, Hachette, 1957, pp. 260 e 261. Entre os diferentes tipos de ioga hai o do son.

se nodoan preto do río, estreitas, miserables, brincando por riba de vacas deitadas e dos seus escrementos. Alá si que fedía. Polo día, estas mesmas ruelas, nas que se amorean tantos templos, están cheas de vida e actividade nunha promiscuidade verdadeiramente impresionante. Pero a todo ligado, sempre presente, un forte espírito relixioso. Mesmo nos recunchos máis miserables vense estampiñas de deuses e a xentes de todas as idades pregando fronte a eles.

Ó mencer, indo en auto cara ó Ganxes, era sorprendente ver como a cidade se transformaba nuns minutos, caseque en segundos. Toda ela semellaba durmida e, de súpeto, co apurado medro da luz, púñase no seu habitual movemento vertixinoso de multitudes, bicicletas, carriños, autos, vacas nun rebumbio de aparencia caótica, entolecedora. De novo nunha barca polo Ganxes, era de ver o grande espectáculo dos peregrinos facendo as súas ablucións na auga, mergullándose nela, nadando, pregando, entre as traballadas torriñas dos templos e os pazos dos maharaxás. O guía, que era home moi instruído e inteli-xente, xa de certa idade, explicaba en inglés: Varanasi é o punto exacto onde o Mundo e o Ultramundo se encontran, se abrazan e nodoan. Ganga ou Ganxés é a Nai da India e, polo tanto, da Humanidade, o seu útero, río do Tempo, camiño da Eternidade.

Naturalmente, tamén fomos ver Sarnath, como xa indiquei, nas aforas da cidade, onde o Gautama predicou a súa descuberta, o Dharma, ós seus cinco primeiros discípulos. Meu pai, que durante os percorridos do Ganxes, non deixaba de roufeñar na miña orella como un abellón: "Ommmmmmm...", volveu facelo naquel novo lugar sagrado. Nel visitamos o museo, con algunhas das máis fermosas escul-turas de Buda, así como o famoso capitel dos leóns, que rematou outrora unha columna conmemorativa, simbolizadora das diferentes etapas da vida de Sidarta, e que é agora emblema do Estado indio. Seguidamente, visitando a grande estupa e as ruínas de conventos, pre-guei con verdadeira emoción, repetindo incansable, ó compás do meu pai, o mantra "Om mani padme hum" (om, xoia no loto).

A peregrinaxe rematou no Nepal, arredor de Katmandú. Este pequeno país é un verdadeiro museo; cada cidade, un prodixio. Ó que se liga a rica, variada, verde e monumental natureza entre o Himalaia e o Mahabharata. Coma nel, amais, hai unha forte poboación emigrada do Tibet cos seus templos e lamas, pode un facerse unha imaxe ben viva do que é ou foi esa fabulosa terra que semellaba perdida nos faiados do mundo, sen ter que brincar por riba da inmensa serra. Mais tamén o Nepal, país que durante tanto tempo estivo enteiramente aillado do resto do planeta, prohibido ós estranxeiros, dá a soñar de abondo, a cada paso. Os seus núcleos urbanos —onde un descobre por certo (polo menos eu) que o famoso estilo pagoda tan extendido

por todo o Oriente marelo vén de aló xustamente— teñen unha personalidade poderosa —un non cansa de se sentir nun espacio *outro*, no outro, en todo o outro—; en canto ó agro dá unha impresión ben máis atraente que o que vin na India (certo que foi só unha parte do Norte). Amais da fermosura das paisaxes, os lugares, polo xeral, non amosan un aspecto tan miserable como os que tanto abondan na India: moitas das súas vivendas, construídas con adobe, fan pensar nas castelás para dicirse un que ben contentas estarían tantas da gran estepa española instaladas en vales tan rieiros como aqueles e mesmo decote co tal exterior —anque non sei desde logo o que hai e ocorre dentro—. No Nepal naceu xustamente Sidarta, o Buda, en Kpilavastu, no xardín de Lumbini. Sentín non visitar este lugar. Tamén non peregrinar na India a Bodh Gaya, entre Calcuta e Benarés, onde o Buda (contaba daquela trinta e cinco anos), baixo o gran *pippal*, e tras dunha enchenta de arroz, tivo a iluminación.

Tampouco vin de preto o Himalaia, só estribacións súas, xa que a visibilidade non era boa: iso mesmo nos impediu sobrevoar o Everest. Mais voltando xa en avión cara a Karachi, vin xurdir das nubes algúns dos picos máis altos do mundo, entre eles imaxino que se atopaba o mesmo Everest. Ollando aqueles cumios brancos, non deixaba de pensar no Abominable Home das Neves, no que os nepaleses cren firmemente, mesmo a xente culta. Tentaba imaxinalo coa figura de diferentes homínidos prehistóricos.

Verdadeiramente naqueles países, o marabilloso —o que para nós é marabilloso, entendámonos— forma parte do máis inmediato e gris cotián. Polo que para a xente do noso mundo peregrinar a eles é como facelo ás cortes do rei Artús ou de Harún Al-Rashid. Anque iso non queira dicir que todo sexa amable, lonxe de tal. Tampouco o era naquelas cortes míticas. No Nepal, por exemplo, país eminentemente guerreiro, hai —penso eu— un excesivo culto á deusa Kali (a imaxe negativa de Parvati, dona de Shiva, deusa da crueldade, da morte, do horror), o que dá lugar a ritos sanguinolentos impresionantes, a un dos cales tiven a emposta de asistir (sacrificios masivos de animais para irrigar co seu sangue a estatua insaciable da deusa). Doutros faláronme de abondo (como os que dan lugar á elección da deusa viva, a nena que se considera encarnación da propia Kali, e que só puidemos albiscar a toda présa no seu balcón). Mesmo semella que en lugares afastados e agachados (tanto do Nepal como da India) se adican á deusa actos aínda máis degradantes, se cadra mesmo sacrificios humanos (como noutros tempos facía a secta dos tugs).

Certo, iso representa a antítese das prédicas de Gandhi como do emblema co que a India mesma quere amosarse ó mundo: o xa citado capitel dos leóns, de orixe budista, símbolo da non violencia. Mais este

mesmo capitel semella expresar xa a radical contradicción que o home está na obriga de vivir: a tal non violencia expresada pola imaxe do león, que en tantas culturas representa xustamente a fereza guerreira. Tamén a cobra co seu terrible veleno é á vez sacra e sinistra, donadora de vida e de morte. Abofé, quizais son os mesmos fíos do tempo (que rexe Shiva) como os da nosa carne os que tecen en nós, en canto existe, esa insoluble contradicción. Pero aínda así —e polo mesmo— un quixera crer firmemente no Mahatma Gandhi, sen dúbida unha das máis altas personalidades do noso século, coa súa tola utopía (contradita periodicamente polas loitas de hindús con musulmáns, dos sikhs co Goberno central), como nos propósitos do prestixioso home de ciencia que é o francés Henri Laborit[4]. Certo, coido que paga a pena que un siga a depositar neles a máis apaixonada fe, mesmo se tanta outra xente quere presentala como ridícula, para non desesperar aínda enteiramente do home. Pero se cada vez máis e máis individuos se convertesen a ese mesmo *mito*, ¿non acabariamos todos nós, ou polo menos unha meirande parte, por transformarnos positivamente, mellorando as condicións de vida? Entregarse a aquel fabuloso soño, ¿non significaría xustamente espertar de verdade á máis crúa e terrible realidade do noso tempo?

Moito agradecín ó meu pai que me empurrara a compartir con el esa viaxe que me marcou tan fondamente.

A. R.

4. O biólogo Henri Laborit nega que a violencia sexa innata no ser vivo, fronte á opinión doutro non menos famoso biólogo, o austriaco Konrad Lorenz, que afirma o contrario —o que fai que desde as súas ideas poida mesmo xustificarse o nazismo—. Véxase o meu artigo "Na Apocalipse", *Grial* 121, xaneiro, febreiro, marzo 1994, pp. 88-90.

Israel, notas de viaxe

Xavier Alcalá

Cando me propuxeron viaxar a Israel, comezaron a apelotonarse na miña cabeza pensamentos, vivencias, discusións.

Unha idea que se me repetiu foi que en España todos temos sangue de marrán, e, polo tanto, será de obriga pasarmos pola terra dos nosos ancestros.

Aínda que non teña eu moi claro iso de canto levamos de xudeu os españois. Porque non sei cantos hebreos se foron por orde dos católicos reis e cantos ficaron convertidos. E porque tampouco sei calcular cantos dos xudeus ocultos acabaron marchando presionados pola política de limpeza relixiosa que, se a memoria non me falla, continuou ata os tempos daquel rei desastroso chamado don Felipe IV con autos de fe e fogueiras.

¿A canto me obriga un resto de xenética que non sei calcular?

Quizais a nada...

Tendo apelido estraño —que o bufón de Iria Flavia confundiu con topónimo manchego— hai certa xente que me insistía nunha posible herdanza semítica; que me falaba mesmo de que eu tiña "feitura xudía". O de Alcalá, que soa claramente a árabe, non sei por que diaño a eles lles soa a hebreo; e o da traza fenotípica nunca o acabara eu de entender, porque nas definicións literarias un xudeu era suxeito de testa botada para atrás, nariz grande e aquilino, queixo de prógnata... Só coincido no retrato prototípico en materia de olliños encovados.

De todos os xeitos, e cando xa me dispuña a saír cara a Tel Aviv, facendo repaso da xente que fora coñecendo polo Mundo adiante medraba en min a confusión, porque lembraba xudeus holandeses

altos, loiros e de ollo azul, e "rusos" da Arxentina rubios coma cenoiras, e algún israelí mouro, mediterráneo, oliváceo.

En día de primavera saín da Coruña para Madrid, a coller o avión de El Al, pensando que nisto da *raza* hai moita invención; que o recaste dos xudeus con cada nación de convivencia na Diáspora debía ser tal que eles quedasen asimilados no pobo natural do país de acollida. Que a condición desas xentes non sería externa, de formas de corpo e cores de pel, ollos e cabelos senón de relixión, de pensamento, de xeito de interpretar a vida e as súas realidades.

Saín para unha viaxe de negocios, coa curiosidade de mirar Israel; e coa convicción de que calquera español algo terá de herdanza alá, pero que con máis seguridade lle ha de interesar a Terra Santa por cuestión das raíces do catolicismo en que todos fomos educados.

Nese aspecto, acordoume a obra espléndida de Eça de Queiroz con que me iniciara ós praceres da literatura portuguesa, *A Relíquia*. Revín na memoria as aventuras do sobriño de dona Patrocínio, relembrei o relido (a Eça sempre o releo) e voei cargado de prexuízos: Israel podería ser unha colonia de alguén —se cadra agora dos ianquis— poboada por bárbaros fillos do deserto, e por vendedores de fe, fetiches e abelorios...

NO AEROPORTO DE MADRID

Prepárase o viaxeiro que se dirixe a Israel porque a xornada se inicia con sobresalto. A Israel non viaxa calquera senón a quen deixan montar no avión logo de inquérito que pode ser irritante.

É un aviso. Para quen andou por países bravos e sabe o pouco que alá lle valeu a vida, aínda é abraio o que vai ver e sentir. Nunha selva o individuo pode ser obxecto de cobiza da fera, do salvaxe ou do foraxido; en Israel todo un pobo é obxecto das xenreiras próximas, e quen se arrima a ese pobo comparte ameazas...

No aeroporto de Madrid hai unha expedición de relixiosos, varios cregos, moitas monxas e beatas de saia longa ou monxas semiseculariza-das. Son de Valladolid, levan identificadores co simboliño da empresa que os congregou. Curiosamente, son moitos os que teñen apelido de marrán: nome de pía, non patronímico. Chámanse De Diego (non Diéguez), Esteban (non Estébanez), Jorge, de Juan... Lémbranme unha pintada na capital da Castela a Vella: mancha de aerosol vermello, lenda con rotulador negro, "*sangre de judío converso*", e sinatura de asociación de *cristianos viejos*. En Fachadolid —Pucela para os cultos— hai que facer calquera cousa para matar o tedio...

Tamén queren voar xudeus con capelo e outros con esas levitas espaventosas, negras e insoportables, que dan anuncio da tolemia a que levan os excesos de relixión. Os ortodoxos completan retrato con chapeu de abas grandes e rizos longos, perigosísimos en momento de pelexa infantil. Súan profusamente e recórdanme a tantos que tiña visto, desde Montreal a Tucumán, aparentemente alleos a fríos ou calores.

Todos somos rexistrados, cacheados, explorados, obrigados a mostrar intimidades de lencería. Os funcionarios de El Al insisten en preguntarnos se fomos os únicos en manipular a equipaxe, se hai posibilidade de que alguén nos tivese andado con ela.

Chega o meu turno de vis a vis diante do responsable último da seguridade. Demanda saber a onde vou, quen me espera, cales son a empresa que me reclama e o propósito do encontro. Advertido polos meus anfitrións, ó chegar a este punto, opto por disfrazar a verdade: en Israel, no ámbito da alta tecnoloxía hai moita espionaxe; as empresas controlan os movementos comerciais dos seus competidores.

Non satisfeito coas miñas respostas, o inquisidor retírase ó teléfono e fala a lingua imposible e resucitada da Biblia. Só capto os nomes, das persoas e das empresas. Por fin, di algo colonial e intelixible:

—*O. K...*

Voamos. Sobre o Mediterráneo azul claro, rodeado de terras secas, pardas, con escasas manchas verdes que a brétema difumina.

A comida é prudentiña, e supoño que acorde coas leis talmúdicas. O sono axuda a aliviar as horas breves, feitas contra o sol.

TEL AVIV

Neste aeroporto paga a pena pararse a mirar, esquecida a equipaxe.

Non sei se calificar o que vexo de amálgama ou manicomio; pero si quero rirme dos que en España xogan a atribuír caracteres xudeus ós veciños.

¿Que é un xudeo? Porque supoño que, salvo algúns relixiosos católicos e catro turistas, toda esta tropa infinita, rebulideira, algueireira, faladora en mil linguas, é da caste dos expulsados polos romanos no ano 70 da Era de Cristo.

Vexo soldados —israelís logo, sen dúbida— que poderían ser galegos, flamengos, sicilianos ou etíopes. Do loiro pálido ó negro lustroso hai canto a imaxinación dea...

Logo do divertimento de ollos e oídos, recollo maleta e sigo. Estame a esperar o meu amigo Moxe. Moxe é loirote, e romanés. A familia emigrou para aquí cando el era rapaciño.

Na calor húmida da noite vaime contando a peripecia familiar; e a persoal: como entrou no sistema do ensino, despois dunha inmersión na lingua hebrea que serve para que se entendan xentes sen nada en común, salvo a esperanza de voveren á Terra Prometida.

Pasou pola universidade. Aprendeu telecomunicacións nunha escola dominada, como todo o técnico, pola disciplina alemana dos fundadores e o *know how* dos americanos aliados.

Fixo a guerra, unha guerra que a min me sorprendera estudiando Telecomunicacións en Madrid. Daquela, Moxe aprendeu o que era facer que os sistemas funcionasen para que os avións puidesen destruír o inimigo: para que non findase a historia do país que estaban a construír.

Israel, concluíu a disertación con orgullo, ten que valerse dos cerebros, da tecnoloxía, se quere sobrevivir...

Israel ten un poderoso aliado, o máis poderoso. Dos centros de ensino deste país saen xentes moi cualificadas, que traballan por bo prezo para o país e para o —nunca mellor dito— *Big Brother*. Véxase, se non, como exemplo doado, o centro de desenvolvemento de *software* da Motorola. E non falemos das armas.

Ben. O hotel é como calquera grande hotel do Mundo, un Sheraton. O mar rompe ós seus pés, hai un movemento de patrulleiras que dá seguranza. O Mediterráneo cheira a sal con forza, o cheiro entra no cuarto. Todo funciona. Unha nota advirte de horarios sabáticos e combinación de alimentos prohibidos pola Lei.

Maia, a muller de Moxe, é sefardita. Constitúen un "matrimonio mixto", por raza (ela podería ser valenciana) e por cultura. O pai da Maia aínda fala o castelán traído cos vultos e as saudades desde Toledo a Estambul...

Día de traballo. Tel Aviv acolleu moita xente. Parece —e ten que o ser— unha cidade planificada con présa e construída segundo necesidades, sen vagares históricos, sen luxos. Predomina o formigón visto, e o vidro. Hai arboredo pobre nas rúas, algunha avenida hiperactiva, algún edificio alto, tránsito nervioso, un dirixible que anuncia non sei o que en hebreo, helicópteros que miran e remiran, lanchas rápidas, armadas, polo mar. De cando en cando pasan cazas en voo rasante.

Nun edificio que todo sobrancea, recíbeme don Aarón, a quen concedo o *don* por respecto que el apreza. El é o xefe dos xefes nunha organización que ten como base os diñeiros, bancos na Europa e en Israel. A capitalización leva a outros emprendimentos: agora, o proxecto da empresa é construír redes de telecomunicación, primeiramente onde non as hai, na Europa do Leste; despois, onde se vai liberalizar o negocio e hai posibilidades de actuación, España e Portugal; finalmente, na Iberoamérica en que españois e portugueses nunca serán gringos, xente allea.

Don Aarón é bonaerense, de Palermo por sinal, e fala castelán de xente porteña *bienuda*. Deixou Arxentina hai tres décadas e veuse para Israel a facer país, co convencemento dos homes que están a facelo. Viste ó estilo protómilitar de israelí vello, cunha camisa de colo aberto e tea forte que non deixa lugar á chaqueta.

Cóntame que viaxou unha vez a Santiago con idea de estar un día; pero Compostela engaiolouno e pasou unha semana.

—Santiago é unha cidade mística, como Xerusalén —conclúe; e invítame a coñecer a terra de promisión, a viaxar e ver o que crearon os retornados da Diáspora...

Tel Aviv ten, como todas as cidades, un gradiente de deterioro cara á periferia industrial. Pero aquí, en terra seca, o deterioro nótase máis.

Nos centros de traballo repítense as diferencias de tipos humanos. Fóra vestimentas rechamantes, ataviados homes e mulleres coa sinxeleza propia dos técnicos, nótanse aínda formas e detalles que dividen estas xentes en grupos claros. De cando en cando vexo un tipo que podería ser español (ou se cadra italiano), pido que me digan o seu apelido e teño unha grande satisfacción: Afonso, Machado, Peres... Anúncianme o apelido *Alcalay*, que eu xa oíra á beira lonxincua do Paraná. E danme unha explicación: o subfixo *í* en hebreo indica procedencia. Poida que aquí haxa alguén procedente da vila aragonesa de onde veñen os meus. Poida, pero en España hai dúas ducias de lugares que se chaman Alcalá de Algo...

Á hora de matar as fames, sorpresa. Vanme levar a un asador arxentino.

Imos alá. Xa desde lonxe cheira a churrasco, mais a pituitaria dime que algo falla, ou a leña ou a graxa das vitelas.

Os exasperantes caracteres hebreos deixan paso a algo intelixible: Parrillada El Gaucho. Entramos. Pedimos o menú. Vanme dar un bo viño de Israel, e *asado*.

Chega o asado e non recoñezo a carne. Os meus convivas cravan garfo e coitelo e véxome na obriga de seguilos.

A pituitaria non me fallou. Agora son as papilas as que o confirman: estou a comer porco, afumado ó estilo da Saxonia.

Ante o incrible, Moxe explícame que en Israel hai "granxas experimentais" e que os homes que andan a traballar por aí fóra, coma os meus compañeiros á mesa, teñen licencia para comeren porco (e non morreren á fame en Polonia ou en Hungría, por exemplo).

PAÍS ADIANTE

A calor e a seca marcan todo; a calor, a seca e os fusís de asalto; e o coñecemento tecnolóxico; e os outros, os palestinos cos seus aliados; e

as relixións coma pexas e cangas. Israel é unha especie de campamento de xitanos con tecnoloxía ianqui. Facendo quilómetros, visitando lugares solidarízome co lamento dos xudeus expulsados de España polos reis uniformizadores, domadores e castradores. Aqueles nosos parentes do século XV abandonaban terras amenas, de Ribadavia a Sevilla, das Asturias ó Levante, deixaban un Sefarad de boas vidas, festexeiro, ondé comida en sazón e bo viño danse por seguros.

Volvo necesariamente a Eça, ó que rezuma *A Relíquia*: Israel é un anaco de terras ásperas, inhóspitas, absurdas, hoxe só habitadas por quen fuxiu de ambientes hostís e pinta a emigración de ideoloxía.

Da retina pasáronme ó cerebro imaxes punxentes, captadas durante a viaxe. Non esquezo unha despedida, o beixo entregado dunha rapaciña e o seu noivo nunha parada de autobús. Nada tería de estraño a escena en sociedade que non sexa islámica e represora de efusións amorosas, se non fose porque a rapaza era unha soldada do exército, se non levase un fusil de asalto ás costas e se, na arroutada a que se entregaba, non se lle enguedellase a trenza do cabelo co canón do fusil.

Israel está en guerra, é unha sociedade armada. Quen non leva pistola ó cinto leva rifle ó lombo. O capataz da obra contempla os obreiros palestinos desde a seguridade do seu "nove longo" e os mestres conducen os cativos da escola para o bus, ou de visita pola cidade, cargando coa arma negra e precisa como quen leva paraugas.

Todo son uniformes, de homes e mulleres, e anuncios de asociacións preocupadas polos soldadiños, "que nos dan os seus tres mellores anos de vida".

Se sobreviven, mándanos de paseo. E algúns van á Patagonia, a miraren. Un guía do Chaltén, a montaña máxica dos tehuelches, díxome que estaba farto de xudeus que non sabían montar a cabalo; a hospedeira da aldeíña a pé da montaña díxome que eran unha praga aqueles israelís que mal falaban inglés e a todo lle querían facer rebaixa.

Na versión arxentina e chilena, os israelís pensan nunha "solución final", nunha terra verdadeiramente prometida, non estes ermos tórridos e asiáticos. Os chilenos, presionados polos alemáns que non esqueceron, andan a tomar precaucións.

Moxe, sen embargo, desmente tal "teoría". Dime que non, que o Plano Andinia —a fuxida final á Patagonia— é unha quimera; que tamén se falaba do mesmo para Sudáfrica. Pero non, nada diso...

Tal vez.

Mais, cando nos decatamos, estamos no Golán, fronte ó desexo de vinganza dos sirios. E falamos do capricho maior da natureza nesta parte do Globo: o río Xordán, o dos bautizos evanxélicos.

Velaí a vea de auga, que causa sorriso a quen se criou na Iberia Verde, e causaría gargallada a quen se criase nas Américas.

Nace o Xordán nas montañas do norte, que reciben neve e chaman a atención polas súas lagoas limpas e cheas. Descende das alturas sobre o nivel do mar e vai creando verdores acosados polo deserto, ata chegar ó lago Tiberíades. Hai un momento en que na estrada se anuncia que se alcanzou o nivel do mar, e seguimos baixando, vendo os verxeis cheos de palmeiras e plantas de cítricos. A terra afúndese nunha bacía grandiosa e alá fulxe un lago azul, cor de turquesa, grande mancha de auga, impensable nestas pequeneces de país que logo se anda a pé como un se descoide.

O lago Tiberíades lémbrame os lagos andinos das terras altas e secas; pero este portento da Terra móstrase a máis de douscentos metros por baixo do Mediterráneo. E aínda ha de seguir baixando a auga, cara á nada: cara ó inferno de sal do Mar Morto, auga sen vida, leitosa, verdallenta, na que o corpo aboia estupidamente, sen esforzo.

Israel mantén moitas loitas, contra homes inimigos e contra elementos agresivos; e contra todos á vez, porque a auga é substancia vital, estratéxica, repartida nese capricho xeográfico que determinan o Xordán, o lago da vida e o da morte.

Arredor do mar interior que andou Cristo, *A Relíquia* entra en vigor. Aquí e alá xorden igrexas: onde Xesús pregoou, onde Xesús partiu para pescar, onde... Por todo lado aparecen relixiosos católicos, e mouros pertinaces a vender *souvenirs* con certificado de autenticidade.

Chegamos á beira do lago. A auga está morna, axitada por un vento quente, e limpa. Na ribeira, preto da igrexa da pedra de non sei que treito do Novo Testamento, sinto falar castelán con modulacións do Caribe. A escena é propia de película española ou italiana. Fellini teríame agradecido os datos: un bispo, tres cregos e unha ducia de monxas, no máximo da inspiración participan nunha orxía evanxélica. O señor bispo, o pantalón mollado ata os xeonllos, vixía o rabaño. Cregos e monxas báñanse nas sacratísimas augas mentres rezan o rosario entre gritiños de ledicia. *Clergymans* e hábitos péganselles ó corpo. Hai algunha monxiña nova que podería inspirar escultores.

A cidade de Tiberíades é todo un rebumbio comercial, turístico, reducido a xudeus: hai israelís de toda laia, algún narigudo, de caricatura quevediana; e ianquis co capelo, a demostraren que practican a relixión alén da charramangada da súa vestimenta; e rusos, que tocan calquera instrumento, calquera melopea, por calquera miseria de moedas collidas ó voo.

Os rusos son un problema. Os verdadeiramente xudeus, unha chea deles, porque hai que aloxalos e darlles traballo. E os que non o son, porque hai que botalos.

Hai moita puta rusa, que falsifica papeis e vén aquí practicar o negocio, cando é cristiá vella e nunca entrou nos ritos xudaicos nin sabe deles...

Nazaret e Belén cansan e confunden con tanto barroquismo de adornos arredor dos "fitos da Tradición". Pedras famosas, covas de sona nos Evanxeos foron cubertas e envolveitas, fixéronselles templos e altares, viñeron tomar conta deles cristiáns fidelísimos e celosísimos: católicos, armenios, ortodoxos, coptos.

Un acaba farto, con ganas de rir de tanto sacerdote fetichista, de tanto amuleto que asustaría a Erasmo. Hai que preguntarse que pensarían disto —como o imaxinarían— os cregos que nos daban a malleira co catecismo, que nos explicaban as vidas de María, Xosé e o Neno, tan cheas de poesía. Vilas de palestinos musulmáns desvirtúan os soños dos católicos de Occidente. Os cruzados non puideron loitar contra os poderes naturais da zona: os do pobo non hebreo, o dos sarracenos, o dos turcos inimigos da Cruz.

Un, vendo terriñas tan pequenas e tristes, lugares de catro cabras e un pastor a tanguelas, pregúntase necesariamente quen sería Cristo, quen foi o suxeito capaz de armar a que armou. E acaba concluíndo que se cadra foi un tipo necesario na circunstancia acertada, masoquista con anticipación que logrou un espantoso efecto.

Belén despídenos con algo tamén barroco e charramangueiro, pero xudeu: a tumba de Raquel. Dous soldados, metidos en anos, falan inglés perfectamente ianqui. Son americanos e gardan a entrada ó lugar cheo de devotos, algún con uniforme, o capeliño distintivo da fe a substituír o gorro de regramento.

Os ianquis inmigrados podían estar gardando unha barricada, metros adiante, lugar de control para os palestinos (os coches dos israelís teñen matrícula distinta á dos vehículos dos veciños, para axudar no traballo de control).

XERUSALÉN

Non quero desilusionar a don Aarón, pero Xerusalén é unha pobre cousa en relación con Compostela. Santiago é filla da coherencia, da uniformidade no credo, da seguridade no milagre único que xustifica todo, mesmo a ansia europea de ir procurando o Finis Terrae, as beiras do Mar Tenebroso tras do que vén o Nada. Xerusalén é unha barafunda dos diaños, lugar onde estivo o Templo da relixión do Pobo Escollido (para poboar a Terra Prometida por Deus directamente), a capital en tempos da dominación romana onde tivo lugar a Paixón de

Cristo, que para uns é o Mesías e para outros un farsante; e, por se fose pouco, ten un curuto desde o que Abrahán subiu ós ceos (no cal están de acordo xudeus e musulmáns) que coincide co punto onde se lembra a viaxe que ata alí fixo Mahoma desde A Meca.

Santiago é un lugar de peregrinaxe de cristiáns de toda a Europa; Xerusalén é territorio de imposible convivencia entre tres relixións que a teñen por destino.

A tensión está no ambiente. As armas chegan ata o Muro das Lamentacións, fronte ó que homes e mulleres andan á parte, nunha mostra de primitivismo que ten graos: nisto da discriminación por sexos, os máis bestas son os mahometanos; despois veñen os xudeus; despois, os católicos (os anglicanos e demais protestantes seica xa teñen sacerdotisas).

En calquera momento, un palestino enlouquecido pode pór unha bomba ou matar a puñaladas a quen non lle pareza dos seus. Por iso hai fusís á vista, ó colo de calquera, con uniforme ou sen el; e outras armas que non se ven...

Paseo pola Vía Dolorosa. Os cristiáns son morbosísimos. Adoran un deus crucificado, sangrante. Os romanos eran uns brutos, torturaban a xente con suplicios perversos, atroces. Eu aínda non entendín que lles fixo Xesús de Nazaret para que o crucificasen e vinte séculos despois aínda teñamos que andar con cousas tan desagradables (mesmo facendo o negocio dos anaquiños do Santo Madeiro tan ben descritos en *A Relíquia*).

Paseo polos restos romanos. Os israelís fixeron un bo labor de relevamento de ruínas; e construíron casas con "estilo xudeu" para que a súa capital gañase espacios; para modificaren porcentaxes de poboación; para que o árabe pesase cada vez menos na demografía.

Paseo polo barrio árabe. Os mouros danme noxo. Son uns porcos integrais. Estas arcadas e estreituras de Xerusalén repítense por todo un mundo explosivo, armado coa máis poderosa arma: a bomba poboacional. Os musulmáns han de acabar co mundo limpo de Occidente. Creo que os árabes en España deberon ser poucos, como poucos foron os celtas en Galicia aínda que mandaban moito. Eses árabes da Andalucía Feliz recolleron do Occidente a luz, o aire, a limpeza, o que resume a Alhambra. No Oriente son uns cochos. En Xerusalén feden.

O da grande mesquita de Xerusalén é alucinante. Están a cubrir a cúpula con chapa de ouro. Sei que a mandan da Arabia dos petróleos. Alguén me confesa que se os israelís non dinamitan o templo dos inimigos é porque se lles botarían enriba oitocentos millóns de musulmáns...

Baixamos ó Muro das Lamentacións, segunda visita. O muro atrae unha romaxe tan tola coma todo o que se vai vendo nesta cidade sagrada e irrisoria. Cando os israelís tomaron Xerusalén, limparon o

muro de adherencias, para poderen vir lamentarse, eternamente (téñase en conta que hai ortodoxos que non aceptan o estado de Israel porque se constituíu sen ter esperado a chegada do Mesías). Agora un pódese acercar ás pedras do Templo coa condición de pór no curuto da cabeza un capelo, propio ou emprestado, de cartón neste caso. Hai suxeitos rabínicos que miran porque ninguén (ningún varón) se achegue ó muro coa cabeza descuberta.

Fronte ó Muro das Lamentacións aparecen infinitas criaturas a comportárense con signos de demencia: levan coma caixiñas negras amarradas á fronte cunha fita; e unha man envolta en fitas negras; e panos alongados, de raias, botados polo lombo malia a calor. Uns cabecean diante dos pelouros ciclópeos, e tócanos, mentres len algo en libros sagrados; outros andan con rapaciños ás voltas, con rolos de papel, tamén sagrados, que lles fan ler ós iniciados. Desde fóra, alén dunha barreira, mulleres acompañan con gritiños a cerimonia de confirmación relixiosa dos rapaces. O muro está pragado de papeis con mensaxes que se introducen entre as pedras. Os fieis saben para o que.

Cada relixión ten os seus absurdos, mantén os seus sacerdotes con axuda dos estados. Aquí, en Xerusalén, nótase a densidade de rabinos, que viven para a relixión, en labores tan importanes coma as de certificaren se o sacrificio dos años se produce segundo cánones...

Xerusalén, *Ieruxaláin* na pronuncia deles. Escoito unha discusión en inglés, nun restaurante coa cidade ó fondo, branca, cor de óso. Un home novo asegura que a "autodefinición nacional de todos os xudeus baséase en Xerusalén". Unha muller vella discrepa. Di que para ela a autodefinición nacional se basea en Auswitz. Levanta a manga da camisa e mostra un número tatuado.

En Xerusalén hai un Museo do Holocausto. Se brutos eran os romanos, os alemáns non eran tal; eran verdadeiramente dementes. ¿Como se poden concibir tantas barbaridades coma as que fixeron cos xudeus?

Mesmo como os cristiáns teñen a Cristo coa axuda dos romanos, os israelís teñen millóns de correlixionarios coa axuda dos nazis (¿ou de todos os alemáns, consentidores?).

EPÍLOGO

En Israel non atopei nada que me conduza ás miñas raíces, ou tal vez esaxere. Dito doutro xeito: o que vin non me inspirou acerca das raíces cristiás da miña educación. Reafirmoume no acerto de Eça con *A Relíquia*: a Terra Santa non soporta a crítica. É un esperpento.

E o país é como un campamento, algo levián, disposto a ser levantado. Está infinitamente lonxe da solidez das construccións europeas e americanas...

Volverei a Israel cantas veces me obrigue o traballo a facelo; pero non hei ir pola miña conta: porque o risco é grande e non produce pracer. O asentamento israelí, protexido con armas propias e do *American Globocop,* está rodeado de desertos e nacións inimigas. Dá medo, e non divirte.

Non divirte, cando a diversión é o principal, e o Mundo demasiado grande.

Como dicía William Hudson, é preferible morrer vadeando un río que de apoplexía sobre unha mesa. A el non lle importou arriscar a vida nas vastidades do sur arxentino. A min tampouco.

X. A.

Parsifal Express

Arturo Leyte Coello

A historia do "afastado oeste" legounos, seguramente por última vez, a expresión dunha metáfora de sempre diverso e incerto sentido, a da fronteira. Na construcción do ferrocarril, levando sempre un paso máis alá unha fronteira por definir, no intento de anular propiamente a realidade dos límites, como correspondía a unha democracia de vocación imperial, evidenciábase un dobre e terrible sentido: cara a adiante o avance dos camiños de ferro definía a fronteira histórica entre o humano e o salvaxe, un avance inevitable cun obxectivo final que soamente podía ser anular o sentido do salvaxe implantando homoxeneamente a técnica igualadora; cara ós lados, a implantación da vía férrea trazaba como fronteira unha ferida na natureza, dividindo en dous lados unha vasta unidade que a partir dese momento só podía ter o sentido da civilización. O ferrocarril anulou o límite mesmo da natureza ó tempo que reducía a realidade mesma da fronteira. O ferrocarril anulaba en América do Norte, inxenua e cruelmente, toda diferencia, discorrendo por un territorio non marcado previamente pola historia.

En certo modo, América iniciaba o camiño inverso dunha Europa sepultada polo peso da historia e marcada pola tradición. O vasto territorio sen límites dun continente que remataba no océano, opoñíase o fragmentado espacio histórico dunha Europa que mesmo fixera dos mares un espacio político máis, unha zona subordinada á historia. E esta historia da Europa ateniense e romana é a que culmina xermana e eslavamente entre a Revolución Francesa e a I Guerra Mundial, nese incrible e terrible século XIX que viña recoller desordenadamente en toda a súa incerteza e escuridade as concepcións políticas, os sistemas

científicos e as técnicas dun longo pasado dó que, por outra parte, tamén abrollaban suxestións inefables e mitos nunca desaparecidos.

Do século XIX xorde, se cadra literariamente, a realidade de Mitteleuropa vinculada no seu sentido a un enorme crisol no que aparecen envoltos e revoltos a un tempo a ciencia, dominadora da natureza, e o espírito, organizador da liberdade. E na súa expresión subxectiva, a técnica aparece como unha simbiose desas dúas instancias e, daquela, como o máis poderoso instrumento de unificación. Por riba das fronteiras históricas, o ferrocarril como órgano supremo desa técnica, vinculou Europa por riba dunha complicada xeografía, expresando o supremo poder e o predominio efectivo da técnica sobre a política. Co ferrocarril avanza a democracia facendo da viaxe un acontecemento propio de todos os cidadáns. Certamente, coa democracia tamén a guerra se mundializa e se estende a todos os ámbitos, pero principalmente ós das cidades. Tampouco o ferrocarril é indiferente a este movemento e vén recoller a Centroeuropa o testemuño do que representou a navegación no Mediterráneo. Mitteleuropa non existiría sen os camiños de ferro e as cidades europeas terían outra fasquía de non existir o ferrocarril que as penetra ata o seu centro. En certo modo, o tren conseguiu sen reflexión política, de forma inmediata, algo case imposible: vincular as cidades por riba dos estados. Nietzsche viaxa desde Leipzig —apeándose do tren unha tarde en Karlsruhe para escoitar unha ópera de Wagner— a Xénova sen que iso signifique ir de Alemaña a Italia. Einstein viaxa de Viena a Praga e Berlín e Luckács de Budapest a Viena sen sentir a fronteira política, senón a diferencia singular das cidades.

Unha estación de ferrocarril dunha gran cidade alemana devén, para o que pasea polas súas plataformas, repertorio de toda a historia cultural de Centroeuropa: dos poetas ós músicos, pasando polos pintores ós personaxes literarios, a historia do espírito reflíctese "nominalmente" dun xeito suxestivo nos sobrios carteis pendurados no exterior dos vagóns-carruaxe que describen os traxectos dos ferrocarrís. "Heinrich Heine" lévanos de Múnic a Berlín, "Friedrich Hölderlin" de Stuttgart polo Rin arriba ata Bremen e "Albrecht Dürer" de Núremberg a Hamburgo. Pero tamén o nome de Schubert circula cortando o vento unindo paisaxes bretemosas, invernais, na procura dunha nova cidade na que se gorecer. En certo modo, estes personaxes da literatura ferroviaria son os equivalentes dos mascaróns de proa daqueles barcos que sucaban océanos fuxindo sempre do naufraxio. Aquí o mundo do espírito histórico supliu a materia escultórica dos mascaróns e detrás dos nomes aparentemente iguais agóchanse os universos da cultura que aparecen como estandartes dunha técnica que aínda ten rostro humano. Seguramente o ferrocarril constitúe unha fronteira na historia non xa das comunicacións senón da civilización, establecendo un límite

infranqueable da técnica: culminación dunha forma de entender a máquina a escala humana antes de que o automatismo irrompese introducindo cada vez máis pequenos elementos electrónicos que escapan ó ollo do cidadán. Alberto Durero podería ter utilizado sen maior sorpresa o ferrocarril para ir de Núremberg a Múnic, seguramente con maior confianza estética que a que lle podería producir unha autoestrada que comunicase as mesmas cidades. Hai nesa dimensión estética aínda un elemento que vincula ó individuo e á comunidade e que soamente queda preservada polo ferrocarril, o mesmo que esa mestura de liberdade e destino contido nos raís que necesaria e ineludiblemente conducen sen embargo a mundos de liberdade. Porque o automóbil que nos conduce libremente a calquera lugar por calquera ruta quizais soamente alcance destinos dos que ten desaparecido unha cultura libre, enfrontándonos quizais á liberdade do propio traxecto, dun traxecto neutral e homoxéneo, a unha liberdade para nada.

Collo o tren en París, como tantas veces, para chegar á altura do Rin na cidade de Colonia. Subo no expreso Parsifal e non deixo de revivir en cada ocasión todo o mito e a música asociada xa ó mundo da viaxe polo que tamén se desenvolvía o heroe mítico e o artista Wagner que o elevou a ópera musical. Só o movemento entre dúas cidades, por riba dos países que viviron enfrontados pola guerra, me encara coa realidade de Europa como espacio histórico constituído por cidades que deixaron atrás a dimensión de aldea para se converteren nunha retícula imposible sen todos os seus elementos. ¿Que será das cidades polas que non pasa o tren?, pregúntome, pensando nunha xeografía desartellada humanamente ou unida arbitrariamente polos automóbiles. O tren en Europa é só a consecuencia dunha cultura que pensou dese xeito o espacio xeográfico, é dicir, que o pensou artellada, historicamente.

Mentres o expreso circula a esa tranquila velocidade que lle permite a gran chaira centroeuropea, semellándose a un navío navegando con bonanza; mentres percibo o frío exterior como silencio, imaxinando ese violento e á vez suave contacto das rodas metálicas cos raís que reproduce tecnicamente o choque de dúas forzas naturais, penso como a civilización organizou esas rutas que vinculando a guerra e a paz configuraban unha historia estraña á natureza. Podería estar subido ó tren que se dirixe cara ó leste como soldado de Napoleón, antes de que existise o ferrocarril, ou como voluntario dunha guerra mundial dirixíndome a unha fronte onde bruscamente en 1914 se interromperon os camiños. Pero tamén como traballador, estudiante ou profesor que anda na procura cara ó leste dun principio. Pero tamén como víctima, que aínda non o sabe, engruñada nun convoi que ten por destino, no matadoiro de Mitteleuropa, unha das fábricas da morte estratexicamente situadas.

Non existirían as cidades europeas tal como hoxe son de non existir o ferrocarril. En certo modo, antes de que fose construído industrialmente xa existía nunha mentalidade que concibira os camiños e as relacións como parte inherente ós elementos fixos, á posición das cidades, a sabendas de que estes só existen dialectalmente no horizonte da totalidade. A este respecto, París constitúe certamente un paradigma, pois en certo modo é a única cidade que ten historicamente catro puntos cardinais: as súas estacións apuntando todas ás direccións xeográficas dan idea da complexidade e riqueza de Europa. Londres ó oeste, España e África ó sur, Bruxelas e Holanda ó norte e ó leste Estrasburgo e Múnic, son puntos de destino que se poden elixir desde a urbe parisina. O tren que collo fai a súa primeira grande escala en Colonia, pero o seu destino é Varsovia e Moscova a través de Berlín. Eu alcanzarei só Varsovia, xa de noite. É o ano 1987. O tren conduce ó viaxeiro a través do bloque "comunista". A chaira polaca desde Berlín ata Varsovia, pasando pola fronteira de Fráncfurt do Oder, presenta un aspecto que de seguro non difire do que podería ter un século antes, ou quizais máis. Chéganse a entender aquí, nesta indefinición xeográfica, as migracións e a pugna humana por erixir una fronteira onde a xeografía puxo soamente un río. Tal é a razón humana, que segue na teima de demandar o concurso da natureza para trazar un límite cando os humanos xa perdimos para sempre a natureza. O Leste, non en tanto, segue a constituír ese límite desacougante e inexpugnable de onde pode vir definitivamente a ameaza. Pero atravesando a ameaza, o pacífico ferrocarril, mellor que Napoleón e que Hitler, alcanza Moscova. ¡Mágoa que o poder estivese en Europa sustentado polos políticos e non polos horarios de ferrocarril! Os políticos e militares, empeñados en deter trens ou ateigalos de soldados e armas para o combate. Abandonarse ó diálogo dos trens e ós seus vaivéns, penso, cando o tren me abandona unha fría noite na aterecedora e crúa estación de Varsovia, modernísima segundo os cánones do realismo socialista. Ten sorte o tren que abandona a cidade de Varsovia, convertida nunha aldea de sabor feudal e coches oficiais que se deteñen ante impoñentes hoteis de formigón dos novos barrios. Mentres, abaixo, respira o que queda da cidade destruída polos alemáns. A penas unha vila que parece un aburrido campamento militar, e non pola vixilancia dos soldados, senón pola actitude duns cidadáns desentendidos do destino da súa comunidade, por uns cidadáns de brazos cruzados.

Varsovia bríndame tres posibilidades, tres direccións, descontando a que me trouxo: cara ó leste Moscova, cara ó norte Danzig, cara ó sur Katowice e, máis lonxe, Cracovia. Pero condúceme unha amiga polaca, anfitriona que vive en Alemaña e fai con esta viaxe, á inversa, a historia que desterrou a súa familia da Polonia alemana. É obrigatorio, xa que logo, elixir o norte ou o sur, Danzig-Katowice, para recalar nos territo-

rios alemáns ocupados antes da II Guerra Mundial. Ela persegue un fantasma familiar, eu familiarizarme coa estraña Polonia. Varsovia continuará sendo nos próximos días a cidade sobre a que pivotará a viaxe. Deixo Moscova para Napoleón e Hitler, viaxeiros anteriores cara a unha Europa imposible. A miña modestia de observador procura dous escenarios: ó norte, o lugar onde soaron en Danzig, barrio de Westerplaten, os primeiros disparos da última guerra e ó sur, a aldea de Osviecim, entre a industrial Katowice e a fermosa Cracovia.

Un tren rápido circula con frecuencia polo corredor cara ó mar da industriosa e estaleira Danzig. Por todas partes, aquí, signo desa "Solidariedade" constituída segundo a mítica historia das catacumbas baixo o imperio romano. Por todas partes, rastros e lembranzas de mártires traballadores, mesturando estrañamente unha estética proletaria e elementalmente católica: altares construídos con elementos industriais e nomes pintados nas paredes lembrando os mortos. Da antiga cidade burguesa e mercantil só queda a magnífica rúa outrora chea de artesáns e comercios que lembra o poder e a autonomía das cidades hanseáticas, ás que tamén pertencían as importantísimas Bremen e Hamburgo. O mar Báltico, como un contramediterráneo cheo de gris chumbo e frío, volve lembrarnos cómo foi posible a historia malia o peso da natureza. Tamén aquí, na non afastada Königsberg, aínda máis ó leste, pensou a filosofía por cabeza de Kant nunha Ilustración moderna, continuadora daquela grego-socrática. As brétemas do Báltico só impiden á visión ós cegos, de igual xeito que a luz mediterránea non garante a intelixencia. Pero si é certo que unha loita contra a natureza, contra a escuridade, contra o frío, erixe como necesidade unha orde que imprime outro selo a estas comunidades, se cadra herdadas da disciplina da antiga tribo, e tal era a orde que ou era respectada ou significaba a morte. Pero Danzig é o exemplo da comunidade que se fixo libre no seu tempo garantindo as comunicacións: as cidades libres sempre están expostas a caeren absorbidas en mans de máis dun estado que sempre será igualitario coas súas fillas as cidades. Na Modernidade, o principio abstracto do Estado impide a singularidade da cidade, que ten que someterse racionalmente a unha lei e a un reparto nacionais. Entendo aquí, no marco de Danzig, os dous polos: o destino do Estado moderno, na súa esencia, abstracción que busca desesperada e imposiblemente a singularidade, e a condenada singularidade das cidades, sentenciadas á morte histórica que fará delas pezas de museos para visitantes aburridos do Estado. Escápaseme esa dimensión da nación que busca unha unidade por riba do territorio cidadán, pois a nación apela a valores que xa non teñen que ver coa lei e a razón. O tren que unía cidades segue discorrendo por uns Estados que se abren ás súas vías aceptando sen censuras a viaxe, a instalación e o desprazamento cidadán.

Hoxe sei que "Solidariedade" conseguiu o seu fin, aproximadamente, e que xa desapareceu aquel afán e devezo de liberdade vinculada á parafernalia relixiosa. Sorpréndome lembrando a miña viaxe en tren, xa de volta cara a Varsovia, o meu escepticismo por unha liberdade vinculada a aquela estética e cómo pensaba na contaminación da historia, na liberdade sempre contaminada dunha fealdade que arrastra o gran río da cultura europea ó lado de máximas e singulares expresións de beleza. Pero, ¿será verdade, daquela, que a beleza e a liberdade son dimensións accesibles para o individuo que está só e non para unha comunidade? O intento por regulalas levou á catástrofe. E Varsovia volve a aparecérseme como un relato da catástrofe estratificada: arrasada a vella cidade, con ela desapareceron vellos costumes e a desidia invadiu, imaxino que como protesta calada pero tamén humillante para o que a exerce, todos os servicios. Imposible ser atendido en restaurantes baleiros "por estar todo reservado" ou "haber moita xente". Os hoteis, a onde ó empardecer recúan os mandaríns de coche oficial e nunha atmosfera de moitas décadas atrás se atopan con mulleres máis ou menos alugadas para a cea e o baile, négannos o acceso para cear. Inútil proclamarmos a miña compañeira e mais eu a nosa profesión de xornalistas occidentais, pero esa mentira unida a un desastre deunos tristemente de cear: un avión polaco en ruta comercial estrelábase esa mesma tarde no aeroporto de Varsovia. A noticia que acaba de chegar ó hotel, modifica a actitude dos sorprendidos camareiros como se enxergasen xa na nosa enfurecida proclama de xornalistas a cobertura informativa do accidente. Sen cubrirmos esa información e desolados, volvemos á estación central á espera do noso expreso para Katowice, a industrial cidade das tantas veces arrebatada Silesia. A viaxe retrásase varias horas cando o tren se detén á altura do lugar onde se atopa o famoso mosteiro de Chestojova: varios convois militares, decenas de vagóns ateigados de tanques rusos manobran en estacións descampadas neste mencer polaco. A liña que une Varsovia co sur non ten a calidade nin o tratamento da que conduce a Danzig, xeralmente ocupada polos comerciantes e homes de negocio que utilizan os rápidos e cómodos trens. Hai tamén unha Polonia rica e outra pobre, unha burguesa e a outra proletaria. En Katowice, a sucia cidade do carbón e a minería, nuha paisaxe desolada, esta vez por unha natureza destrozada, facemos escala solicitados pola hospitalidade familiar dos polacos alemáns que se quedaron na cultura do Reich pero nunha terra estraña que acabou por absorbelos nas actitudes sen transformar unhas raíces que se proxectan cara a fóra como soberbia por non seren polacos. Personaxes sen historia na incerta terra de ninguén, soñando cun novo Reich alemán que lles protexa a súa vellez.

Horas antes, cando o tren se detivo ó mencer e ante a visión gris dos tanques, envoltos nas súas fundas fantasmais, representei outra viaxe,

unha viaxe de índole ben distinta a esta de turista que agora me leva a observar (por non falar, avergonzadamente, de axexar): o que conduciu en "trens rigorosamente vixiados" por esta mesma e outras rutas a milleiros de cidadáns europeos a unha capital expresamente construída para eles. Refírome á que tamén é motivo e destino da miña viaxe, a aldea de Osviecim, máis coñecida polo seu nome alemán Auschwitz. Entre a dura Katowice e a preciosa cidade de Cracovia esténdese "a cidade" de Auschwitz-Birkenau, accesible desde todos os puntos de Europa por un perfecto ferrocarril posto ó servicio da política industrial do exterminio. Desaparecido o horror e as víctimas, Auschwitz recibe hoxe o visitante convertida nun museo que representa —e aí radica o máximo horror— a expresión perfecta da cidade, coas súas aliñadas rúas, as súas fábricas, os seus centros administrativos, as súas comunicacións, incluída esa "Hauptbanhof" tan querida polos cidadáns centroeuropeos que a habitaron, fosen verdugos ou víctimas. En realidade, o máis espantoso de Auschwitz é que foi unha cidade, se ben unha cidade final, na que non había nacementos senón exterminio. Esa impresión transmítese desde o primeiro momento, nada máis adentrados por unha guía no gran salón de entrada do museo: alí nos recibe un gran mapa de Europa, sen os nomes das cidades, senón só representando as grandes liñas rectas ferroviarias que desde Hendaia, París, Amsterdam, Hamburgo, Riga, Moscova, Atenas, Roma, conducen seguindo unha inexorable liña recta ó centro de Europa, á súa capital, nomeada en grandes letras AUSCHWITZ como única palabra dun mapa mudo do que desapareceron os nomes históricos, as capitais libres deixando o seu lugar á única cidade que como capital de Europa concentra e irradia a un tempo a orde suprema. Contemplando esa orde e a limpeza das rúas do actual museo, un imaxina aquela hixiene administrativa que seguramente fixo desta aldea un territorio capaz de albergar unha gran metrópole no marco dunha gran limpeza e organización. Tense dito moitas veces cómo o máis ruín asociado a Auschwitz sexa quizais esa orde da que mesmo desapareceu a expresión da morte, substituída pola realidade da aniquilación desindividualizada. Morren os individuos, pero nesta cidade o traballo era a industria da morte cuantitativa: o principal era o mecanismo e o cálculo necesarios para tratar industrialmente unha materia prima chamada "humana" e convertela en refugallo para evidenciar en certo modo a supremacía do medio técnico de destrucción (o gas químico, o forno metalúrxico) por enriba dos seus resultados. Non é ocioso pensar se esta forma de entender a cidade non é unha consecuencia dunha cultura que fixo prevalecer o método por riba das cousas, o procedemento por riba do logrado, o formal por riba da realidade. Non é ocioso reflexionar sobre se a historia posterior non é en certo modo herdeira daquela culminación urbanística de Auschwitz

que concentrou todo o saber científico, técnico e informático, todas as comunicacións a prol dunha tarefa que puido parecer normal a outros millóns de cidadáns herdeiros dunha gran cultura. As cidades, como expresión culminante do espírito humano, atopan en Auschwitz o modelo de contra-cidade no que se ver reflectidas. E a contra-cidade é como a imaxe metafísica da cidade, o seu alén e, quen sabe, o seu motor, porque á vista do novo mapa de Europa que sitúa a Auschwitz como capital, un chega a preguntarse se a historia non funciona secretamente por debaixo do continente real. Cómo non lembrar aquel lúcido texto do novelista M. Tournier que sintetizaba este sentido: "... a rede de campos de concentración formaba un mundo subterráneo sen relación —agás accidental— co mundo superficial dos vivos... preto dun milleiro de vilas, aldeas e lugares formaban un mapa xeográfico infernal que subtendía o país e que tiña os seus centros privilexiados, as súas capitais, pero tamén as súas subprefecturas, os seus nós de comunicación, os seus centros de selección. Schirmeck, Natzwiler, Dachau, Oranienburg, Theresienstadt, Maurthausen, Stutthof, Lodz, Ravensbrück... Pero ningún brillaba con tan escuro resplandor como Osviecim, a trinta quilómetros ó sudoeste de Katowice, en Polonia, que os alemáns chamaban Auschwitz. Era o Anus Mundi, a gran metrópole da abxección, o sufrimento e a morte, cara á cal converxían os trens de víctimas desde todos os puntos de Europa".

¿Desapareceu a cidade de Auschwitz ou esténdeuse e impúxose como modelo definitivamente por debaixo do mapa oficial de estradas e liñas férreas? Mentres visito a fermosa Cracovia, moito máis amigable que as súas cidades irmás do norte, e a vista dunha das rúas máis descoidadas, máis sucias e cheas de contraste, matino naquela imaxe atemporal e eterna que transmite o ordenado urbanismo do campo de exterminio, que nunca tivo contraste, que nunca tivo tradición, historia. A substancia que conforma as cidades é esa historia, sen a cal o curso do tempo devén un mecanismo ordenado, ineludible e diabólico do que desapareceu a posibilidade da decisión e do diálogo, desapareceu o que chamamos historia.

Regreso en longa viaxe de ferrocarril, atravesando a antiga Checoslovaquia, a Viena, moi de mañá, onde collo o tren cara ó meu destino e a miña casa naqueles anos, a fermosa cidade de Múnic. Anticipo no cómodo e tranquilo expreso todos os seus recunchos, a súa historia, a súa música, como a cara máis rica desa Mitteleuropa que concentrou nas súas rúas toda unha longa tradición da arte e da ciencia. A única dúbida é se en definitiva esa cultura foi tamén a que produciu a contrahistoria de Auschwitz e Dachau. Cando o tren alcanza as plataformas da estación central de Múnic e volvo a contemplar todos os expresos cos seus magníficos nomes —agora aparece "Beethoven".

"Lessing" e "Goethe"— volvo a deixarme abraiar, porque ademais vexo como o meu tren que vén de Viena continúa a súa viaxe a París, prolongando unha ruta que non ten final, senón que se concentra en círculos, en círculos de tradición e historia, sobre Europa.

A. L. C.

Un galego na corte do rei Artur

Suso de Toro

Tanto mar. A un exército que atravesase o mar para atacar Inglaterra, de non ser bravo, iríaselle encollendo o ánimo na viaxe, pasoulle á Armada Invencible. A viaxe por mar, aínda hoxe con navíos máis rápidos, fainos vivir a experiencia radical de ser unha illa. Toda a debilidade, a pechazón, unilateralidade, rixidez inglesa e toda a súa forza, esa teimuda determinación, ese orgullo de ser quen son, vénlles desta viaxe por mar que agora facemos e que non se pode esquecer. Aínda que hoxe sexa posible chegar en avión ou polo Túnel da Mancha, a viaxe ó Reino Unido debe facerse en barco, senón non entenderemos a Inglaterra. Porque o mar existiu e existe e alén do Mar, ó norte, está Inglaterra, a illa.

Chegamos a Plymouth, escondedoiro de Drake e porto de onde partiu o barco Mayflower —os primeiros ingleses que ocuparon terra en América—, coa emoción de chegar a un continente, cando en realidade vimos do continente e chegamos a unha illa. Iso é o que ten a viaxe por mar, que prepara os espíritos febles para seren conquistados por aquilo que ían conquistar.

Se Plymouth tivese un alcalde "hortera" como abondan por onde eu sei, xa tería argallado algo para desfigurar o aspecto de porto con algunha monstruosidade de cemento diante, seguramente encargada a Bofill ou a calquera outro prosma profeta da "mediterraneidade". Pero esta cidade está orgullosa de ser o que é, un porto, e por iso conserva a súa alma e a súa gracia, cun barrio antigo moi fermoso, como adoitan a ser as cidades inglesas. Un redescobre de seguida as fermosas bicicletas que usan os europeos, non esas bicis de monte que pululan por España, outro signo da derrota da civilidade a mans do montesío,

senón bicis para andar pola cidade, bonitas, prácticas, con luz, campaíña... E no mesmo barrio unha tenda de coiros para usos eróticos, disciplina inglesa, e un par de adiviños que len as mans, unha das paixóns desta xente.

Antes de subir ó coche entro nunha igrexa anglicana, ó entrar xa me agardan as fotos sorrintes dos sacerdotes e sacerdotisas da parroquia e un pequeno mostrador que ofrece banderíns, bolis, libros... Teñen un de "oferta especial" titulado *Cando Deus interrompe.* Unha vez que abandonei a verdadeira relixión, como é sabido é a católica, non me vou converter á destes xentís, pero inspírame simpatía esta relixión tan cotiá que che fai descontos, tan humana. Aínda que a verdade, en asunto de relixión se algo buscase sería o divino, non o humano.

Desde Plymouth, se viramos á esquerda, percorremos Cornwell, Cornualles, fermosísimo país todo el que non defrauda. No extremo, os ingleses teñen un curioso santuario ó que algúns peregrinan a pé ou en bici, o Last End, o equivalente dentro da súa illa ó noso cabo de Fisterra, que é o final do Camiño de Santiago. O caso é que, se cadra debido á ruptura con Roma e á formación da igrexa anglicana, eles fixeron este camiño iniciático propio. Pero vou cara a Londres atravesando o país.

As autoestradas son boas e abundantes. Ademais son de balde, e isto non só o agradece a economía doméstica senón a civilidade; non pode ser que por viaxar polo teu país teñas que pagar a ninguén, nin ó Estado nin a unha compañía. Tamén son cómodas, aínda que estreitas, as estradas secundarias, se ben nunha viaxe de cen quilómetros podes ter que arrodear corenta rotondas, que ordenan moi ben os cruzamentos pero son unha lata ben grande e o lugar onde máis medo pasas conducindo ó revés (que como é sabido é o seu dereito).

As autoestradas, ó contrario que as estradas, naceron cunha finalidade militar, por iso son unha imposición sobre un territorio libre, por iso teñen as súas beiras valadas para os veciños e circúlase por un tubo no que non te podes deter nin desviar... Pero o que chama a atención destas estradas secundarias e rurais inglesas é que se asemellan moito a unha autoestrada, son como un tubo no que non tes sitio para parar e as sebes dos lindeiros da fincas rozan o auto. A famosa campiña inglesa é para mirala sen deter o coche, non hai onde.

Paro en Bournemouth, un lugar de típico veraneo, ó que chaman o Mónaco inglés e un non dubida que efectivamente nos casinos tanto os turistas ingleses como os franceses perdan fortunas e facendas, pero o ambiente é do máis inocente e tranquilo. A diferencia dos lugares de veraneo *in* do continente, aquí estase a gusto, sen empurróns nin agobio de coches e ruídos.

Paseando por un dos seus parques tropezo cunha institución moi británica, a caridade. Vellos e mozos cunhas antigas barcas de feira, moi ben pintadas e moi decoradas, invitan ós nenos a subiren para que os seus pais dean vinte pesos a favor dunha organización de caridade para anciáns. No Reino Unido a caridade está presente en calquera lugar e en todas as cidades e vilas e non se vive como algo incómodo como se vive en España. Mesmo a gran copa de fútbol que se está a xogar estes días chámase "da Caridade". Aquí na illa admítese a evidencia de que hai pobres e necesitados e de que ademais do Estado todos poden e deben facer algo polos necesitados, de modo que nas organizacións de caridade están implicadas persoas de todas as ideas e condicións. A piedade sincera e práctica é do máis inglesa, non en van Amnistía Internacional naceu aquí.

Adormezo mentres fago a pesada dixestión dunha pesada cea inglesa.

RAPADOS, TATUADOS, ESPIDOS E DESCALZOS

Como ese tremendo almorzo inglés mentres o camareiro limpa as mesas cun esprai e unha esponxa. Encántalles a química ós ingleses, eles non limpan, quimiquizan. É lóxico que non aclaren a louza logo de a mergullar en auga con xabón, encántalles que garde ese químico sabor a xabón. Os ingleses adoran a química inorgánica, e supoño que lles disgusta un chisco a orgánica. Por iso non gustan de alimentos que non estean etiquetados e empaquetados, prefiren inxerir marcas.

Volvo atravesar estradas secundarias en medio dun abondoso tráfico veraniego, non hai un só coche continental, e volvo sentir o desacougo de viaxar metido nun tubo estreito entre leiras pechadas, todo o campo inglés é pechado e privado. Para comprender algo deste país hai que fixarse ben nisto e mais no que supuxo a expulsión do campo de moreas de familias campesiñas pobres, que perderon as terras a mans de grandes propietarios e a proletarización de toda esa xente.

O Reino Unido, especialmente Gales e Inglaterra, é un país que contrariamente ó que eles queren crer e queren facernos crer, ten só uns trescentos anos de vida e naceu como unha brutal destrucción da sociedade tradicional e a creación dunha sociedade planificada ata o máximo.

A vetusta monarquía é a cortina que distrae e esconde que esta nación naceu arrasando o seu pasado. O do pasado milenario é unha gran mentira, o feito de que presuma tanto da súa antigüidade demostra que están agobiados pola súa modernidade sen raíces. E non é estraño que o colonialismo inglés fose tan inhumano logo, pois para formar esta nova nación as clases dirixentes trataron como bestas ás súas clases dirixidas, primeiro campesiños desesperanzados e logo pro-

letarios escravizados. Non hai entrañas máis negras que as deses aristócratas ingleses que van de rosa e branco ás carreiras de Ascot.

Paro nunha estación de servicio. A carón do coche está aparcado un vello autobús inglés dun tatuador ambulante que tamén viña no transbordador, baixan del dous homes rapados e tatuados.

Moi inglés isto de raparse, tatuarse e cravarse pendentes, aros, imperdibles... Encántalles todo o que conleve facerse dano e mutilarse. Non é casual que ó masoquismo se lle chame "disciplina inglesa", a propia disciplina, a militarización, é moi inglesa e o rape militar moi común entre os rapaces. Non desaproveitan modo de tratar con crueldade o seu corpo, disciplinalo na dor. Se hai algo tipicamente inglés eu diría que, xunto á piedade, é a crueldade.

Creo que nesas curas de dor hai a procura de sentir o corpo, de sentilo vivo, como se se desconfiase da súa existencia e se procurase confirmar que segue aí. Viven o corpo dunha maneira distinta a nós, por iso un dos homes do camión anda co torso ó aire, por vivir o seu corpo. Expoñen os torsos ó aire nos parques, buscan calquera ocasión para camiñar descalzos, deixan que a chuvia enchoupe os seus cabelos, as súas calvas. Expoñen os seus corpos ó aire como se acabasen de resucitar. Non sei a qué é debido, pero hai moito de exemplar nisto para nós. Encántame esa familia coa que me cruzo, o pai e os catro fillos, tres nenos e unha nena, co peito ó aire. A nai non, a coitada leva camiseta.

Tamén relaciono co feito de vivir o corpo a vivencia da maternidade. Vexo moitas nais novas. As rapazas inglesas empreñan con moito máis... ¿débese dicir naturalidade? Mentres que aquí a maternidade deviu unha cousa máis rara e complicada, alí as mulleres novas seguen empreñando tan tranquilamente. Seguramente as axude a cobertura do Estado para nais novas, solteiras...

Paro en Winchester, deliciosa e pequena cidade que foi a primeira capital inglesa e onde viviu e cantou Keats e onde viviu tamén Jane Austin. Visito The Great Hall, que é onde din que está, nada menos, que a Mesa Redonda do Rei Artur. ¡Hai que botarlle uns collóns...! Pero, en fin, alí teñen pendurada dentro dunha igrexa unha táboa redonda que parece unha diana. Digamos que é tan certo que alí estivo Camelot e que aquela é a Mesa Redonda como que no monte Cebreiro do Camiño de Santiago está o Santo Grial. A diferencia é que un peregrino pode pasar por alí sen recoñecer isto e os ingleses peregrinan devotamente a ver a súa Mesa Redonda. Fan ben eles, e non nós, aínda que hai algo de excesivo niso de viaxar non pola Xeografía, eles non buscan coñecer o territorio, senón pola Historia. Peregrinan ós lugares históricos para reforzar o espírito nacional e, como é sabido, debe coñecerse a historia

de cada nación, pero coñecendo tamén que esas historias necesarias que argumentan as nacións son literatura, ou sexa conto.

Desvíome a Salisbury, espléndida catedral anglicana con torre de agullísima, e tropezamos de novo co pragmatismo inglés, hai que pagar para ver. Pero paga a pena ver o seu culto a Deus e o seu culto á memoria nacional unidos con naturalidade. Fermosísimos os cerrados das igrexas, céspede moi cortado e lápidas. Provinciano, algo pobre e fermoso Salisbury.

Excursión ó impresionante Stonehenge, triste. Tampouco este lugar, que foi sagrado e poderoso, escapou ó afán domesticador e civilizador dos ingleses, destruíron de vez o que aquí houbo de sagrado. Coa desculpa de que antes a xente levaba pedazos das grandes pedras como lembranza, teñen pechado e valado o cromlech para que ninguén se achegue, hai que pagar para dar voltas arredor, detrás dun valo de arame. Nin sequera deixan achegarse a esa xente que quere celebrar vellos cultos druídicos, como se os temesen. En realidade os británicos teñen medo, pánico, a que volvan os vellos deuses e o horror e o poder dionisíaco se desate e varra o seu confortable e enmoquetado mundo. Oxalá volvan e rediman este país sometido á orde neurótica.

Cara a Londres paso por Reading, onde encerraron a Oscar Wilde por homosexual, destrozárono. Desalentado e preso, transformou aquela impostura elegante e cínica de escritor de gran talento e de éxito en arte profunda. Pagou un prezo moi alto.

Unha fermosa vila a un lado do Támesis, Henley-on-Thames, con embarcadoiro onde os parrulos nadan e aniñan nas beiras sen medo ós cans ou ás xentes, ¡que país! Unas rapazas reman en piraguas polo río compoñendo unha fermosa postal. Inglaterra quere desafiar a mobilidade da vida compoñendo postais. Adóranas. Adóroas.

LAVADO E SECADO, 3 LIBRAS E 20 PENIQUES

Escribo no portátil nunha lavandería mentres se lava a roupa, dúas libras; co deterxente, corenta peniques, e logo se seca, oitenta peniques, e recibo unha nova mostra de amabilidade da velliña de guedellas brancas que atende o negocio. Cando lle ensino o meu billete de vinte libras e lle pido cambio, é o meu problema, ela dá voltas ata que mo consegue.

É frecuente oír a españois queixarse de que os ingleses son pouco amables, corteses si, pero amables non. Nunca me pareceu tal, hai de todo como en botica, pero en xeral adoitan seren solícitos con quen precisa axuda, como calquera, moitísimo máis corteses que os españois, que hai anos que desterraron a urbanidade das súas cidades.

Marcha a vella da lavandería, silenciosa e dilixente. Unha das cousas que máis me gusta de Inglaterra son os seus vellos, vivísimos e estupendos. Vellas de guedellas brancas, con vestidos de cores ou claros, de movementos nerviosos, fumando, traballando, en bici... Aquí os vellos non se infantilizan e non pasan a depender de novo dos adultos máis novos, os vellos ingleses seguen independentes e vivos ata que morren.

Por iso é polo que me gustan tanto eses vellos. O que me entristece deles é tamén a súa independencia, tanta que quizais sexa a soidade de quen en realidade non ten unha familia que lle dea amparo e compañía. Se eses vellos fortes deixan de valerse, terán seguramente un Estado que os axude, iso é moi bo; pero quizais non teñan uns fillos que se dignen botarlles unha man. Probablemente o seu orgullo tampouco llelo permitise. Non, acó non é como aló, e a familia é outra cousa distinta a como o entendemos nós. Os nenos e os vellos están un tanto sós, quizais por iso sexan tan independentes tamén.

Pero xa que estou coa bogada do viaxeiro, falemos tamén das outras continxencias da viaxe, por exemplo cómo ó chegar a Henley non atopei hotel. No Reino Unido hai veces en que compensa coller hotel por un pouco máis de diñeiro e hai veces en que os prezos son moi elevados e compensa ir a un B&B, cama e almorzo.

Hospedarse en Bed and Breakfast é un modo excelente de entrar en casas británicas, ás veces unha casa que aluga cuartos, outras veces semella máis unha pensión. En calquera caso, así se ve como son por dentro esas casiñas de luces prendidas nas húmidas noites británicas, e tamén como viaxan os ingleses, nunca hai hóspedes doutros países.

O caso é que hospedarse nun B&B é sempre unha incerteza: ¿como será o cuarto, a patrona, os outros hóspedes, se os hai?, ¿estará limpa?, ¿haberá baño, ducha propia ou compartida? A casa que me tocou estaba ben, pero a patrona era malencarada, o roupeiro do cuarto está cheo de roupa da familia e as paredes con retratos dos seus fillos, aínda por riba me di que o almorzo comprendido no prezo sérvemo ás oito e cuarto porque se ten que ir de viaxe. Estou para marchar, volvo ó coche, pero penso que xa son as oito dun día de agosto e que as vou pasar canutas para atopar outro aloxamento. Achanto e vou para o meu cuarto resmungando contra aquela vella bruxa inglesa. Entendo mellor a Roal Dahl no seu odio contra as bruxas, sabía de qué falaba.

No cuarto do lado, un solitario rapaz come mazás e bebe un licor de cereixa. Fico durmido.

Pola mañá vexo desde o meu cuarto unha fermosa arboreda detrás do pequeno xardín da casa. O solitario rapaz xa ten posto o seu traxe para ir traballar, tímido e educado. A anciá recíbeme no comedor cun sorriso e pídeme desculpas por anticipar un pouco a hora, pero ten

que levar a un amigo ó hospital. Un almorzo estupendo servido impecablemente con cubertería e louza de primeira. Comprendo, coa alegre luz da mañá, que a patrona é unha velliña encantadora. Pago e despídome. Ó irme pareceume volver ver fugazmente na súa cara unha expresión revirada. Marcho coa dúbida sobre se é unha vella encantadora ou unha típica bruxa inglesa.

Hoxe, noutra vila máis próxima a Londres, Maindenhead, ó entrar na oficina de información, crucei cunha muller nova, ó oíla falar castelán co seu fillo, saudeina. É da Coruña, dime, chámase Elisabeth e o seu fillo Eric. Fálolle en galego e emociónase, dáme todo tipo de orientacións para me hospedar e mesmo un teléfono dun B&B. Ó final do día, logo de me fallar dous hoteis, teño que recorrer ó teléfono que me deu, dunha señora de Cuenca, que perdeu o seu apelido polo do seu marido inglés. Ela ten tamén un amigo de Santiago, chámase Crespo e a súa familia ten un restaurante. Si, coñézoo, precisamente é do meu barrio.

Rematou xa o programa de lavado, paso a roupa á secadora. Pregúntolle a unha muller nova que espera a súa bogada coa súa filla pola duración do secado: menos de media hora. A muller é realmente gorda, como tantos homes e mulleres aquí, especialmente mulleres. Será a dieta, supoño. Tamén o abandono do coidado do propio aspecto dalgunhas mulleres ó casaren. E que non hai tanta presión sobre os individuos polo seu aspecto. Os ingleses no seu aspecto son máis extravagantes, persoais, libres... Tamén máis gordos, claro. Pero vale máis non depender tanto de cómo nos verán os demais e ser feliz cun mesmo e non ser moi guapiño e vivir ansioso.

Entran dous mozos hindús con bolsas de roupa. Entre a vila de onde saín esta mañá, ingleses de pura cepa, e a de hoxe fun vendo máis persoas de orixe asiática. Estou chegando a Londres, onde a vella Inglaterra se transforma en Gran Bretaña. Eses mozos seguramente morran moi lonxe do seu país, que xa non é seu, e lembro os versos de Rosalía, "Jamás del extranjero el pobre cuerpo inerte,/ como en la propia tierra en la ajena descansa".

A batería do meu ordenador avisa de que debo apagar por hoxe.

O SUSTO DO FARAÓN

Os faraóns exipcios e os príncipes e os seus conselleiros e os seus sacerdotes, ó morreren fixéronse disecar e envolver en esparadrapos e meter en sarcófagos e mandaron construír piramides e mastabas de grosos muros de pedra con entradas segredas e trampas para que ninguén perturbase o seu descanso e a súa viaxe á outra vida. Espertaron do seu soño, senón eterno si bastante prolongado, na sección do Antigo

Exipto do Museo Británico e atopáronse cunha excursión de nenas xaponesas que os cegaron coas luces dos flashes das súas cámaras. O seu berro mudo ó afrontaren estoutra vida tan atroz non se oe, pero clama ó ceo. Seguramente aquela xente non mereza ningún ceo, pero ninguén merece unha outra vida exposto ás miradas e ás fotos de miles de persoas cada día. Se preparaches unha morte íntima, particular e segreda, o peor que che pode pasar é que te expoñan no British.

O British é como unha romería pero en museo. O British é o pai e a nai de todos os museos, o museo pai, onde se mostran as marabillas do mundo. É como peregrinar a Greenwich a poñer o reloxo en hora, fermosa excursión polo Támesis ou medir o metro patrón na Oficina de Pesos e Medidas en París. Alí están as marabillas do mundo que aparecían nos cromos de todas as infancias que tiveron cromos e que se estudian nos libros escolares. Alí está a Historia tal como era entendida e ensinada antes dos anos sesenta cando en Europa aínda se finxía non coñecer o significado da palabra "colonialismo".

Porque tanta marabilla, da grande estatua á pequena xoia, son froito do desprezo e a rapina colonial de moitos anos de imperialismo británico. Os ingleses trouxeron todo Exipto, Grecia, Mesopotamia e media India para casa como *souvenir*, e é bo ver todo o que rapinaron para lembrar o alcance do seu imperio e pararse a pensar tamén que para conquistar ese imperio fixo falta moito orgullo previo. Non, os ingleses non son calquera cousa. Iso si, o bo que teñen é que non ocultan o seu orgullo e aínda a súa soberbia. Abandono o museo entre adultos e mozos de todos os países que están sentados nas escaleiras e facendo fotos da fachada. Dentro duns días en centos de casas do Xapón os pais destes rapaces que non paran de retratar verán unha foto, eu estarei nela retratado entre o xentío. E sen me pedir permiso.

A outra parte da historia colonial son as rúas de Londres cheas de persoas de todas as razas, e non falo dos miles e miles de turistas que enchen museos e rúas, senón de veciños de Londres e cidadáns británicos, a maioría xa nacidos aquí, de todas as razas. Hindús, paquistanís, xamaicanos que deixaron de selo e son ingleses. Viñeron dos países da Commonwealth para os traballos que antes non querían os nativos, como transportes e limpeza, e ficaron. E malia haber ingleses que opinan que estas persoas non son tal, do que non hai dúbida é de que son británicos. Claro que esta invasión doutras culturas produce angustia nalgúns ingleses que descenden do rei Artur, ¿pero que sería da vella Inglaterra nostálxica da era victoriana de non se ter tropezado con esas novas culturas que enchen de olores, sabores, ritmos e vida as rúas de Londres?

Claro que esta inmigración masiva trae problemas de adaptación e crea realidades como eses barrios, Brixton, que ten partes "No entry", onde a Policía case non se atreve a entrar e recomendan non facelo.

Asómome e, visto o panorama, decido dar volta e facer caso da advertencia. É certo, a marxinación e a miseria son o rostro máis verdadeiro das grandes cidades contemporáneas. Penso isto sentado nun banco deste pequeno parque do Soho mentres no banco do lado tres esmoleiros, *homeless,* unha muller avellentada de idade indefinida, un home máis novo avellentado e de idade indefinida e un rapaz que pode ter uns dezaseis indefinidos anos beben unha botella de cervexa.

¡Ah!, Londres, o peor lugar para aprender inglés: sérveche a comida unha portuguesa, cóbrache un italiano, na mesa do lado un catalán explícalle a dúas inglesas que os cataláns son outra cousa (viaxando por Europa coñecín centos así, o que me convenceu de que a nación catalana ten todo o futuro posible), na mesa do lado come unha familia de Madrid... En fin, se a iso lle engadimos que a cobradora do Metro, o revisor, falan con modismos "cokney", chego á conclusión de que Londres é unha cidade para estropear o pouco inglés que un teña.

Pero o que é seguro é que nesta cidade é onde se xunta a vella Inglaterra, unha nación de individuos solitarios unidos pola tradición cunha Babel que é o lugar para vivir a individualidade. Londres é a verdadeira cidade cosmopolita onde todos os pobos e nacionalidades teñen a súa sede, a súa biblioteca e a súa representación e unha cidade que insufla ganas de vivir e mostra múltiples modelos para ser.

Fago o turista, sempre paga a pena en Londres, o Big-Ben e o Parlamento; paga a pena entrar por un momento na Igrexa de Saint Martin in the Fields en Trafalgar Square a escoitar ensaiar a súa orquestra, ¡que regalo! E mesmo, se for preciso, andar tropezando coa xente por Oxford Street, españois, italianos e de todo lugar zanfoneando polas tendas. En Londres todo paga a pena, ó final un consegue saír de Oxford Street, quedan todos alí comprando e chegas a Hyde Park e respiras.

Botado por riba da herba, achégase onda min un esquío e come da miña man. Penso no paradoxal que é todo. Estes parques que gozan os cidadáns que pasean e descansan foron fincas de caza dos reis, que un día entregaron á cidade. De non ser patrimonio destes privilexiados non existiría hoxe esta riqueza do pobo. Cousas da vida.

A XENTE MOI LIMPIÑA NON DEBE VIAXAR

A mañá do sábado vou ó mercado a Portobello, onde reside boa parte da colonia de portugueses e galegos, un mundo de xentes diversas e trastos variados. Hai que ver Portobello, e de feito véñeno ver londinenses e moitos turistas, oio moito italiano, moito castelán. Ás antigüidades que están a vender toda a semana se lle engaden todo tipo de artigos de segunda man.

En España á xente dálle vergoña mercar algo de segunda man, ¡que dirán!, todo o mundo quere aparentar ser rico (non hai obreiros en España, segundo unha enquisa do CIS todo o mundo é "profesional" ou propietario) pero en Inglaterra a dignidade da persoa non vai ligada ó qué dirán. Un inglés pobre, hainos abondo, pode ser moi orgulloso. Polo tanto os ingleses mercan moito de segunda man, é unha maneira de mercar barato e ademais adquirir cousas moi variadas. E ó lado disto está o gusto polas antigüidades, adóranas, esa fame de pasado, ese inventar a memoria.

A liña do Metro vai cargada de xente, unha persoa que me acompaña e que está pasando un mes en Londres fai o consabido comentario despectivo sobre os ingleses, "¿Dáste conta de cómo cheira a suor? Son uns porcos, non se lavan". Debo ser o único a quen lle cheira a suor o Metro de Madrid, Barcelona, ou calquera outra gran cidade. Ou ben será que se debe a que tamén alí hai ingleses polo medio.

Non acabo de entender esa actitude de soberbia infundada de moitos españois que viaxan ó Reino Unido, os hábitos de hixiene son parte da tradición de cada cultura e cada cultura é distinta; se un non é quen de aceptar e respectar a cultura allea, o mellor é quedar na casa. Por outro lado, parece mentira que esa persoa que me fai o comentario sexa da miña mesma cidade, parece que veñamos de países distintos, e eu lembro non hai tantos anos unha sociedade retrógrada e chea de cotra, aínda non inventaramos esta nova identidade de sermos os máis *ye-yés* de Europa e ducharnos furiosamente todos os días. ¿Ninguén quere lembrar xa o baño semanal? Demasiada amnesia interesada e estúpida.

O domingo tócame ir ó mercado de Camden, un zoco louco. Eses punkis exhíbense fachendosos logo de pasaren horas, días, preparando esas permanentes de cores. Coitadiños, logo dos traballos que pasan, fan ben. Por outro lado, é o seu choio, págalles o concello para facer a estampa típica, se lles dás unha libra insúltante e din "fuck!", e se lles dás dúas ademais cúspente.

Os británicos aman a perruquería, as avoas fanse esas permanentes para tomar o té e os netos márcanse como reses tatuadas, cárdanse e tinxen o pelo... Sempre ese aparafusarse extremado, ou terriblemente formal con bombín e traxe, ou terriblemente informal, vestido coma un esmoleiro. Carecen desa moderación que proporciona a procura da elegancia, pero a elegancia é unha categoría abstracta e social e os ingleses buscan afirmar a súa individualidade, por iso son extravagantes no seu vestir, porque son individualistas. Encántanme. Non teñen a elegancia nin a gracia no vestir dos italianos, coas mañas de seducción, ¡nin falta que lles fai!, eles son audaces e extremados, británicos. Pura inocencia expresiva, por iso son tan fortes.

Naturalmente hai outro lado dos mercados de segunda man, a City. Un barrio elegante que ó empardecer da tarde está solitario e sinistro, eses papeis que arrasta o vento no chan é o único que se move. Sinistro e desalmado como corresponde a un dos primeiros mercados de valores do mundo.

Deste Londres cosmopolita é de onde sae a cultura actual máis viva. Abonda con ler o suplemento quincenal do *Times* ou revistas como *Time Out,* que dan conta do que hai nas carteleiras. Hai de todo, e todo vivo e intelixente, sen contar a multitude de actuacións musicais de todo tipo as fins de semana nas tabernas do centro e os barrios. Aquí a televisión non varreu todo e a xente, as familias, aínda sae de casa ó pub.

Por certo que viven a política con grande intensidade e o diario dos sindicatos critica hoxe con dureza partidista ó goberno, pero nun hotel de luxo, no que non me hospedei, só tiñan para ler o *Times,* que aínda que máis sutil non é menos partidario da política conservadora. Nesta sociedade extremadamente ordenada as clases son moi estancas, todos teñen un lugar asignado e está moi penalizado saírse del. Paseo polo luxoso e fermoso barrio de Chelsea e por Leicester Square, ¡quen fose rico!, e de novo os *homless,* ou sexa pobres, no portal dun luxoso edificio de oficinas pechado o domingo.

É tristísimo ver á xente nova pedindo esmola ou tirados. Nin sequera é claro que non puidesen estar traballando, din que é por abandono. Quizais unha incapacidade para entrar na vida dos adultos, ou sexa o mundo do traballo e as responsabilidades, se cadra. O que me parece seguro é que tamén teñen que ver con cómo é a familia aquí, a xente nova marcha e non se lles fai moito de menos nas casas.

Vexo moitos británicos que rin cariñosos cos nenos pero, desde logo, creo que é mellor aquí ser adulto ca ser neno. Creo que lles gustan máis os adultos que os nenos. Quizais ese desapego que parece darse nos pais cando os fillos chegan á adolescencia sexa o que forxa eses adultos fortes e particulares, pero a falta de cariño que padece un neno é crueldade intolerable. Un non sabe qué preferir, se é mellor meniños criados na dependencia da familia e o clan que fará cidadáns gregarios e irresponsables ou cidadáns orgullosamente independentes e libres, e solitarios.

DE BABEL Á ARCADIA

No barrio do norte de Londres onde vive o meu irmán Xelís, Walthamstow, os hindús rexentan todas as tendas de alimentación con esa languidez que non sei se é tristura. É un barrio de xente traballa-

dora e tranquila onde os servicios sociais funcionan moi ben, o parque está moi coidado e limpo e os nenos xogan por quendas de raza nas distintas áreas. Na cancha de fútbol están agora os morenos, negros, hindús e paquistanís, nos bambáns nenos e nenas caucásicos todos. Cando estes cansan pasan a xogar os xaponeses e coreanos.

A xente convive con moi boa disposición pero a transformación dunha sociedade case caucásica pura antes da Guerra Mundial a unha sociedade plurirracial é unha auténtica revolución e sempre provoca dificultades. Na BBC vexo un programa de debate no que opinan pais brancos e negros sobre se deixaría á súa filla ou fillo ter unha cita cunha persoa doutra raza. Ese debate está presente obsesivamente nos medios de comunicación, que representan coidadosamente en películas, presentadores, unha sociedade interracial. Pola tarde pasan unha película sobre os xitanos na que se critican os prexuízos sobre eles; é lóxico que alí se preocupen disto e non en España onde, como é sabido, non hai xitanos.

Por certo que na televisión hai programas de debate sobre temas diversos, quero dicir que hai un sitio para falar e discutir, ademais de berrar e ladrar. E teñen un torrente de anuncios intelixentísimos e polo tanto case todos humorísticos. Encántalles o humor, devecen polos seus humoristas, hainos a esgalla e adoitan seren bos. Sae en medio das noticias a actriz e deputada Glenda Jackson, a miña laborista preferida, criticando a política ferroviaria do goberno. Encántame esa humildade dunha artista preocupándose polos problemas concretos da xente. Encántame que unha grande actriz se comprometa ata eses niveis.

Polo demais, a súa estupenda prensa e televisión non é perfecta, nela non existe o dramático problema das "vacas loucas", prefiren non falar disto. E, por exemplo, nos días que levo aquí non apareceu Europa nin ningún país do continente excepto para dar conta dalgún desastre natural: o seu mundo segue a ser a illa, o conflicto irlandés e os Estados Unidos.

E existe unha prensa absolutamente noxenta, manipuladora e cruel, o periódico *The Sun* leo moita xente nova no Metro e nas rúas. Esa xente nova que vai masivamente co pelo ó un e que circula en grupos as fins de semana, practicando os ritos da virilidade, cuspindo e con ademáns de estar preparados para a pelexa. Xente nova coa linguaxe xestual da clase obreira, acenos agresivos nas súas caras, o dedo índice extendido e "fuck!" Esa é unha espantosa embaixada que o Reino Unido envía durante todo o ano a Mallorca e a Canarias, supoño que para sacar o problema de casa o máis que se poida, pero algún día terán que afrontar autocriticamente que están criando o ovo da serpe.

Saio de Londres percorrendo de novo a deliciosa campiña das vilas atravesadas polo río Avon, que agora, logo de vir de Babel, paréceme

irreal e pisando pola autoestrada en tres horas chego a Bath e os seus preciosos arredores.

Bath é a utopía do urbanismo neoclásico, unha cidade harmónica e científica, e é moi fermosa. É unha cidade moi pouco británica en canto a que non ten a traza medieval de case todas as súas cidades, pero é moi británica en canto ó desexo de realizar utopías, mundos perfectamente ordenados como a Utopía de Moro ou os falansterios e comunas socialistas primitivas. A tradición de soñar utopías é moi inglesa, mesmo de soñalas como pesadelos, *1984* de Orwell e *Un mundo feliz* de Huxley.

Moito veraneante fino, moito máis elegantes que a media que levo visto ata de agora. Como xa dixen, a elegancia non é o dos ingleses nin ten por qué selo. Xente que sae dos hoteis máis ou menos amañada para ir ó teatro, *O tío Vania* de Chejov. É unha cidade tan elegante que non teñen cabida os pobres, e aínda así cóanse obsesivamente estes esmoleiros medievais, o matrimonio mendigo cos seus fillos, o rapaz duns quince anos sentado na inconsciencia da borracheira cun can atado a unha das súas pernas. Hai algo que falla.

Sigo ata Plymouth para coller hotel antes de que me quede sen habitación e aínda me sobra tempo para ír á piscina. Os nenos xogan baixo o estrondo da música dos prosmas de *Oasis* polos altofalantes, desde logo non é un bo momento este do Pop británico. Homes e mulleres axudan a moverse a fillos discapacitados a entraren e saíren á auga da piscina: a presencia constante das persoas con minusvalías e os sitios reservados para eles en todas partes. As persoas que en España están sen saíren, escondidas nos pisos, por desatención do Estado, por vergoña das súas familias e porque as beirarrúas e edificios non permiten o desprazamento de cadeiras de rodas, aquí están por todas partes, vivindo á luz.

E voume xa despedindo destes cuartos con moqueta. Toda Inglaterra é a búsqueda obsesiva do confort, unha protección fronte ó mundo exterior. Toda Gran Bretaña é un interior enmoquetado, un útero de trapos. Ser británico é estar fóra e protexido do mundo.

S. de T.

Entrevista con Vicente Almazán

Carlos Casares
Gustavo Adolfo Garrido

Vicente Almazán é natural de Castellón, onde naceu o día 17 de novembro de 1924. O seu curriculum académico amosa unha grande variedade, pois estudiou nas universidades de Estrasburgo, Heidelberg, Estocolmo e Colonia, doutorándose por esta última. A súa paixón, pois así debemos calificala, constitúena os estudios medievais e a eles dedicou a súa carreira, que se foi completando por terras americanas. Impartiu clases nas universidades canadianas de Sudwury e Windsor e posteriormente na Wayne State University de Detroit (EE UU). Na actualidade é profesor da universidade de Wisconsin-Oshkosh.

Na súa dilatada obra figuran unha chea de artigos de investigación que foron aparecendo en diversas revistas especializadas de Europa e América, entre os que salientan os dedicados a Alfonso X e varias traducciónns de textos medievais españois e noruegueses, sempre buscando as relacións entre os mundos románico e xermánico. Unha das súas aportacións sobranceiras é a publicación íntegra do Specullum Regale, *texto noruegués do século VIII que tradiciu e comentou.*

Xa mergullados na temática galega, Vicente Almazán publicou diversos artigos no Grial *e deu ó prelo de varias editoriais traballos como* Gallaecia scandinavica *(Galaxia, 1986),* Seis ensaios sobre o Camiño de Santiago *(Galaxia, 1992) e Dinamarca Jacobea (Dirección Xeral para a Promoción do Camiño de Santiago, 1995), entre outros. Neles estudiou as ricas relacións establecidas entre Galicia e os países nórdicos durante a Idade Media.*

Hai que dicir que Almazán foi desenvolvendo un aprecio fondo e sincero pola nosa terra, manifestado non só na súa crecente dedicación a botar luz fresca sobre facianas descoñecidas da nosa cultura antiga,

senón tamén pescudando nos aspectos máis tradicionais e perennes da nosa idiosincrasia. Aí está esa obra anunciada do Breviario do galego ausente.

Vicente Almazán é, en definitiva, un profesor amable, como se podía esperar dun discípulo do célebre hispanista Joseph M. Piel; é cordial, de palabra fácil, un excelente conversador como o lector comprobará de seguido nesta conversa a tres bandas desenvolvida nunha tardiña plúmbea e de chuvia espesa en Santiago hai xa uns meses.

—Como medievalista, vostede dedicou gran parte da súa carreira ó estudio da área xermánica, ¿de onde provén o seu interese pola cultura nórdica?

—Viña xa de moi atrás, de cando eu estudiaba na Universidade de Colonia. Alí dixéronnos que tiñamos que dominar outra lingua xermánica, que non fose o alemán, claro está. Daquela estaba xeneralizado o estudio do inglés, pero eu como sempre fun un pouco rebelde, un pouco especial, pensei que xa que todos estudiaban o inglés, eu estudiaría o sueco. Lembro que xa de neno aprendera o himno sueco e tocaba e cantaba cancións suecas... Interesábame todo o que tivese relación con Suecia e concentrei todo o meu interese neses temas, non obstante podía ter escollido tamén o danés ou o noruegués, pero decidinme polo sueco e comecei a estudialo seriamente, en profundidade, a lingua sobre todo, a literatura, pouco. E certo día, en Estrasburgo, a onde eu me dirixira para presentarme a un exame, durante unha charla co lector de sueco, que era natural do norte de Suecia, aconselloume unha estadía no seu país para mellor aprender a lingua. Fíxenlle caso, collín a miña motocicleta e marchei, primeiro a Dinamarca, onde pasei uns días, pois tiña alí un amigo danés, estudiante en Copenhague. Durante a miña viaxe a Suecia, coñecín a un arquitecto, que vivía en Estocolmo. Preguntoume se ía cara a aló e se tiña xa onde vivir, ó que contestei que non. Daquela ofreceume a chave da súa casa, sen máis; iso era moi habitual en Suecia, eran tamén tempos nos que a xente se fiaba un pouco máis. Así que cando cheguei a Estocolmo estaba xa moi ben instalado.

Tiña moi pouco diñeiro e comecei a buscar traballo e, tamén por casualidades desta vida, atopei un traballo de traductor ó portugués para as noticias do programa de onda curta que Portugal ten alí para Hispanoamérica, en particular para Brasil. E estando alí con este traballo temporal, souben que nas embaixadas dos países de fala española ninguén sabía sueco e, dado xa o meu coñecento da lingua, dirixinme á embaixada de México e a embaixadora, moi simpática, e que fora escritora, ofreceume de seguida traballo: de nove da mañá a unha



© ASPA

VICENTE ALMAZÁN

do mediodía. Ó rematar o traballo todos os días me invitaba a comer xunto coa súa nai. Foi así como me introduciron nas comidas picantes mexicanas... Lembro que se algunha vez eu chegaba tarde, ela dicíame: "Señor Almazán, se me está haciendo pinta". Era unha señora moi amable a quen logo eu atopei, por casualidade, en Estados Unidos, pola rúa, moi elegantemente vestida á saída dunha obra de teatro.

En resumidas contas, permanecín en Suecia tres anos e alí perfeccionei os meus coñecementos de sueco, lingua na que acadei un bo nivel gracias ás escoitas da radio, ás amizades, ó seguimento de cursos na universidade, cursos de Filoloxía Escandinava, de sueco antigo, de noruegués antigo, de islandés... E eses foron os meus primeiros contactos coa cultura escandinava.

—Vostede foi dicípulo do profesor Piel, ¿onde o coñeceu?

—En Colonia. El fora profesor de alemán nas universidades de Coímbra e Lisboa e logo pasou á de Colonia, onde eu o coñecín. Nesa universidade fixen o meu doutorado e Joseph M. Piel, que era lingüista e, pódese dicir tamén, medievalista, dirixiu a miña tese sobre o tema das traduccións latinas na obra de Alfonso X O Sabio. Foi el quen estudiou os topónimos de toda a Península Ibérica, prestando particular atención ós do occidente peninsular. Era un profesor amabilísimo, moi humano e eu fun non só alumno del, senón tamén amigo. Invitoume en varias ocasións á súa casa e alí disertamos moitas veces, xunto coa súa encantadora esposa, Gertrud, que tamén coñecía moi ben o portugués, pois ela era alemana, aínda que nacida, creo, en Portugal. A personalidade e os profundos coñecementos do profesor Piel valéronlle, entre outras distincións, a de Doutor Honoris Causa polas universidades de Santiago de Compostela, Lisboa e Tréveris.

—¿Como foi a súa primeira relación co Camiño de Santiago e como, a partir de aí, xurdiu a súa relación con Galicia?

—Pois, en realidade, o contacto meu íntimo, profundo e auténtico coa Galicia verdadeira foi debido a don Ramón Piñeiro. Don Ramón Piñeiro era amigo do meu profesor Piel. Eu tiña xa coñecemento do Camiño de Santiago, pero os meus contactos co tema eran máis ben espirituais, un tanto superficiais. Non estaba eu demasiado entrañado co tema. En certa ocasión, fun visitar ó profesor Piel, que vivía nunha fermosa casa en Colados do Penedo, preto de Cintra. Eu xa estaba daquela moi interesado na historia medieval de Galicia, desde os séculos VIII e IX en diante, debido ás conexións que eu mesmo descubrira na literatura nórdica. Nestes libros, escritos en noruegués ou en islandés, saían a relucir nomes como por exemplo Castropol, e eu preguntábame qué relación podía ter cos temas nórdicos o topónimo de Castropol. Falábase tamén de *Jakobsland*, dun guerreiro danés alcu-

mado *Lobo Galego*... e así fun tomando cada vez máis interese por estes temas, tanto que decidín achegarme a Galicia para estudialos. Foi o profesor Piel quen me aconselleu a visita en Santiago de Compostela de don Ramón Piñeiro, de quen me dixo era coñecedor de arte, de historia e aseguroume que el me poñería en contacto cos estudiosos destes temas que tanto me interesaban.

A miña primeira visita a Galicia, pois, data de comezos dos anos oitenta e fun directamente a don Ramón Piñeiro, quen me recibiu moi amablemente, tal que fosemos amigos de toda a vida e falei abondo con el. Foi el, efectivamente, quen me puxo en contacto con xentes da cultura, entre eles Carlos Casares, Torres Queiruga, Isidoro Millán, entre outros.

A partir deste momento comecei as miñas pescudas xa no Instituto Padre Sarmiento, na biblioteca da Universidade e mesmo visitando os especialistas naquelas áreas que me interesaban, como a Manuel Díaz e Díaz, Serafín Moralejo e Fernando López Alsina. Así, pouco a pouco, foise estendendo o meu círculo de coñecidos en Galicia. Este foi o meu primeiro contacto serio, profundo, científico, histórico e cultural de Galicia, e débollo a don Ramón Piñeiro.

—*Ou sexa que vostede descobre Galicia a través de textos escandinavos, vén a Galicia, e por mediación do profesor Piel ponse en contacto con don Ramón Piñeiro. A partir de aí, ¿como nace o seu primeiro traballo,* Gallaecia scandinavica*?*

—Primeiro escribín uns artigos para a revista *Grial*, sobre o topónimo "Galicia", sobre personaxes e topónimos galegos na literatura nórdica, o que creo lembrar foi o meu primeiro traballo. Logo escribín tamén sobre Noruega. Continuaba interesándome o tema do Camiño de Santiago, pois aquí cando se fala do Camiño de Santiago só se pensa no camiño francés ou no camiño inglés, pero ademais destes existen tamén o camiño alemán e mais o camiño danés, o sueco xa se perde porque aí, dada a súa xeografía, xa non existe un camiño determinado, pero si existe un camiño en Dinamarca. Foi daquela cando comecei a interesarme pola presencia escandinava en Galicia e logo polos intercambios, primeiro os viquingos e despois os peregrinos que viñan desde aqueles dous países. Como resultado destes estudios saíu do prelo *Gallaecia scandinavica*, en 1986, na Editorial Galaxia.

Na actualidade realicei unha revisión e en certo modo unha ampliación dese primeiro texto que foi traducido ó danés e que aparecerá o vindeiro ano en Copenhague co título *De viquingos a peregrinos,* no que recollo todos estes contactos, desde o primeiro, no ano 844, ata a Reforma, porque logo é xa unha época tenue e os contactos xa se desvían do tema xacobeo, son contactos comerciais e políticos.

—Conforme vostede profundizaba no seu estudio, debeuno sorprender a magnitude das relacións existente entre as dúas culturas.

—Evidentemente, eu non esperaba tal magnitude de contactos, de tal xeito que todo comezou, como comentaba, por uns simples artigos e deu en facerse toda unha obra, que aínda se pode aumentar máis. E todo o que sae á luz está demostrado, como poidemos comprobar no último congreso que tivemos, no que participaron profesores de Islandia, Noruega, Dinamarca... Hai que dicir, por exemplo, que Dinamarca é, xunto con España, loxicamente, onde máis se deron os achados de cunchas de peregrino. Téñense atopado nese país nórdico cunchas en esqueletos humanos, en tumbas... Un estudioso sueco realizou un traballo exhaustivo sobre este tema. Hai, daquela, un material moi abondoso sobre os contactos entre ambas as dúas culturas.

Anos atrás celebrouse tamén un congreso aquí en Galicia, creo lembrar que o título era *Camiño de Santiago, camiño de Europa*, onde se expuxeron retablos e pinturas de grande importancia traídas ata aquí para que o pobo galego puidese observar esta presencia galega, xacobea, en países tan afastados de Galicia como pode ser Dinamarca.

Máis tarde realicei un traballo que publicará en Alemaña a Sociedade de Amigos de Santiago, onde falo dos bailes que existen nas illas Feroe, tan afastadas, metade camiño entre Islandia e Escocia, bailes semellantes ó da "sardana", nos que se collen pola man e polo brazo, dous pasos para a esquerda e un para a dereita, e van cantando, e hai varios destes cantos que gardan relación con Galicia. En particular un que é moi longo e trata sobre Santiago, fala de como Santiago chega a España nunha barca de pedra e chega aquí e quere converter Galicia ó cristianismo, e o rei sae cun machado típico escandinavo á beira do mar e pregúntalle: *—E ti, Santiago, ¿que fas ti por aquí? —Pois viñen dicirche que o meu Deus é máis importante có teu. O meu bebe augamel e fai tal e cal...* E isto é o que cantan eles nun ton case gregoriano, van contando toda esta lenda na que se mesturan temas litúrxicos, da vida de Santiago, con temas escandinavos típicos de maxia, de ir ó fondo do mar, etc. Un romance moi longo que se atopa tamén en Noruega, en Suecia, nas illas finlandesas de fala sueca, en Dinamarca e en Islandia. Cada vez vanse coñecendo máis as relacións entre as dúas culturas, así as historias do pseudo Turpín, cómo Carlomagno vén aquí a Santiago... todo isto existe en danés, coñecíano, e de aí se derivaron romances, polo menos no mundo intelectual e no mundo popular, hai moitas cancións tamén que fan pensar nesta presencia galega en Escandinavia.

Ás veces descobre un certas curiosidades, en concreto, investigando o verán pasado a vida de santo Olaf, estudiei as actas de cononización

e quedei abraiado ó comprobar como xa a comezos do século XII aparecen dous galegos en Noruega e un dos milagres descritos nestas actas cóntanos como un de dous irmáns procedentes dunha parte de España á que chaman Galicia tiña un tumor nun brazo e achegándose ó altar de Santo Olaf desapareceu o tal tumor, como reza a historia. Isto demostra que os contactos son recíprocos, aínda que ben é certo que son poucas as referencias de personaxes galegos que aparecen nos documentos en terras escandinavas.

Algo semellante ocorre cando os desposorios da princesa Cristina, no ano 1257, que casou cun irmán de Alfonso X O Sabio e o primeiro que lle dixo foi que tiñan que edificar unha igrexa en honor de Santo Olaf, por iso se conclúe que o culto de Santo Olaf, o rei perpetuo de Noruega, estendeuse tamén polas nosas terras, en Castela en concreto.

—*No ano 1992 saíu un segundo libro seu, tamén en Galaxia,* Seis ensaios sobre o Camiño de Santiago, *unha recopilación temática de autores de lingua alemana que reuniu nomes da talla de Hard, Odilo Engels, Schmugge...*

—En efecto. Eu puiden observar que aquí en Galicia se toman moito en consideración as obras científicas sobre o Camiño de Santiago escritas en francés e algunha en inglés, porque estas son linguas máis estendidas, pero a investigación alemana foi ata de hoxe, e segue a ser aínda, moi viva, non é moi coñecida probablemente por mor da propia lingua. Foi entón cando me xurdiu esta idea que pareceu ben a Editorial Galaxia. Eu pensaba primeiro nun caderno, pero o material era abondoso, entón decidín artellar o volume en dúas partes, un estudio de todo o que se escribiu en lingua alemana desde o principio ata a data de publicación da obra, do que se fixo, cándo, cómo, por qué... seguido do que eu creo foron os estudios máis transcendentais sobre o tema xacobeo escritos en alemán. E están alí os seis completos, en versión galega. En particular hai un ensaio dun profesor de Berlín que eu teño por un dos máis básicos no estudio da tradición xacobea, porque explica estes cambios de peregrinacións do apoxeo á decadencia, e explícao desde un punto de vista sociolóxico, histórico.

—*Esta tradición que deu en incorporar signos xacobeos e lembranzas de Galicia á vida dos países nórdicos non quedou esvaecida nun eido elitista, como unha moda un tanto circunstancial, senón que chegou a traspasar estes lindes e instalouse na memoria popular. ¿Ata onde se impregnaron as culturas nórdicas do feito xacobeo e galego en xeral?*

—É natural que dentro dos distintos campos científicos, os historiadores, os xeógrafos, e tamén investigadores doutras áreas, se ocupasen do tema, pero xa no eido estrictamente popular existen refráns nos tres países nórdicos, particularmente en Dinamarca, que é o máis xacobeo se cadra

por ser o máis achegado, se cadra por ser o máis desenvolvido xa desde un principio ou por manter un maior número de contactos cos reinos alemáns e unha tradición establecida de contactos con Galicia; existen refráns, dicía, e cancións populares sobre o tema xacobeo como a que antes comentaba da chegada de Santiago nunha barca de pedra a España. Pero tamén existen nomes populares de plantas que están relacionadas coa temática galega e xacobea en todos os países escandinavos, hai tamén nomes de froitas, como por exemplo as "mazás de Santiago".

Pódense atopar tamén unha cantidade inmensa de topónimos vencellados co tema, en Dinamarca en particular, nomes de rúas, prazas e lugares. Existen en concreto dúas vilas norueguesas que presentan nomes como *Gallis* unha delas, e a outra *Jaksland*. Probablemente a denominación de *Gallis* estea relacionada coa visita realizada posiblemente por un nobre de Noruega propietario dunha finca moi grande que viaxou ata aquí e que lle deu á súa posesión o nome de Galicia porque, seguramente, lle gustase; como hai tamén un lago relacionado co nome de Galicia. Estes nomes, tanto o que fai referencia á nosa terra como o que fai referencia ó nome de Santiago, pasaron logo a ser antropónimos, aínda que na actualidade non se identifican como tales e son só recoñecibles estas relacións por aquelas persoas que se dedican a estudiaren as raíces das palabras. Existen, por exemplo, moitas tumbas onde se poden constatar estas relacións e mesmo hai xente que vive na actualidade que conserva aínda estes apelidos vencellados coa cultura galega e mais co Camiño de Santiago.

—*Vostede non só estudiou estas relacións culturais nos países xermánicos e Escandinavia, senón que tamén estendeu as súas investigación ata Bélxica.*

—Si, é certo, pero hai pouco tempo realicei estudios tamén en Alsacia, cando xa estaba sobre estes temas xacobeos. Viaxo moi a cotío por estas terras e puiden observar as grandes influencias alí existentes con referencia ó Camiño de Santiago. Como resultado destes estudios publiquei unha obra na editorial Nigra de Vigo onde falo da historia, da literatura e mais da arte de influencia xacobea en Alsacia, e alí se pode comprobar cómo existen topónimos, parroquias, igrexas, altares e cómo queda constancia de moita xente daquelas terras que estivo en Galicia. Entre estas persoas saliento un crego danés que en 1201 foi a Xerusalén en peregrinación por mar, pero que volveu montado a cabalo polo aire, Santo Andrés de Slagelse, un caso interesante que está aínda vivo na tradición popular, ninguén sabe dese home, pero é recoñecido como santo, malia non aparecer canonizado en ningures e aínda se conserva a tradición da súa milagrosa aterrizaxe en cabalo nun outeiro da vila de Slagelse. Hai tamén un pozo milagreiro nos arredores da vila, onde o santo vén sendo un personaxe moi popular.

—¿Danse unhas pautas comúns na incorporación destas influencias xacobeas en todos estos países ou, pola contra, existen diferencias, por exemplo, entre os pobos xermánicos e os pobos nórdicos?

—Cando un coñece ben a literatura dos pobos nórdicos, e o mesmo ocorre no alemám antigo, salientan tradicionalmente, exceptuando a modernidade, sobre todo con Bertol Brecht, pola mestura da narración en prosa que se ve interrompida por un poema. Hai quen afirma que esta precisamente sería a orixe da épica: primeiro se describe unha batalla e de súpeto aparece un soldado que sobe ó alto dun outeiro e arenga ós soldados para enchelos de valor. Esta estructura repítese tamén en certas composicións norueguesas dos primeiros peregrinos daquelas terras que veñen a Santiago, cara ós anos 1108 e 1140, onde primeiro se narran as viaxes a Galicia e de súpeto o narrador se lembra dunha fermosa muller para quen cantaba e que ela, coas súas doces mans, etc., etc. Logo sabemos que esta muller non era doncela, que contaba polo menos trinta anos máis ca el e que xa casara polo menos tres veces, pero esta é unha influencia da literatura provenzal, o tema do amor afastado que só aparece nestas composicións como algo fantasioso, como tamén se pode ver na literatura coas sagas onde se atribúen accións realizadas por un personaxe a outro.

—Os seus estudios primeiros versaron sobre as influencias e concomitancias da parte escandinava coa cultura galega, pero parece ser que eran tamén as súas intencións realizar estudios sobre as influencias entre as culturas gálica e xermánica.

—En efecto, eses eran os meus propósitos nun principio, cando comecei cos meus estudios sobre as interinfluencias entre os países escandinavos e Galicia; logo observei que era tamén factible o estudio das interinfluencias entre as culturas xermánica e francesa, en Francia, como é evidente pola súa proximidade xeográfica que redunda nun número moito maior de contactos. Sen embargo, o caso francés non ten que ver co caso escandinavo. En Dinamarca hai, aproximadamente, vintecatro igrexas coa denominación de Santiago, mentres que en Francia case podiamos dicir que son vintecatro por quilómetro cadrado, se se me permite a hipérbole. Por outra parte, os contactos son tan abundantes que non sería abarcable esta temática nun só volume. Proba evidente son as investigacións do francés Jacomé, que dedica unha obra só ó estudio da rexión parisina; ou mesmo o traballo meu realizado soamente sobre a rexión da Alsacia e que abrangue tamén a extensión de todo un volume.

O mesmo ocorre con Alemaña. Lembro unha viaxe que realicei con don Ramón Piñeiro a Vigo, á biblioteca da Fundación Penzol, onde puiden comprobar o moito que aquí xa se investigara sobre os suevos,

os topónimos, estudiados polo profesor Piel, e outras tradicións alemanas, que non xermánicas, porque hai que facer unha distinción. O mesmo ocorre cos pobos visigodos, coas peregrinacións... É un tema demasiado vasto, no que un pode verse perdido xa desde un principio e para que fose operativo habería que ir estudiando o tema por rexións, por exemplo Lorena, ou algo que hai tempo teño intención facer: estudiar a rexión tirolesa italiana, onde existe unha tradición xacobea moi interesante, moi rica.

—¿Que explicación lle ve vostede á extraordinaria vitalidade do fenómeno xacobeo?

—Hai pouco veu onda min unha corresponsal de *La Voz de Galicia* na rexión de Ferrol e formuloume esta mesma cuestión. Eu teño que dicir, sinceramente, que non comprendo esta enorme vitalidade. Asómbrame. ¿Por que Santiago e non calquera outro santo? Hai moitas explicacións. Evidentemente, Santiago non foi un apóstolo máis, en todos os momentos importantes da vida de Xesucristo alí estaba el. Hai razóns políticas, hai teorías que sosteñen que o reino de León quería ter algo para rivalizar con Roma, que se a diócese de Santiago estaba en rivalidade coa de Toledo... Pero eu creo que isto non abonda para dar conta da irradiación que aquí vemos, pois esta tradición e este culto vese tamén en terras tan afastadas como Islandia, como as illas Feroe, situadas xa nos confíns do mundo coñecido daquela e onde existe unha presencia do mundo xacobeo moi marcada. Hai infinidade de razóns pero ningunha me acaba de convencer de todo, eu non o sei explicar.

Podemos ver a enorme importancia da tradición xacobea, por exemplo, na bandeira danesa. Cando se visita un castelo situado moi cerca de Copenhague pódese ver unha bandeira de Santiago que os alemáns arrebataron ás tropas da Unión de Kalmar, danesas, suecas, etc. e que logo levaron a Lübeck e ó finalizar a guerra esta bandeira ardeu como resultado dos bombardeos; pero esta bandeira, antes de ser destruída, foi copiada por un profesor danés, e como non o crían, el certificou que a tal bandeira era do ano mil catrocentos e tantos, cópiana e colócana posteioremente nun museo; trátase dunha bandeira cos escudos de Dinamarca, de Noruega, de Suecia e mais do duque de Pomerania e alí está Santiago.

—Incluso este asunto utilizouse para negar o feito da existencia de Santiago. Esas polémicas que existiron sempre de si foi ou non foi.

—Si, e resulta moi curioso. Por ejemplo, en Dinamarca todos os rapaces aprenden, cousa que é certa, que a súa bandeira é a máis antiga das que existen na actualidade. E a historia desta bandeira é a que segue: nunha batalla que houbo en Estonia cando esta era pagá, esta bandeira caeu do ceo, e iso sábeno todos os daneses, pero histori-

camente probar este feito é un pouco difícil. Hai teorías de investigadores daneses que sosteñen que podería ser unha bandeira papal e tamén hai alguén que, timidamente, sostén que en España ocorre algo semellante, pois o feito de que apareza Santiago de súpeto a cabalo cunha bandeira na man nunha batalla que se daba por perdida e que se convirta en victoria gracias ó apóstolo, pois... Cómpre termos en conta tamén o feito de que o rei de Dinamarca estaba casado cunha muller portuguesa, o mesmo que o feito de que moitos daneses viaxaron tamén a Portugal para a conquista de Alcácer do Sal, no sur de Portugal, lugar onde tamén se verifica este milagro como así o describen fontes alemanas. Eu, francamente, creo que de aí pasou a estes daneses e que todos o coñecían; os mesmos daneses recoñecen que o seu clero coñecía moi ben ese milagro. Así que esta podía ser a explicación da presencia do tema xacobeo na bandeira danesa, a máis antiga do mundo na actualidade.

—*Falemos agora dos Camiños Atlánticos, o tema central do congreso celebrado en Ferrol o pasado verán.*

—Falaba eu xa nas conclusións deste congreso de tres méritos que se poden tirar da súa celebración: en primeiro lugar, o contacto da investigación escandinava, nórdica, coa galega. Aquí sempre se traballou ignorando estas relacións, quizais polo atranco da lingua nórdica, e o mesmo ocorre ó contrario, tampouco se facía moito caso ás fontes hispánicas por aquelas terras. Daquela, é un dos méritos do congreso o feito de que nós escoitasemos o que os nórdicos investigaron sobre este tema e eles escoitasen tamén o que aquí se investigou. Eu, por exemplo, presentei un relatorio sobre Historia Compostelana de Xelmírez, que explican moitos fenómenos das sagas nórdicas. Segundo mérito é o contacto persoal que houbo durante a celebración do congreso e terceiro, a constatación da existencia doutros camiños de Santiago alén do tan recoñecido camiño francés ou doutros de sona semellante, de aí que se podería dar a denominación de "os Camiños de Santiago", porque non só existe un só camiño como acabamos de ver.

Estes Camiños Atlánticos hai que analizalos desde un dobre punto de vista: por unha banda, son rutas atlánticas cara a Santiago de Compostela, pero, como ben sabemos, Santiago non posúe mar, non ten costa, e para chegar aquí, ademais de facer unha viaxe polo mar, precísase seguir outra por terra. Aí é onde entran as fontes, moi interesantes, de portos galegos, en particular o porto de Neda, os de Ferrol, Betanzos e A Coruña, que son os máis documentados, o que non significa que sexan os únicos; pois logo, pola parte do oeste temos o porto de Noia e a Ría de Arousa tamén. A maiores, e alén dos documentos, varios relatores nos demostraron a existencia de hospitais nestes portos. Así que este camiño coñecido pola denominación de "camiño inglés"

éo islandés, noruegués, alemán e mesmo francés ás veces pois tamén viñan peregrinos por mar desde La Rochelle ou de Saint Mathieu, na Bretaña francesa. Logo, o "camiño inglés" é quizais non tan importante como o francés, pero moi importante tamén. Despois engadíronse o "camiño portugués", o "camiño da prata", agora estase a falar mesmo dun "camiño de Madrid". Hoxe todas as vilas e cidades queren ter relación co Camiño de Santiago porque ese é motivo para solicitaren da Administración dotacións económicas. O que realmente hai que ter en conta é que cando comezan as peregrinacións, aló polo século XI, XII, que é o momento álxido, toda esta parte de España é árabe, e o Camiño xurdiu realmente despois destas datas, polo que eu sospeito que houbo no fondo unhas razóns mercantilistas.

—*Na súa opinión, ¿que importancia puido ter o feito xacobeo na configuración de Europa?*

—Hai autores que afirman que, en efecto, o Camiño de Santiago é un prólogo desta recente Unión Europea, e en gran parte levan razón, porque na época na que vivimos, en canto ó nivel de información: ordenadores, televisión, avións, correo electrónico... na actualidade estamos en contacto con calquera parte do mundo en tan só uns minutos, pero na época medieval, os contactos eran moi raros, moi escasos. Sen embargo, o Camiño de Santiago propiciou as relacións culturais entre franceses, alemáns, italianos, noruegueses, daneses, ingleses... Isto pódese observar actualmente, por exemplo, nas influencias culinarias do Camiño, pois os *calamares a la romana* son hoxe coñecidos en calquera recanto de Alemaña. Mesmo se pode falar da interinfluencia das distintas literaturas. Así que aquí podemos atopar o berce dos intercambios de ideas, de culturas e de movementos mercantís. Neste sentido, é obvio que se pode dicir que o Camiño de Santiago é un magnífico prólogo desta Unión Europea.

—*Xa para finalizar, ¿cal foi a razón que o impulsou a iniciar esa obra que será o* Breviario do galego ausente*?*

—Eu son un gran namorado de Galicia, malia non ter nacido aquí, por iso eu asino sempre nas miñas cartas: "Vicente Almazán, o galego que non naceu en Galicia". De aí que eu insistise neste congreso do que acabamos de falar que todo se redactase en galego, que os relatorios fosen tamén en galego e eu mesmo así o fixen, para predicar co exemplo. Claro está que eu teño certos problemas para falar galego, dado que eu aprendín primeiro o portugués, e recoñezo que me custa despoxarme do portugués, como así mo fixeron ver precisamente no congreso, pois alguén se achegou a min para felicitarme polo meu galego, pero apostilou que era mágoa que fose tan aportuguesado.

A min sempre me interesou a cultura popular, as denominacións populares da flora e, sobre todo, o que é auténtico dun pobo. Hoxe en día vivimos nunha desculturización do propio, hoxe todo o mundo come hamburguesas, viste *jeans*, todo o mundo anda coa típica viseira ó revés, porque se ve nas películas americanas; todo está americanizado. Pero os galegos non son americanos, son galegos, gústame que o galego sexa galego e o americano americano. Entón comecei a mergullarme no tema e atopei libros moi interesante e moi bos verbo do traxe galego, da cociña galega, das cántigas galegas, dos refráns, nunha palabra, do que é enxebre e popular, do tradicional. E estes temas engaioláronme. Logo constato que a emigración galega admira as culturas que coñece nas súas viaxes e esquece a súa propia cultura ou a menospreza, o mesmo que lles ocorre ós italianos que emigran a Canadá. De aí que atopase interesante o traballo nestes temas e veño realizando xa durante varios anos o que eu considero un compendio do que coido que Galicia é, da súa xeografía, da súa historia, das súas cántigas, dos seus traxes, supersticións, cociña, de todo o que é galego, para que estes galegos que viven fóra de Galicia, para que esas xentes galegas que andan polo mundo adiante teñan unha pequena obra que poidan consultar sobre os seus costumes e tradicións, porque os que viven aquí xa o saben ou se non o saben é porque non o queren saber.

C. C.
G. A. G.

Sentado nas beiras do infinito en Lisboa

Miguel Viqueira

Non é segredo ningún para o que saiba por onde van os tiros que os lisboetas trataron sempre mal a súa cidade. Historicamente consideraron toda a zona ribeirense (zona entrañable, como veremos) indigna da súa atención e do seu usufructo; construíron as súas casas afastadas do río, cando puideron facelo, e sempre dándolle as costas: as cociñas e outras zonas de traballo doméstico, mirando ó río. A entrada e partes nobres, cara atrás, cara ó centro e norte da urbe, o máis lonxe posible da auga e da súa bulideira vida, como pretendendo darlle a volta a toda a cidade, ordenala de maneira antinatural, en contra do que a xeografía dispuxera. Como consecuencia, toda esta extensísima área pobouse de barrios e xentes indixentes de todo tipo e condición, mentres os señores vivían e miraban cara adentro (da cidade e de si mesmos). A soa excepción do Palacio Real, o chamado *Terreiro do Paço*, verdadeira paréntese da nobreza e do esplendor grandioso entre e xentalla miúda, nunca foi suficiente para reivindicar e salvar, recuperar para a cidade e os seus cidadáns, tan espléndida ribeira, e hoxe permanece abastardado entre ministerios e outras dependencias administrativas que o someten á miseria do horario laborable.

Non é nova, por desgracia, esta situación. Xa Beckford o advertira con frases tan crúas como lapidarias: "Canto máis se coñece a cidade de Lisboa, menos responde á opinión de magnífica aparencia que produce ó enxergala desde a beira do río". E Byron, máis tarde, corrobórao sen clemencia: "¡Canta fermosura descobre Lisboa *ó principio*!" (subliñado meu). Quizais tamén por isto ambos os dous remataron refuxiados en Sintra, que o propio Byron definiu como *glorius eden*...

É verdade que Lisboa engana a vista do viaxeiro que chega desde o sur e entra pola ponte, como outrora a dos que chegaban en barco, puntos desde onde se divisa unha panorámica abraiante. Tanta policromía, tanta suavidade de liñas, tan perfecta ensamblaxe de casas que son un regalo para a contemplación polas súas formas onduladas e harmónicas, esvaécense así que un entra na cidade e dá cunha arquitectura vulgar, xa sen personalidade nin trazos definidos, atópase coa desorde urbanística, o tráfico caótico e desigual os mesmos días ás mesmas horas nos mesmos lugares, o pavimento tan ruinoso que só Nova York a supera en fochas e irregularidades e que constitúe unha verdadeira vergonza nacional; e sobre todo cando se enfronta á vellez descascada dunha cidade que lle soaba a mito. O de cidade branca non deixa de ser un eslogan máis ou menos afortunado, porque non hai nada diso en absoluto: en todo caso, a cidade rosa (cor *pombalina* predominante), ou amarelada, ocre en calquera caso, pero non branca: se hai un un por cento de casas brancas en Lisboa, é demasiado. Comprenderemos adiante de onde procede este equívoco do branco.

As últimas décadas foron catastróficas para Lisboa. A guerra colonial descapitalizou as operacións mínimas de mantemento urbano. E a revolución e as súas secuelas déronlle o golpe de gracia: estímase que hai en Lisboa máis de dez mil edificios seriamente deteriorados, cada inverno derrúbanse uns cantos, e se a isto engadimos a especulación, a ausencia de bo gusto... Preténdese facer de Lisboa unha metrópole plenamente europea con millóns de habitantes. O resultado é que ninguén vive en Lisboa, todo o mundo vive na periferia (que ¡xa manda chover na Habana!, pero esa é outra historia): aquí, só se traballa, de luns a venres.

Lisboa arrastra dúas condenas atávicas, unha obxectiva e outra subxectiva: a topografía endiañada, coas súas sete colinas (para min que son oitocentas...), a angostura asfixiante das súas rúas, que impiden unha correcta expansión e entorpecen a vida cotiá; e a imposibilidade de ver o río (só uns cantos privilexiados o poden facer, dos que máis da metade son funcionarios desde as súas oficinas).

Sen embargo, Lisboa segue vendendo unha imaxe mítica e o que vén aquí chega convencido (e as primeiras veces cúmprese) de que vai ver, e de que viu, algo extraordinario. E ten razón, pero non polos motivos que enchen as páxinas das guías turísticas, dos folletos e carteis de axencias de viaxes e da consabida propaganda ó uso. O que menos importa de Lisboa é ese centro histórico ou casco vello, tan típico, tan encantador, tan recollido, coas súas casas e os seus balcóns, as súas celosías, o seu pintoresquismo de tarxeta postal, lugares frecuentados sobre todo por xaponeses sorrintes en calzóns aínda que vaia unha friaxe que corte a pel, cámara ó pescozo; obesas estadounidenses de aire bovino e españois escandalosos e xesticulantes, conven-

cidos de que todo moi bonito, si, pero como España *na*. Eses lugares levan en si mesmos unha irrealidade tal que só existen de veras para os turistas, son como zonas virtuais da ciadade, que diriamos hoxe, moi aptos para unha noite de fados e copas: os seus escasos habitantes reais son indixentes lisboetas que renegan do turismo e do ruído da *movida*, e que viven alí porque non poden facelo, desde hai algunhas xeracións, en parte outra ningunha. Non, Lisboa non é iso, Lisboa é outra cousa e moito máis que iso.

Cando toca falar de monumentos as tentacións céntranse na famosa *Torre de Belém* (que un amigo calificaba con sorna como tarta de aniversario), nos *Jerónimos*, etc., detalles que calquera guía nos ampliará xenerosamente. Todo isto é pouco máis que estereotipo, se ben fermoso: pouco se fala do auténtico conxunto monumental que si atesoura Lisboa nas reviravoltas das súas rúas. Refírome ás igrexas barrocas (no sentido europeo do termo). No ano de (des)gracia de 1775, reinaba don José I e mandaba o Marqués de Pombal, paradigma do home da Ilustración. A fins dese ano un terrible terremoto devastou a cidade enteira. Pombal proferiu daquela a súa frase histórica: "Agora a enterrar os mortos e a coidar dos vivos". E como foi o único político portugués do seu tempo con auténtica visión de futuro e o último dos seguintes douscentos cincuenta anos, non se quedou só nas palabras bonitas e pasou ós feitos: trouxo os mellores arquitectos do seu tempo (italianos), e literalmente esgazou un espacio novo de onde sairía o que hoxe é xa o centro de Lisboa, malia os ataques dos seus atónitos coetáneos, que tanto e tan perfidamente o trataron de megalomanía. O certo é que aínda hoxe vive Lisboa, en gran medida, das xa parcas rendas daquel investimento histórico. Tal furor arquitectónico pagou sobradamente o óbolo á Igrexa e á relixiosidade do pobo: a cidade quedara practicamente sen templos. Das súas cinzas renaceron as espléndidas igrexas que hoxe converten a Lisboa na cidade que probablemente máis igrexas desta época posúe: son máis de cincuenta, e todas espléndidas, algunhas verdadeiras xoias monumentais, aínda que de diferente tamaño e porte; en calquera caso algo que os amantes da arquitectura desa época non poden deixar de contemplar.

Pombal comprendeu ben a esencia de Lisboa, pero non os seus contemporáneos (tras o terremoto construíron os seus palacetes de costas ó río, como xa dixen). Se observamos un plano da cidade advertimos que Lisboa é un gran L ó revés, vista (ou lida) de dereita a esquerda, e entre os seus dous extremos esténdese a urbe, que medra cara ó interior e cara ó norte, que é o afastamento do mar. O río confire certa horizontalidade a Lisboa, ciudade crecha e accidentada, como querendo fuxir cara arriba, agacharse das augas. Desta ribeira chegoulle á cidade todo o que a fixo grande (empezando pola lenda, que dá

como o seu fundador a Ulises). E os lisboetas pagáronllo convertendo toda esa extensa área en zona de traballo, pouco e pouco afastando o río dos cidadáns e da cidade mesma. Así chegamos á actualidade, cunha inmensa ribeira vedada ó pleno disfrute do cidadán, ocupada por todas as construccións portuarias que como tentáculos graxentos dun xigantesco polbo se foron estendendo ata copala por completo. Na novela *Sinais de fogo*, de Jorge Sena, que transcorre durante o verán do 1936 e onde todo ten que ver con España e coa súa Guerra Civil, hai unha testemuña patética desta realidade: a *Torre de Belém* estaba pechada ó público, abandonada, sucia, e ó seu redor medraba un depósito de carbón a ceo aberto. No ano 1940 a Salazar ocorréuselle montar unha espectacular exposición propagandística e de autobombo chamada do *Mundo português*, que tivo como verdadeira avantaxe a recuperación e devolución ó cidadán da ribeira occidental da cidade, a máis achegada á desembocadura do Teixo. O resto dela permanece como zona portuaria, aínda que timidamente van desparecendo os sinais de recuperación: a mal chamada *movida* lisboeta, aproveitando a quebra da marina mercante portuguesa e o seu consecuente peche da almacéns, terminais, etc., instalou algúns dos seus máis coñecidos *pubs* nesa zona. E para a ribeira oriental, temos hoxe a promesa da Expo 98, que devolverá unha parte considerable da mesma á cidade.

Custa comprender como as autoridades desta capital, tendo unha praza aberta ó río, de proporcións e estilo verdadeiramente impresionantes, única nunha capital europea, se resisten a faceren dela o centro da vida urbana, que podería e debería selo tamén da vida turística, cosmopolita, e sementala de tendas, hoteis, restaurantes, etc. Cando un chega a Venecia e senta en San Marcos, ou na praza do Palacio dos Doges, decátase de que aquilo é unha miniatura comparado con igual emprazamento en Lisboa, onde tamén abundan os motivos náuticos e os trazos bizantinos na decoración arquitectónica, só que ademais non teñen o problema das mareas nin da neve...

Este é o máis grave problema de Lisboa: a ignorancia e o desprezo cara ó río, cara á mar. E sen embargo, aquí, nesta entrañable ribeira lisboeta, reside o gran capital que a cidade vén dilapidando sen escrúpulos. Boto man de Fernando Pessoa e ó comezo da súa *Oda marítima*, onde se demostra que el si entendeu á perfección este problema e este segredo a voces: "Sozinho, no cais deserto, a esta manhã de Verão,/ olho prò lado da barra, olho prò Indefinido,/ olho e contenta-me ver,/ pequeno, negro e claro, um paquete entrando".

Nestes primeiros versos hai un adxectivo antinómico, pero clave: o *paquete* negro e *claro*. ¿Por que un pequeno paquebote *negro* o ve o poeta, ó lonxe, *claro*? A resposta a esta pregunta desvela en fin o mito e o misterio de Lisboa, o encanto ó que todo viaxeiro, malia os contratempos dos

que máis enriba falabamos, malia a fealdade que como toda gran urbe Lisboa tamén exhibe non importa en qué proporción, sucumbe: a *luz* de Lisboa, a luz variopinta pero constante ó longo das catro estacións do ano, única polo seu brillo peneirado, pola atmosfera entrañable que consegue crear, pola súa dozura e alcance... Non hai en Portugal outro punto xeográfico tan luminoso como esta capital, que por se fose pouco goza dun clima único tamén no país gracias á protección que da furia atlántica lle brindan a serra de Sintra, ó norte, e a de Arrábida, ó sur. En Lisboa todos os días do ano *sae* o sol: non é unha verdade de pé de banco, é unha doce realidade, aínda que sexan dez minutos ou menos, entre nube e nube, entre ballón e ballón, pero son suficientes para reconciliarnos coa vida, con nós mesmos, estimularnos para seguir adiante por adversas ou desalentadoras que sexan as circunstancias.

E esta luminosidade xenerosa, cuasedivina, acada a súa plenitude na ribeira de Lisboa: saír do centro urbano, chegar en dez minutos á beira do río e sentarse por alí mirando ó infinito, ó *Indefinido* que dicía Pessoa, é como un baño lustral para a alma, o bálsamo que estiña todas as feridas e todos os humores.... Daquela si, Lisboa está xustificada como cidade *branca* que é rosa ou ocre, e enfeitízanos, e prédenos, e empécenos renegar dela e fai que sintamos saudade dela cando estamos lonxe dela, e que fai que a amemos sen reservas.

M. V.

O destino en Passau

Helena Cortés Gabaudán

Azul, gris, aceiro. Tres matices aínda sen diluír. Tres impresións que loitan contra a corrente para ser ó menos un instante antes de morrer nunha síntese monocolor. O espectáculo é emocionante e inesquecible. Estamos en Passau, ou mellor dito, estamos vendo Passau desde o alto (porque como dixo alguén "venturadas sexan as cidades que se poden mirar desde o alto"), desde o outeiro onde se erixiu en tempos (século XVII) unha capela, a Mariahilfskapelle, como tantas outras en Europa, para dar gracias pola oportuna detención da ameaza turca. Desde este tranquilo mirador compréndese perfectamente toda a asombrosa e atractiva xeografía da cidade das tres augas: a Altstadt (cidade vella) aparece como unha lingua de terra, entre os cauces do caudaloso Inn e o Danubio, que se afía e morre xustamente na confluencia de ambos os dous ríos. Xustro detrás, e en perfecto paralelismo, alcanzamos a ver como se abre outra lingua de terra, moito máis pequena, pero fortemente destacada por dúas fortalezas, a de abaixo ou Niederhaus, na beira da confluencia do Danubio con outro terceiro río, O Ilz, e a de arriba ou Oberhaus, erguida sobre o cotarelo que domina a cidade xustamente desde o lado oposto ó que estamos mirando, a moita distancia da nosa capela, asentada sobre as abas da ladeira sur do río Inn. Unha sólida ponte, a Innbrücke, une o barrio do sur do Inn coa Altstadt, as dúas zonas máis habitadas da cidade tripartita. Outra ponte menor une á súa vez, pola outra beira, a Altstadt coas ladeiras do Ilz e os seus emblemáticos castelos. Pero as voltas e reviravoltas non rematan aquí. A acuática Passau érguese, polo visto, sobre o signo da trindade. Non só a bañan tres ríos, Danubio, Inn e Ilz, senón que tamén se asenta no límite de tres nacións. Contan que existe unha rocha na comarca na

que o paseante ávido de sensacións curiosas pode estar sentado nun país pousando cada un dos seus pés noutros dous países distintos. Alemaña, Austria e a República Checa en poucos sitios están máis preto que nesta natural fronteira tripartita de Passau. E é que Passau é unha cidade marcada por moitos curiosos destinos, por moitas encrucilladas de ríos, camiños... e vidas.

Antes de abandonar a nosa atalaia, desde a cal, ó empardecer, veremos saír río arriba os alegres barcos de pasaxeiros que entre sons de baile e ceas á luz das velas, nun rancio ambiente burgués cetroeuropeo de celuloide, emprenden un interesante percorrido polas numerosas esclusas que salvan o desnivel do río —Passau é tamén porto do Danubio—, prendados os nosos ollos nos muros da vella cidade, as numerosas torres dos seus templos ou a vella fortaleza pendurada dos rochedos do Ilz coas súas típicas contraventás pintadas de vermello e branco, gardarán na súa memoria esta visión privilexiada e inesquecible.

Pero para coñecer ben a Passau medieval e católica, a Passau episcopal cos seus pasadizos e calellas adornadas con imaxes de santos ou vellas pinturas, co seu seminario e os seus conventos, para sentir que, por unha vez, retrocedemos de verdade no tempo nunha das poucas cidades alemanas non destruídas pola guerra e, daquela, con pátina real non reconstruída nin reinventada, para iso temos que baixar algo a contragusto do noso cotarelo nun ameno paseo que nos levará desde o tranquilo e agradable barrio extra muros do outro lado do Inn ata o mesmísimo centro da cidade do outro lado da ponte, ata as portas da súa fermosa catedral barroca. Efectivamente, aínda que constantemente os vellos muros e as rúas estreitas nos fan sentir nunha cidade medieval, en Passau destacan as xoias arquitectónicas do Barroco. Ademais da catedral de St. Stephan, co seu fermoso interior en tons brancos, podemos admirar dúas residencias episcopais (Alte und Neue Bischofsresidenz), sendo a última delas, que data do século XVIII, un bo expoñente da ormamentación rococó que nos fala de todos os fastos soberbios dos prelados de Passau, señores feudais e plenipotenciarios desta franxa de terra que tutelaron, modelaron e gobernaron ó seu antollo nos tempos nos que aínda gozaban do privilexio de seren príncipes electores e unían á súa calidade de príncipes da Igrexa a de príncipes mundanos. Estes arcebispos paternalistas e despóticos ateigaron a cidade de obras relixiosas e civís igualmente fastosas. Se por unha banda fixeron construír para o seu propio deleite unha casa da ópera en auténtico estilo Luís XVI, hoxe Teatro Municipal, tamén os templos de St. Paul, St. Nikola ou St. Michael, ademais do antigo colexio dos xesuítas, na actualidade Seminario Diocesano, son outras tantas mostras do esplendor católico e barroco de Passau, as pegadas pétreas e inmortais desa

estraña e suxerente vinculación entre o catolicismo e a mundaneidade, que se ben carece da máis básica humildade cristiá produciu un dos estilos fundamentais da arte europea: precisamente o barroco. Na tamén pequena Salzburgo, non moi lonxe de aquí, outro destes caprichosos príncipes da Igrexa fai escribir para o seu goce artístico, nestes mesmos anos, unha das máis fermosas músicas endexamais escoitada. E así, tamén acaba recaendo en mans do catolicismo unha pequena parte do único triunfo artístico que parecía reservado de modo exclusivo á relixión que quixo falarlle a Deus con música, a relixión da cantata divina. Ó sur de Alemaña e Austria compiten relixiosamente coa outra Centroeuropa protestante que reclama para si un cristianismo máis sobrio. E en Passau, miremos cara a onde miremos, e sexa da época que sexa, todo nos fala de catolicismo. Porque tampouco faltan en Passau as pequenas igrexas medievais dos tempos do primitivo cristianismo aínda humilde e aínda non dividido, dos tempos en que a cidade saíu —xa e para sempre— das mans dos primeiros bispos cristiáns. A igrexa de St. Severin, a Salvatorkirche, erixida sobre a antiga sinagoga como lugar de peregrinación, e hoxe, sala de concertos, ou a Heiligkreuzskirche, coa súa dobre torre, que antes era parte do convento das benedictinas, son mostras desta época de fundación e construcción da cidade, ademais dun bo número de conventos ou, algo máis adiante no tempo, o edificio do concello (do século XV, pero remozado no século XVIII) coa súa torre neogótica.

Non cómpre precisar que a católica Passau é tamén conservadora ata o último extremo. Pero o tradicionalismo que habita en cada cafetería, en cada tenda e rúa dunha das máis "negras" cidades de Alemaña é, neste caso, case un ornato máis, como os seus vellos muros e os seus sempiternos bispos, un requisito normal nunha cidade que custa concibir como progresista e moderna. Ata a súa recente universidade (data de 1978), que lle deu un novo pulo e xuventude, está situada como por casualidade nun antigo convento e non resulta tan estraño atopar algunha alumna que aínda acode a clase ataviada co típico vestido de exuberante escote, puntilla e mandil. E en poucos sitios de Alemaña se ve pasear aínda pola rúa tanto sombreiro de señora con plumas de faisán multicolor dunha gran lonxitude, ás veces mesmo inverosímil e absurda. Pero este sempiterno anacronismo de Passau, cos seus toques decadentes e arbitrarios, non deixa de ter un certo encanto retro. Un encanto que ás veces se transforma en prevención e mesmo medo cando da pura contemplación estética e atemporal nos adentramos na reflexión política e comezamos a advertir signos dun tradicionalismo que ben pode ser ás veces descalificador e mesmo perigoso.

A alemanísima cidade de Passau non está exenta dos inevitables emigrantes turcos ou gregos, nin dos asilados políticos, eses exóticos e

desarraigados Támiles morenos, escapados dunha cruel guerra civil, que pasean sen rumbo nin ocupación por unha cidade, para eles, doutro planeta. ¿Que sentirán, como serán acollidos nesta cidade onde ata a morte do último "rei" de Baviera, Franz-Joseph Strauss, o conservadurismo máis rancio celebraba unha inmensa festa política, en tan emblemático día católico como o Mércores de Cinza, e acudía en masa a aplaudir, rodear e aclamar ó seu líder, que en tan magna ocasión pronunciaba un dos seus máis significados discursos? Pero abofé que a dolor non ten signo político.

Logo de pasear e meditar neste centro de Passau impregnado de todo o bo e de todo o malo do catolicismo e da xermanidade, esqueceremos o humano e un paseo nos conducirá ata as beiras do Inn para gozar, en primavera, dos ordenados xardíns ateigados de flores, en inverno, dos xélidos pasadizos colgantes de ferro que nos conducen ata o barrio extra muros da outra beira e que, de noite, envoltos en brétema e silencio, coa única guía das luces e as torres borrosas da cidade vella do outro lado, adquiren un carácter irreal e fantástico. Referencia inevitable nas veigas do río, do lado da cidade medieval, son tamén as barras que sinalan o alcance das distintas enchentes do río e as frechas das distintas inundacións que fixeron tristemente famosa a Passau. E como resulta imposible non sucumbir ó encanto xeográfico da nosa cidade trifluvial e trifronteiriza iremos ata esa mesma lingua de terra contemplada desde o alto para volver a admirar, agora ós nosos pés, a unión das augas do Inn, o Danubio e o Ilz, xa que, despois de todo, esas tres augas son o emblema de Passau, a "Dreiflüssenstadt".

Historicamente, a nosa cidade trifronteiriza, un pouco esquecida contra o final de Alemaña, mirando case máis cara a Austria e á cercana Linz que cara a Alemaña e á, non tan próxima, Múnic, naceu como un castro celta (Boidorum) asentado na lingua da terra entre o Inn e o Danubio, que inmediatamente foi romanizado, do que dan fe as ruínas do Kastel Boiotro. Sobre este asentamento romano, polo que pasaron todas as hordas de avaros, hunos e batavos, construíuse en tempos dos reis carolínxios xa cristiáns, a primeira cidade medieval. Así, pódese conceder carta de fundación á cidade de mans do famoso bispo Pilgrim, o mesmo que aparece citado no célebre Cantar dos Nibelungos e que quizais fose o mecenas que encargou a un anónimo escritor da zona que fundise nesta inesquecible obra os vellos cantares xermánicos do ciclo de Sigfrido e do ciclo de Atila e Dietrich von Bern (Teodorico de Ravenna). A cidade de Passau recoñece aínda hoxe a súa débeda con este poema: a céntrica Nibelungenhalle é o pavillón onde se celebran as asembleas políticas, eventos culturais e macroconcertos de rock máis sonados da cidade; a Nibelungenstrasse, o camiño-estrada que conduce ata Passau, lembra o paso do exército dos burgundos de Günther cara ó país huno e

evoca inevitablemente toda unha parte da historia de Alemaña desde os máis fermosos versos da súa literatura medieval.

Passau está xa no límite da outra Europa, a das grandes chairas batidas polos ventos, as chuvias, os xinetes hunos ou as incursións turcas, a que mira cara a Asia e lle dá as costas a Roma, a que xa só bebe cervexa e licor e non sabe apreciar o bo viño, a que saltou xa o "limes" da civilización latina, que por moito que digan, nunca estivo no Rin, senón no Danubio. O Leste, escuro e enigmático, comeza ó cruzar o río cerca de Passau.

Hagen sábeo. Sabe que cando cruce o río Danubio a fermosa Burgundia tendida ó sol se esvaecerá para sempre entre as mestas brétemas esteparias, as tebras da morte que agarda alén de Passau. Atrás queda a amable hospitalidade brindada ós cansos guerreiros polo bispo Pilgrim, parente dos reis de Worms, atrás queda a última noite de alegría e esperanza nesta viaxe alucinante cara á nada. Sabedor de que todos eles han morrer, Hagen fai o supremo xesto que o transforma de odioso asasino do inxenuo e luminoso Sigfrido en sombrío pero grandioso heroe xermánico: ante a mirada atónita dos seus homes esnaquiza a barca que os conduciu á outra beira e que tería que devolvelos o día do seu regreso. Se hai que morrer, como lle anunciaron as sereas do Danubio, ¿para que manter infundados vestixios de esperanza? Destruamos a última posibilidade de retorno, o último símbolo de fe na supervivencia, fagamos que a fatalidade sexa irremediable. O heroe xermánico non só é quen de asumir o seu destino, fai que se cumpra. Se o heroe grego, meridional e vitalista, aínda fai xestos desesperados tratando de esquivar o seu destino anunciado nun inútil empeño positivo —pero ¿de que valeu disfrazar a Paris ou esconder a Edipo?— o guerreiro xermánico non escapa do seu fado, nin moito menos queda agardando por el sobrecollido: é o seu propio axente, sae na súa propia busca, acelera a súa inevitable morte para poder rirse dela por non ser quen de sorprendelo, porque ó final foi el o máis empeñado nesta tarefa sombría e destructiva e na súa caída arrastrou máis sangue e máis mortos que os que a propia Morte podía prever. O heroe xermánico substitúe ó destino e autoafírmase na fatalidade.

A historia de Alemaña está chea destas aniquilacións catastróficas, está chea desta búsqueda compulsiva de morte e destrucción á que é inútil tratar de buscar unha racionalidade. A historia de Alemaña non é unha historia de razóns, senón de emocións, non é unha historia de planos lóxicos, senón de sentimentos escuros e telúricos, non é unha historia de brillantes e alegres victorias, senón de arrepiantes derrotas. E a primeira páxina desta historia foi escrita en Passau e quedou fixada xa como un destino indeleble da nación. Nas terras que rodean a Passau ocorreu algo máis que o inicio literario da viaxe cara á morte dos Nibelungos. Comezou a viaxe histórica cara á morte do pobo alemán.

¡Cantas veces saíron os exércitos alemáns en dirección ó Leste tratando de poñer as súas fronteiras un pouco máis alá, trantando de conquistar tamén esa Asia tan desexada e xa non tan afastada cando cruzamos o Danubio! ¡Cantos cadáveres alemáns e inimigos deron de beber ás tristes chairas que se estenden desde a Alemaña europea ata Moscova, pasando por Polonia, República Checa, Eslovaquia, Croacia, Bosnia...! Como os Nibelungos, aqueles soldados alemáns nunca retornaron porque algún dos seus xefes decidiu un día, como Hagen, esnaquizar a barca e ir buscar e sementar a morte lonxe, en lugar de agardar na casa a súa lenta chegada. O paso do Danubio do Cantar dos Nibelungos esconde todo un símbolo. Nel, Alemaña asume toda a morte que vai vir.

Desde ese simbólico momento do poema, o ton tráxico que xa posuían os seus versos desde o inicio faise progresivamente máis denso ata que por fin se libera a irrespirable tensión acumulada nunha espiral de horror, sangue e morte orquestrada ata o final pola implacable vontade nihilista de Hagen, quen triunfa como destrucción por encima de calquera componenda coa vida. O duelo final nin sequera é xa coa morte, afirmada e asumida como compañeira no Danubio, senón con outra vontade igualmente aniquiladora, a de Krimilda, quen lonxe de ser xa a inxenua doncela cortesá da primeira parte do poema é a implacable vingadora que non vacila en facer morrer a todos os seus seres queridos e a todo un pobo co único propósito de superar a Hagen, de ser máis mortal. Esas dúas vontades, a masculina de Hagen e a feminina de Krimilda, auténticos protagonistas do poema, saben dirixir tan ben a súa macabra sinfonía fúnebre que ó final ninguén escapa con vida, nin inocentes nin culpables, nin hunos nin burgundos, só a Nada.

No límite da fronteira, Passau persiste no tempo e permite esta evocación.

H. C. G.

Outros ámbitos

Bieito Iglesias

O viaxeiro é paxaro que viaxa coa gaiola.
Bioy Casares

"Barcelona é cidade diurna". Iso dicía o folleto que me esperaba onte á noite no cuarto do hotel, enriba do mini-bar. Quere dicirse que os máis dos cataláns e asimilados se deitan cedo, canda as galiñas. Moi de mañá acoden ó reclamo do trafego urbano, ó balbordo dos autos e ó retinir da peseta que soa durante a xornada laboral. Fluctúa no ambiente un recendo ofensivo. As ulideiras recoñecen un efluvio antigo, de cloaca e humanidade abigarrada, de calor que acelera e subliña a descomposición. O *carrer* do Carme chéirame a sestas ourensás da nenez, e nos mendigos que se refuxian do bochorno en parques e portais, incluso en monumentos e bibliotecas públicas, descubro a mesma avidez de sombra que me empurraba ó Miño, ó amparo dos canavais e dos patios regados, nos lonxanos días da canícula auriense.

As árbores das Ramblas, que se albiscan ó fondo do *carrer,* chaman por min. O xentío que baixa da Praza de Cataluña, poderoso como unha riada, arrástrame a un remuíño de turistas xaponeses, panfletarios republicanos, detectives reintegracionistas, amantes cunilingües, postos de flores, fauna venal (tartarugas de Florida a 500 pesetas, periquitos de Dinamarca de viva cor celestial) e fervor *culé,* visible nos infantes que locen zamarreta blaugrana e nos titulares da prensa deportiva que señorean os quioscos. Aquí e en calquera sitio onde coagule o poder e o diñeiro inzan os buscavidas. Tropezo con vendedores de tabaco rubio; con raparigas de pernas luxadas de cotra vagabunda, que envían lume e ensaian xogos malabares; con mimos bañados en cor tella ou azul armadura, chantados igual que estoas en medio do paseo, ofrecéndose como Quixotes e centurións romanos mendicantes.

No Café da Ópera maréome ante o espectáculo dunha matrona larpeira, co fuciño e a papada varnada de xelado derretido. E compadézome do *gigolo* que a acompaña, tópico *latin lover* morocho e alegre, condenado a someterse a unha amante de tan descomunais apetitos. Téntome as roupas, aperto a billeteira contra as partes pudendas, cando se me acerca un mozote de parla italiana. Limítase a pedir unhas *monetas*, pero axiña o atrapan dous gardas urbanos e cachéano a feito, como se quixesen facerlle cóxegas. O carteirista é tan italiano como Sergio Dalma, un remedo plausible, de voz rouca e sorriso anxélico, desmentido polo acento palatal con que apostrofa ós policías.

O sinistro edificio do Liceo está empaquetado con lonas que publicitan os desexos de restauración: *"entre tots l'alzarem"*. Apalancado na terraza de enfronte, entreteño as horas escrutando a multitude, libando cervexa e lapexando nos anuncios de relax: *Jenni, gallega, el mejor francés de Barcelona, 120 de pecho. Escritora erótica, jugaré con tu juguete en mi casita de muñecas. Chicas de servicio con cofia y plumero. Las maduritas, especial cubanas. Mulatilla, flor del Caribe. Chico afeminado, sin vello, aire acondicionado.* Si, *"entre tots l'alzarem"*, ¿quen é o guapo que se resiste?

Empezo a advertir un déficit de potencia na urbe, a pesar da Olimpiada e do pacto de Pujol co goberno central. No tramo final das Ramblas vexo consignatarias reconvertidas en sex-shops. Os folletos turísticos subliñan dous engados barceloneses: o barrio chino e o Barça. Mal asunto. Os prodixios desta cidade asentaron historicamente nun sofico irrefutable: o diñeiro. O vil metal empurra, por exemplo, a normalización lingüística. As raparigas que pasan ó meu carón; parrafeando en catalán, locen elegantes e modernas. As súas palabras non evocan a fidelidade *pagesa*, senón a seguridade de quen pertence ós elixidos, ós que teñen a vara e a besta. Que os publicistas se esforcen en airear o atractivo canalla, reclamo que atrae ó turista sexual, chéirame a demisión da burguesía catalana, amante da *ceba* (do catalanismo) e das manufacturas. Certo que Barcelona tamén é iso: as ensaladas de tiros das novelas de Montalbán e Andreu Martín; o mundo prostibulario en que nos mergulla Peyre de Mandiargues no seu relato "Á marxe" (a banda dereita das Ramblas, mestizo territorio de peñas taurinas, churrianas e negocios improbables); o ámbito fronteirizo en que cohabitan señoritingas ben e galopíns *charnegos*, tan precisamente debuxado por Juan Marsé. Pero, en anteriores visitas, non vin enfatizada esta imaxe que aproxima a cidade condal —berce da respectabilidade e laboriosidade case protestante— á Habana, paraíso de languidez e proído erótico.

Por parte, acho esaxerada a épica *culé*, as primeiras páxinas dos xornais adicadas a *Can* Barça, as estampas de Figo e Kodro, arcanxos

que anuncian o triunfo do "exercito simbólico de Cataluña" (Vázquez Montalbán). Paréceme que as xentes —eses paseantes que acaparan insignias e bufandas, que mercan fotos dos seus ídolos coma quen colecciona estampas de santos— buscan o esplendor na herba dos estadios, ignorantes de que o comercio liberal e a prosperidade se compadecen mal cos loureiros deportivos; de que Esparta lle gañaba a Atenas nas Olimpiadas; de que a URSS lle comía as papas na cabeza ós americanos nos torneos atléticos.

Apetece pasear en *Golondrina*, nun barco que te alonxa do porto o bastante como para bañar a alma no mar da Odisea, nas augas que duplican o firmamento, exentas da frialdade e das turbulencias que sacoden o océano tenebroso do Finisterre. A ilusión traspórtame ós trirremes fenicios inventados por Kipling.

Ó desembarcar, musito as palabras obrigadas: "madre Cartago, devolvo o remo", e precipítome ó chiringuito atestado de turistas. Os autobuses dos tours-operadores estacionaron na Praza de Cataluña e empuntaron a pasaxe Ramblas abaixo. Arriban ás terrazas do porto con paquetes de *souvenirs*, sofoco nas meixelas e tacañería suíza. Conténtanse cunhas gambiñas saladas e tacos de fuet. Distraído e todo polo funicular que sobe a Montjuic e os leóns un algo petulantes que escoltan o monumento a Colón, polo formigueo portuario que a luz mediterránea revela con crudeza, non deixo de reparar no renglón da carta que convida a albóndegas con sepia. Estou seguro de que neste establecemento traballaba un camareta que veu resultando asasino. Desenmascarouno Carvalho ou Javier Lallana (o policía soso de Andreu Martín), non podo precisar o recordo, pero estou fixo das tapas que servía: bocarte, berberechos, taquiños de fuet, gambas saladas, ensaladilla alemana e albóndegas de sepia.

Da humanidade que poboa o barrio chino pode dicirse —valéndonos do título dun sonado programa de TV3—: *sembla* que ten problemas. Debería remontar as Ramblas e mercar doces *apiñonats* en calquera confeitería. Pero ocorréuseme vir tomar café a estes becos de luxuria triste. Non se encontran por aquí as mulleres fermosas do Ensanche marchando polas beirarrúas sombreadas de árbores a paso de andadura, campando coas minisaias vergonzantes que a penas ousan descubrir as coxas. Este é definitivamente o lado da sombra, a eóns de distancia da cidade solar na que pontifica *La Vanguardia* (Rúa Pelai) e emite Radio Nacional (Passeig de Gracia). Non tiven ocasión aínda de camiñar polo remozado Poble Nou, nin de comer nos restaurantes da Barceloneta (onde estes días selaron un pacto Trías de Bes e Aleix Vidal Quadras, ou sexa, o *seny* catalán sen veleidades nacionalistas, o PP máis atento á *Espanya grand* que ó *Barça triunfant*). En cambio, trepei as rúas do *Eixample* e respirei o olor do diñeiro nos escaparates, ese tasto que

soxulga ós homes e embriaga a case todas as mulleres. Foi no Paseo de Gracia, co achaque de visitar a X. G. Gómez, crítico literario afouto e látego de longo alcance. Unha desilusión. O "Queimacasas" é persoa que fala baixiño e de amabilidade oriental. Eu, que xa vin incinerados dous libros por causa da súa pluma abrasadora como fachón, e que temía polo meu piso mercado con hipoteca, mirei de arrincarlle a carauta ó pirómano, oculta detrás do home temesiño que me convidou a café, pero só conseguín provocar as confidencias dun lector de *O Progreso*.

Máis decepcionante, se cabe, resultou a incursión no territorio mítico do *Chino*, suposto arrabaldo de Babilonia. O tradicional zoco sexual retrocede ante o luxo das salas de masaxe, os departamentos con bañeira espumosa e o contacto telefónico. Cortázar atribúe a meretrices francesas a sofisticación dos rudos hábitos amorosos gauchos. Fronte á luxuria de xenetes "afeitos a brincar do cabalo á femia", as sofisticadas prostitutas galas levaron ó bordel porteño, onde unicamente se apreciaba a carne, o compango do verbo. "Situaron o acto máis arriba do embigo". A civilización erótica coñece hogano un novo estadio, o sexo converteuse en sistema de comunicación. Igual que a gastronomía e todas as delicadezas sensuais que a vida brinda. Hoxe é máis importante a mantelería, a cerámica, a decoración dos restaurantes que a experiencia pantagruélica do arroto e a fartura. Así tamén, as venus esteatopíxicas (de espeteira, pernas e acenos ofensivos) que pululan por Marqués de Barberá cotizan á baixa, en tanto que o desexo se engolfa na lencería fina, na voz humana (*una voce poco fa* e, sen embargo, prosperan os teléfonos quentes) e na literatura: chuvia dourada, bico negro... medios de transporte (metáforas) que conducen a libido moi lonxe destes zudres, destes acenos de regateiras, das bocas repintadas e as sabas de hixiene dubidosa.

O concello anda empeñado en fermosear este anacronismo, as rúas están levantadas e as chivas ofertan a mercadoría macerada entre rebumbio de amasadoras e poeira levantada polas barrenas. Paro nunha esquina a contemplar a gabia que perfora a brigada municipal de obras, o precipicio das olleiras que me escrutan con realismo: "contrafeito e turista cachicán". Leo nas caras das mulleres o dictame e resígnome a ser ignorado. Por disimular, busco entre os rótulos próximos algún pretexto para permanecer no lugar sen pasar por espión entrometido. Hai unha tenda que expide pararraios e un negocio de serpentinas e confetti. O dono deste último éncheme os petos de papeliños de cores a cambio de catro cadelas e, aínda que parecía momificado, a ton co local destartalado e o barrio agonizante, esperta cando pecho a transacción cunhas palabras corteses. Ten oído de porca parida para os acentos.

—¡Ah, galego, carallo! Coñezo o país. Fun moito a Ribadavia de novo. Traballaba daquela as caixas mortuorias.

Souben por el que a idiosincrasia patria non descansa na saudade, senón que se sostén sobre o membro viril. Alén de Pedrafita non valen Rosalías, Arsenios, nin grelos; nin sequera mariscos. Somos do nabo os galegos, como os cataláns son da cebola e de Converxencia. Pero o nabo de Lugo e o carallo vintenove, o pulo fálico que nos constitúe en unidade de destino, resólvese sobre todo en sexo oral: en linguas que furan as paredes con tacos de groso calibre. A iso alude a nomeada que nos poñen cando ultrapasamos o Padornelo. Polo demais, cada un gobérnase como pode. O espectáculo da barrena furando, arrincando chispas da calzada, desanimoume bastante, e tiven a impresión de que os potenciais clientes e miróns tamén se sentían humillados por esa competencia ruidosa.

Acordei retirarme a terreo máis favorable e encontrei na rúa da Cadena o ámbito silente e fláccido que andaba procurando. Pasan transeúntes de palabra ferreña, árabes discutidores e mendigos arremuiñados diante dunha casa de beneficencia. En cadeiras de palla que ocupan a beirarrúa asentan a galbana os siareiros do Atlanta F. C., equipo que non sae no *Mundo Deportivo* pero dispón de sede, de local "só para (s)ocios". A sesta matadora que queima o aire empúrrame cara ó Bar Mezquina, último refuxio para almas vencidas no que os parroquianos locen tan estragados como Bogarth e as nenas en nada se imitan a Ida Lupino.

Media ducia de mulleres de voz rouca e acenos de maroutallo danlle ó naipe con individuos que renunciaron ás especialidades eróticas prometidas polas súas compañeiras de xogo (cabalgadas cansinas en facos resabiados), anque poden chegar ás mans en loita pola puta de bastos.

Espío os xogantíns dando tabaco —é o que lle aquece ós de fóra da partida—, e descubro certas cadencias nos falares dunha muller de cara de pan, mascarita de rancor que fulmina os rivais con ollos remelados. "Déixaos que arrastren o cu polas pallas, xa baterán contra o mostrador". Recorro ó argot dos tafures de nós, e obséquiame cunha mirada de entendemento. Ben se ve que non tivo a fortuna de Jenni (120 de peito), carece de posibles para asomar ás páxinas de relax dos diarios. En verdade, non parece afortunada en amores mercenarios nin dos outros, pero levanta boas cartas. Cando se ergue un xogador, ofrézome a facer un pé e, emparellado con Jesica, gaño un prato de moedas de cen e un convite a café. Nun dado momento, quedeime a pao firme e levei todas as bazas. "Luns foi Antón por leña, martes serra, mércores corta, xoves talla, venres ata, sábado chega. ¡Ala pasmóns facédeme a cea!" Con ese acompañamento fun apañando os naipes, ante a indiferencia enconada dos rivais e o riso de serrón de Jesica.

Ó término da partida, intercambiamos breves reflexións sobre a vida. Achou o tema demasiado vasto e limitouse a informarme de que

empezara a carreira nunha barra de Valdeorras, aturando ós operarios da pizarra. Propúxenlle un paseo endeica o meu hotel, sito a carón dun negocio fino *(on parle français)* no que serven leite con grosella.

—Non é nada persoal, chachiño —desenganoume—, pero non quero nada con bostóns. *¡De los gallegos, ni el aliento!*

B. I.

Harvard Square

Manuela Palacios

Para falar da Universidade de Harvard cómpre comezar pola marxe, pola periferia, polos puntos nos que o mundo académico se mergulla no resto da poboación, nos que conflúen *town* e *gown*, nos que estudiantes, profesores, comerciantes, turistas e os sen fogar comparten e loitan por un espacio: é por esta razón pola que decidín titular este artigo "Harvard Square" —a praza da vila de Cambridge, Massachusetts, na que metro e autobuses verten todos os días centos de persoas— aínda que o centro tradicional desta universidade se atopa a uns poucos pasos en Harvard Yard.

O vórtice desta irregular praza está no quiosco de prensa estranxeira, no que académicos, estudiantes e turistas de todo o mundo se apiñan para botarlle unha ollada ós titulares —e algúns mesmo para ler *in situ* o xornal enteiro— da prensa dos seus países. Como nin televisión nin prensa local se prodigan en novas que vaian máis alá dos catro ou cinco puntos candentes do planeta, a visita ó quiosco convértese nun ritual imprescindible no que se mesturan morriña e ansiedade. Aqueles que coma min sintan paixón pola radio farán ben en sintonizar WBUR, unha emisora francamente estimulante da veciña Universidade de Boston, que se financia en gran parte coas aportacións dos oíntes e que retransmite todos os días os noticiarios da BBC.

Se o que queredes é informarvos do que acontece na Universidade de Harvard atoparedes no mesmo quiosco dúas publicacións, sen dúbida ningunha decepcionantes: *The Harvard Gazette* e *The Harvard Crimson*. O primeiro é un semanario de carácter oficial, propagandístico, no que abundan loanzas ós cargos administrativos pola súa eficiente xestión, ó profesorado polos premios que recibe a súa investiga-

ción, ó alumnado pola súa entrega desinteresada á comunidade, etc., pero no que non asoma o máis mínimo espírito crítico. Trátase dunha publicación que tenta fabricar e perpetuar a imaxe da universidade máis prestixiosa dos EE UU; unha imaxe inmaculada, que non poida dar pé a ataques desde o exterior, que non regale avantaxe ningunha ás universidades que, como Yale, compiten na captación do financiamento e do alumnado e profesorado máis brillante.

Así e todo, non podemos permitirnos o luxo de deixar de consultar o seu calendario de actividades culturais, cunha vizosa oferta de exposicións, teatro, música, conferencias, cursos extracurriculares, cine, e todo aquilo que vos caiba na imaxinación, o que amosa o dinamismo desta institución. Os museos da universidade —o meu favorito é o Fogg— poñen en marcha máis actividades culturais nun mes que o concello de Santiago nun ano. Os departamentos das ciencias da saúde organizan todo tipo de eventos para axudar á xente con problemas médicos; aínda me lembro da sorpresa que levei cando, ó pouco de chegar, atopei o anuncio dun grupo de apoio para comedores compulsivos.

Pola outra banda, *The Harvard Crimson* é un xornal cunha perspectiva máis crítica e máis estudiantil. Nel asoman os problemas das asociacións de estudiantes, que adoitan queixarse do seu escaso poder de convocatoria, as polémicas raciais —nalgunha ocasión armaron un bo balbordo ó falaren da *Harvard Plantation*—, as denuncias do exceso de celo dalgún policía da universidade, etc., pero na súa meirande parte trátase de artigos superficiais cunha calidade de redacción pésima.

E a verdade é que teñen abondo de que queixarse, pois nin nesta universidade, nin na gran maioría das dos EE UU, teñen os/as estudiantes a representatividade e a influencia das que gozan nas universidades españolas. Non hai moito, debatíase nas páxinas do *Crimson* a posibilidade do cambio de datas duns exames. A maioría do alumnado estaba a favor do cambio, pero o profesorado non atopaba nel beneficio propio ningún, polo que as datas quedaron como estaban. Son moitos outros os aspectos que evidencian a ausencia dunha xestión verdadeiramente democrática. Por dar un exemplo, o cargo de rector (presidente) é vitalicio e acumula unhas cotas de poder excesivas.

Arredor do quiosco, músicos de todas as tendencias, niveis de calidade e orixe étnica repártense a rúa e proban sorte coas audiencias. Din que a Tracy Chapman a descubriron mentres actuaba nesta praza, aínda que non deben de abondar casos de éxito como este. O animado ambiente fai que Harvard Square sexa un dos poucos sitios do país que bole coa xente nas rúas ó solpor e mesmo pola noite. A tenda da universidade, The Coop, vende todo tipo de obxectos e pezas de vestir coa insignia de Harvard a prezos desorbitados —aínda que eu sigo a

pensar que se un quere que se lle note que estivo en Harvard terá que ser por algo máis que a camiseta.

Cines, teatros, concertos, librerías, restaurantes, cafés... confórtannos das inclemencias do tempo, do xélido frío do inverno, da húmida calor abafante no verán. Así e todo, a mellor época para visitar Harvard, e o estado de Massachusetts en xeral, é definitivamente o outono. As engaioladoras cores do cambio da folla fan que por un momento esquezamos as zamburiñas ó forno, a empanada de millo, ou o xamón serrano... e nos conformemos co bocata do Au bon pain.

Pensamentos bastante máis desacougantes que os culinarios son os que teremos que sopesar no Au bon pain, pois ningún outro espacio das mesmas dimensións representa con máis exactitude o microcosmos da complexa e proteica sociedade americana. Administrativos, académicos, turistas, mendigos... comparten mesas, co ordenador portátil á beira da bolsa de farrapos da vella sen fogar, coas rechamantes páxinas do libro que a estudiante marca co rotulador luminoso á beira da testa greñuda do borracho que dorme xunta ó seu vaso de café, cos xadrecistas tensos, ensumidos, que baten o crono con rebinxe e medo á beira do negro tolo disfrazado de bombeiro-policía-soldado confederado que recita sen acougo frases cheas de son e furia, frases que nos semellan sen sentido porque se refiren a unha realidade que descoñecemos.

Cómpre ter o estómago ben curtido para non sentir certa sensación de náusea ante o espectáculo. Ollos e oídos fican prendidos do magnetismo da miseria humana: "Xa levo o azucre para o teu café da mañá", di unha vella negra, pobremente vestida pero cuberta de bisutería, que vén de coller dous minúsculos sobres de azucre para o seu vello compañeiro branco. "O que ti tes que facer é atopar un traballo", dille un mendigo de mediana idade a unha rapaza desdentada que simplemente lle pide que a esperte cando chege o seu mozo. Eu xa debería estar afeita a estas situacións; despois de todo non hai mañá na que ó erguer a persiana do meu apartamento da Universidade de Harvard non atope a alguén remexendo no lixo. Non embargantes, cada vez vaime custando máis traballo mastigar o meu bocata de polo con estragón, con leituga, con tomate, sen cebola, con maionesa, con pan francés... e penso que cando, tras o minucioso interrogatorio dos ingredientes, o empregado me preguntou: "For here or to go?", debería terlle contestado que o quería levar lonxe, lonxe... á terra de endexamais na que xa se resolveron os conflictos de clase, raza, etnia e relixión.

Se queredes aforrar a mágoa, ide xantar ó Pamplona, pequeno antro con engado no que o camareiro vos servirá un saboroso polo con ameixas, mentres, de fondo, escoitades as conversas dos profesores e profesoras do departamento de cine. Non é ningunha frivolidade, son persoas traballadoras, críticas, solidarias, que bolen con ideas e pro-

xectos. Non tedes máis que ver o catálogo dos cursos que ofrecen, ou os fondos da cinemateca, ou os ciclos de cine das máis recónditas nacionalidades, que representan unha alternativa óptima a Hollywood.

Se o que necesitades é un café ben forte, estades de sorte, porque destes cun dos poucos lugares do país nos que se poden degustar bos cafés. Ide ó Coffee Connection e probade as variedades máis exóticas preparadas nas cafeteiras máis dalinianas, ou ben decidídevos por un simple e reconfortante expreso.

Para situarnos historicamente en Harvard Square referirémonos a unha muller, Anne Bradstreet, á que chaman a primeira poeta americana con recoñecemento público. Viviu nesta mesma praza co seu home no século XVII, e cando escribía pedía perdón por tomar a pluma, por apoderarse dunha linguaxe que non lle pertencía, polo seu intrusismo nunha tarefa de homes, pola súa ousadía ó tentar competir con eles: *"Men can do best, and women know it well./ Preeminence in all and each is yours;/ Yet grant some small acknowledgement of ours"*. (Os homes poden facelo mellor, e as mulleres sabémolo./A preeminencia é sempre vosa;/mais concedédenos un pequeno recoñecemento). O maior patetismo que acada a humillación desta muller atopámolo no poema "Before the Birth of One of Her Children" (Antes do nacemento dun dos seus fillos) no que expresa os seus medos ante a adoita experiencia da morte por parto, e se dirixe ó seu home para que a lembre mesmo despois de que atope unha esposa mellor.

As mulleres son hoxe en día aproximadamente o 44% do alumnado da Universidade de Harvard, aínda que as profesoras con praza fixa constitúen unha porcentaxe moi inferior que evidencia a discriminación que directa ou indirectamente seguen a sufrir as mulleres. Un fenómeno da universidade americana en xeral é que a maioría das mulleres profesoras teñen contratos a tempo parcial. En moitas ocasións son elas mesmas as que prefiren este modelo de contratación, pois, do mesmo xeito que Anne Bradstreet tres séculos antes, a súa vida segue determinada pola súa función na familia. As garderías son poucas e normalmente custan máis do que se pode gañar traballando fóra da casa.

Se Harvard foi fundada en 1636, houbo que agardar máis de dous séculos, ata 1879, para que as mulleres puidesen recibir nun centro á parte, o Radcliffe College, clases dos profesores de Harvard. Ademais de dar por sentado que a capacidade intelectual delas era inferior, e as súas expectativas profesionais ben distintas, temíase que puidesen distraer o estudio dos homes. Como en tantas outras ocasións e situacións o que importaba era o desexo do home, que podía ser prendido coa faísca dos engados femininos. ¿Acaso podían distraerse elas coa presencia masculina? ¿Quen sabe?... O desexo da muller é un gran silencio, a maior das represións.

A exclusión das mulleres dos centros universitarios existentes no século XIX creou nalgunhas mentes máis avanzadas a necesidade de fundar universidades para elas. Moitos destes centros tornaron de educación mixta co paso do tempo, pero outros permaneceron, porque aínda hai demanda deles ante a evidencia dos datos que amosan que mesmo ó nivel dos estudios de licenciatura a muller é discriminada fronte ós homes. Hoxe en día, temos na veciña cidade de Boston o Simmons College; e de especial renome polo seu prestixio académico son o Wellesley College e o Smith College, ambos os dous tamén no estado de Massachusetts.

Tampouco son estas universidades de mulleres un paraíso para aquelas ás que se supoñen que protexen da discriminación. O Simmons College tardou un século en nomear a primeira muller presidente. Algunhas profesoras deste centro quéixanse de que son poucas as que conseguen unha praza fixa. Nin sequera se procuran solucións para os problemas que, aínda que en teoría deberían atinxir tanto ós pais como ás nais, na práctica acaban sendo cousa delas: unha profesora cunha filla de dous anos leva a nena ó traballo e a deixa no despacho cunha estudiante mentres vai dar as súas clases. A dirección non permite que os fillos e fillas do profesorado estean nos despachos, pero coñecedora dos problemas das garderías fai por non ver. Comentábanme durante a miña visita a este centro que unha profesora que tiña un embarazo con complicacións, e polo tanto debía ficar en cama, vírase obrigada a renunciar ó seu posto de traballo e con el ó seu seguro de enfermidade. Cando se repoña, esta muller non só terá enormes dificultades para atopar un traballo como docente universitaria —pois o mercado laboral na súa rama de humanidades está en crise— senon que aínda que consiga un novo seguro, este non lle cubrirá as enfermidades preexistentes.

Anne Bradstreet: poeta e nai no século XVII... 1994: a historia repítese. Unha ollada de esguello, unha ollada de muller, desde a periferia, desde o Radcliffe College, á beira de Harvard Yard, mais aillado deste vórtice académico por unha profunda fenda que non é só arquitectónica. Neste centro faise investigación por mulleres e sobre mulleres. Organízanse cursos sobre o papel da muller no mercado laboral. A biblioteca Schlesinger é un punto de referencia obrigado para quen quere estudiar a historia da muller americana. O Bunting Institute coordina o programa máis importante do país en investigación de posdoutoramento sobre a muller.

Tamén desde dentro de Harvard o departamento de estudios da muller critica implacablemente o marco ideolóxico imperante do humanismo liberal que permite e integra as voces discordantes co *status quo*, pero que á vez as "fagocita", as neutraliza, ofrecendo unha imaxe de

pluralidade, de liberdade de expresión, pero contendo a súa mensaxe subversiva. Alice Jardine, directora deste departamento, advírtenos nas súas clases que non existe unha linguaxe de homes e outra de mulleres, senón por unha banda unha linguaxe patriarcal, falada por homes e mulleres, e por outra unha linguaxe feminista, falada tamén por homes e mulleres.

Pero xa vai sendo hora de que nos internemos en Harvard Yard, e farémolo pola Johnston Gate, porta de entrada para o alumnado de primeiro curso, e pola que sairá tras a súa graduación —entrementres, os máis supersticiosos pasarán polas pequenas portas laterais.

Para os que vimos da universidade pública, pode resultar molesto observar gardiáns nas portas dos centros académicos controlando os carnés dos que acceden ó interior. Mesmo os que levamos os papeis en regra non podemos deixar de sentirnos estraños, alleos, intrusos nunha organización de elite. Agardamos escoitar en calquera momento unha chamada de atención, e sabemos que se iso ocorre estaremos perdidos, pois fronte ós nosos balbuceos defensivos resoará un argumento inapelable, incontestable e definitivo que sempre comeza por: "*It's the policy of the school*". Xa nos escachabamos a rir. Por razoable que fose a solicitude e infundadamente incómoda a regulamentación universitaria, a resposta era sempre a mesma: "é a normativa do centro".

Para o estudiantado o ingreso nesta universidade comeza alomenos un ano antes do curso que queira realizar. Harvard gábase de facer unha selección rigorosa e de ter en conta non só o expediente académico senón tamén as actividades extracurriculares nas que participa o/a solicitante —coido que pensan que se enriba de teres unha boa dose de matrículas tes tempo para dirixir un coro de música espiritual negra, o máis probable é que teñas un alto coeficiente intelectual—. De feito, as universidades americanas clasifícanse na súa competitividade segundo a investigación que producen e pola calidade do alumnado que seleccionan. E a verdade é que moitos temos comentado a cotío que en Harvard nos abraiaban máis os/as estudiantes que o profesorado.

Este último ten fortes presións para acadar un alto rendemento investigador —só un 15% dos axudantes e asociados conseguen unha praza fixa na mesma universidade—, o que en moitos casos redunda nunhas clases peor preparadas. Os profesores con praza fixa son elixidos polos seus méritos investigadores, non necesariamente polas súas dotes pedagóxicas —dáse por entendido que xa que se escolleu un alumnado tan intelixente, este saberá descifrar os garabatos que o profesor dispón dun xeito un tanto anárquico no taboleiro, ou concluír, reordenar e interpretar as súas frases erráticas, fragmentadas, como se da corrente de conciencia se tratase.

Aínda que todos os anos se levan a cabo unhas avaliacións da calidade docente, os seus efectos son similares ós das feitas na universidade española: na miña modesta opinión, nulos. Nunha ocasión comentábame irónica e confidencialmente un profesor de Harvard que tampouco era desexable ter unha reputación demasidao boa no que a calidade pedagóxica se refire; podía dar a impresión de que o tempo dedicado á preparación das clases se detraía do da investigación. Engadía este profesor que para os estudios de licenciatura el enviaría os seus fillos a un *College* de artes liberais, nos que se fai un seguimento exhaustivo do traballo do alumnado e onde a calidade pedagóxica é imprescindible. Para os estudios de posgrao, enviaríaos a unha universidade como Harvard, para que entrasen en contacto coa investigación punteira. Así e todo e en honor á verdade, tamén hai profesores maxistrais en Harvard, como tiven ocasión de constatar nalgúns dos cursos ós que asistín.

Se o que queredes é matricularvos vós mesmos ou os vosos fillos-as (desculpade estas concordancias desiguais, pero é que a linguaxe non é inocente) facede primeiro o cálculo: tres millóns duascentas cincuenta mil pesetas cada ano pola matrícula, aloxamento, comida e seguro de enfermidade. Como estranxeiros, teredes poucas posibilidades de conseguir axuda económica da universidade, aínda que dun xeito ou doutro o 66% do alumnado a recibe —no que chaman axuda inclúense os préstamos bancarios a baixo interese, e os traballos dentro da propia universidade—. Con gastos de libros, fotocopias, etc., botádelle uns quince millóns para os catro anos da licenciatura. Non é de estrañar, logo, que os pais empecen a aforrar en canto a nai queda embarazada. Aínda que non o pareza, os ingresos por matrícula constitúen só o 31% dos ingresos que ten Harvard cada ano. Perdoade se vos farto coas cifras, pero é que os que coma min estamos na universidade pública española sentimos vertixe con estas cantidades. O caso é que Harvard ademais dunha universidade é, entre outras moitas cousas, un gran negocio inmobiliario.

Contade tamén con que aínda que a comida estea incluída na cantidade que indiquei máis arriba, nin os propios americanos poden tragar as apócemas noxentas que preparan nos comedores universitarios. Imaxinade como será que prefiren as hamburguesas e os *hot dogs* das veciñas tendas de comida rápida. Mesmo a Escola de Saúde Pública, na que está o que probablemente é o mellor departamento de nutrición do mundo —defensor a morte da dieta mediterránea—, ofrece unha comida que lle quita a un as ganas de vivir. ¿E non será que con esa teima que teñen coa investigación fanno á mantenta por iso de que a fame aguza o enxeño?

O problema non é só a calidade da comida senón, o que é máis grave, a actitude cara a ela. Non hai un espacio e un tempo para

comer. A xente almorza nas clases, no metro, nas escaleiras, de pé. Se lles preguntas por que non acougan para xantar contéstanche que non hai tempo. Teranno que buscar máis adiante cando teñan que curar as obesidades patolóxicas que son tan adoitas nese país. Hai facultades nas que as conferencias dos profesores invitados son á hora do xantar, polo que tes que desenvolver unha habilidade especial para seguir o discurso do erudito profesor-a e ignorar o tic, pof, glup, tras, ñam, ñam da lata da coca-cola, da tapa do zumo, do envoltorio de celofán, das mordiscadas na pizza... Coméntabame un día un amigo tamén estranxeiro que tería que discutir o seu traballo de equipo cos seus compañeiros á hora do xantar. "Xa semellas un americano, traballas mentres xantas", díxenlle. "Non, seméllome a un americano porque xanto mentres traballo", precisou el dun xeito sutil e revelador.

Pero non vos desacouguedes, cos vosos quince millóns teredes acceso á mellor biblioteca universitaria do mundo, ós laboratorios de ordenadores máis actualizados e punteiros no abraiante eido do Internet, desfilaredes por Cambridge cun traxe académico de dubidosa adscrición cronolóxica o día da vosa graduación —no que ademais escoitaredes o discurso supostamente exemplarizante do xeneral que dirixiu a guerra do Golfo—. Unha vez que teñades o título, poderedes mercar un anel coa insignia de Harvard —anel que, segundo me comentaba unha amiga, ten poderes máxicos cando o loces nunha entrevista para procurar traballo.

No centro de Harvard Yard hai unha estatua que moitos chaman a das tres mentiras. Trátase dunha figura de bronce cunha inscrición que di: "John Harvard. Fundador. 1638". O caso é que nin a estatua é de John Harvard, senón dun alumno de 1882 que fixo de modelo, nin John Harvard foi o fundador desta universidade, senón un dos seus primeiros benefactores, nin a data de fundación corresponde a 1638, senón a 1636. Nunha ocasión, unha guía que amosaba a futuros-as estudiantes os diversos edificios da universidade aderezaba a súa exposición con todo tipo de anécdotas e lendas. Cando nun momento concreto lle preguntaron se tal historia era certa ou non, ela retrucou sabiamente como boa filla dunha idade posmoderna: "Non me preguntedes pola verdade". E é que Harvard é un constructo no que non resulta doado desenlear mistificación e realidade.

M. P.

A urbe como espacio infeliz

Hernán Neira

¡Oh, cúmulo de angustias!, parece escoitarse como eco ó oír a verba "cidade", alomenos entre os filósofos de cidades das que xa non se sabe onde comezan, onde rematan, nin moito menos a onde se dirixen (como as moitas das grandes urbes latinoamericanas). ¿Cal é a natureza espacial da cidade no tocante á felicidade e á infelicidade?, ¿é a angustia unha condición do ser humano como tal ou do ser humano na urbe, valla a expresión, dun tipo particular de existencia xurdido hai algúns milenios en Oriente e hai algúns séculos en Europa e América?[1]; ¿podemos describir qué aspectos da cidade contribúen de maneira esencial a isto? Sería presuntuoso intentar responder a todas estas cuestións. Con tal finalidade, resulta inútil examinar brevemente qué di a tradición grega sobre o concepto de "cidade" e qué di a filosofía contemporánea sobre o espacio feliz.

"Polis", na filosofía de Aristóteles, quere dicir, sobre todo, cidade, no sentido de comunidade e unidade políticas, así como lugar moral de realización das virtudes cidadás[2]. Para Arsitóteles, a comunidade primaria está constituída pola familia. Varias familias constitúen unha aldea ou vila, e varias aldeas unha cidade. Unha comunidade política é entendida por Aristóteles como unha comunidade autosuficiente,

> e así, comezando a existir simplemente para fornecer a vida, existe actualmente para atender a unha vida nova. De aí que toda cidade-

1. De ser así, habería que examinar a relación entre concepcións da angustia como a de Heidegger ou a de Sartre e a cidade, tema que, non embargante, deixamos para outra oportunidade.

2. Non sendo helenista, agradecerei as precisións que os lectores poidan facer á miña descrición do significado de "polis" na *Política* de Aristóteles.

> estado existe por natureza na mesma medida en que existe naturalmente a primeira das comunidades[3].

Esa autosuficiencia é a finalidade da cidade ou da comunidade política. O relativo á cidade non se define pola espacialidade nin por un tipo de construcción nin distribución de funcións urbanas. Tampouco se debe entender no sentido de autosuficiencia de enerxía, provisións e servicios, senón como logro moral nun sistema de relacións onde as máis altas virtudes dos homes libres poden ter lugar, o que supón certo benestar económico, pero que non se define por este e que incluso este mesmo pode anular. Autosuficiencia vén sendo aquí a plena realización do ser humano, o que en Aristóteles supón un exercicio da previsión racional, da participación no destino da comunidade e ocio para non estar sometido a esixencias contrarias ó nomeado exercicio. O que resulta autosuficiente é o sistema de relacións, costumes e valores, que non precisan unha intervención externa ou de importación de costumes foráneas para que os homes acaden a virtude. Noutras palabras, a cidade aristotélica é un tipo de vínculo entre os homes, acordado libremente, de tal xeito que gracias a ese vínculo se poden realizar, sen intervención de terceiros, as funcións políticas, morais, económicas e domésticas sen as cales o home, aínda que viva en sociedade, non pode ser feliz. Soamente algunhas destas funcións teñen que ver coa construcción e a habilitación material de espacios domésticos, laborais e públicos, pero non se pode pensar que isto sexa o esencial da cidade (polis) aristotélica.

Non ignoramos que esta subsiste en parte gracias ós escravos, marxinados do espacio de liberdade, do ocio e do que o estaxirita considera a realización das virtudes máis propiamente humanas, pois para Aristóteles a virtude do escravo consistiría en obedecer a un amo sabio que o conduza a un ben que non podería alcanzar de seu. Con todo, hai autores que inspirados en Aristóteles, pero afastándose del, entenderon a noción de cidade case exclusivamente no sentido de sistema de relacións morais e costumes libremente acordadas, é dicir, como polis que non exclúe a ningún dos seus membros e na cal non hai escravos. No século XVI Francisco de Vitoria ve nas cidades indíxenas comunidades autosuficientes que non precisan dos españois para se gobernar moralmente e chegar a ser virtuosas, aínda cando o tipo de goberno da cidade indíxena sexa distinto do español[4]. Nese sentido, a diferencia do que entendemos hoxe por cidade, non existen en Aristóteles, nin en Vitoria[5], indicios de que a cidade sexa impedimento

3. Aristóteles. *Política*. Libro I, cap. 1, en *Obras*, Editorial Aguilar, Madrid, 1973.

4. Vitoria, Francisco de. "De los indios recién descubiertos", §858, en *Escritos políticos*. Editorial Depalma, Bos Aires, 1967.

5. Quen se inspira no estaxirita, pero non na súa teoría da desigualdade natural.

para que as funcións políticas, morais, económicas e domésticas poidan realizarse ou para que unha delas se realice en detrimento das demais, como sucede nas cidades actuais. Por iso, unha imaxe da cidade de inspiración aristotélica, con exclusión do que o estaxirita pensa do rol dos escravos nela, pode ser unha imaxe de espacio feliz, con aspectos semellantes ós que se integran na imaxe de casa tal como a definiría Bachelard vintecatro séculos máis tarde.

En *La poétique de l'espace*[6] Gaston Bachelard centra a súa reflexión na casa e nos seus obxectos interiores co fin de poñer de relevo a imaxe poética do espacio baixo o signo do home feliz. Para Bachelard a casa, que non a cidade, é o lugar da imaxe espacial feliz. A búsqueda bachelardiana de imaxes de espacios felices era parte dunha polémica coa psicanálise, que tería tamén, segundo el, as imaxes como obxecto de traballo, pero no canto de imaxes felices, imaxes de desgracia e sufrimento propias dun home feliz. Bachelard propoñíase analizar imaxes que non fosen vividas e que non fosen creadas pola imaxinación poética, superando a felicidade ou a pena de quen as crea. Baixo inspiración kantiana e fenomenolóxica, concibía a imaxe como o sobrepasamento de todos os datos das sensibilidade e buscaba describir as imaxes do espacio feliz sen se preocupar de se o era ou non o que as creaba. Non lle interesaba fundamentalmente o existente e o presente sensible, nin o pasado, pois, como el mesmo dicía: "a imaxinación, nas súas accións vivas, afástanos de vez do pasado e da realidade. Ábrese cara ó futuro. Á *función do real*, instruída polo pasado, [...] hai que engadir unha función irreal igualmente positiva"[7]. Para Bachelard, a función irreal da imaxe do espacio feliz vén seducir, inquietar e espertar o que xa é. Pero non se trata aquí da inquietude temible, da catástrofe ou da situación límite, senón de:

> imaxes ben simples, as imaxes do espacio feliz [...] que tenden a determinar o valor humano dos espacios de posesión, de espacios prohibidos contra as forzas adversas, espacios amados[8].

En moitos casos Bachelard sitúa a imaxe do espacio feliz en ambientes aparentemente adversos, como a soidade dunha casa na tormenta. Sen embargo, a hostilidade da paisaxe non afecta á beatitude da imaxe do espacio feliz e mesmo pode contribuír á súa constitución. Para Bachelard, cosmos oponse a casa, pois unha das estructuras básicas das imaxes do espacio feliz é a oposición casa *versus* non-casa, é dicir, casa *versus* mundo. A imaxe da casa constrúese en oposición á do mundo e á das

6. Bachalard, Gaston. *La poétique de l'espace.* Presses Universitarires de France, París, 1964. Todos os textos de Bachelard foron traducidos por nós.
7. *Ibidem*, p. 16.
8. *Ibidem*, p. 17.

forzas naturais, pero trátase dunha oposición que contribúe a constituír a natureza moral do ser humano, non dunha oposición de indiferencia. A propósito duns versos de Rilke, quen escribe dunha casa que é "envolta polos brazos dunha tormenta", Bachelard comenta que casa e universo están nunha relación de oposición e de simple xustaposición. "A casa capitaliza as súas victorias contra o furacán", comenta[9]. A resistencia da casa contra a tormenta é un valor humano, unha especie de corpo humano baixo o cal cada quen abriga o seu corpo contra a tormenta. A tormenta é unha agresión animal, pero contra ela "a casa adquire as enerxías físicas e morais dun corpo humano"[10], a súa protección e resistencia convértense en valores humanos, co cal a casa humanizada se converte nun instrumento para afrontar o cosmos. Por iso Rilke, segundo Bachelard, falaría sen angustia da casa baixo o mal tempo, pois esa casa solitaria é un espacio tan feliz ou máis que a cidade (lémbrese que o efecto dunha tormenta en época de Rilke era ben distinto ó actual).

Bachelard ten razón ó afirmar que na imaxe de casa os distintos compoñentes do psiquismo humano atopan un lugar propio e que polo tanto serve de modelo para a integración psicolóxica. Nas imaxes do espacio feliz intégranse todos os niveis do psiquismo, de modo que un ser humano se pode recoñecer por completo nelas, sen necesidade de disgregarse, de escindirse ou de reprimir certos aspectos da personalidade.

As imaxes do espacio non son substituto de espacios reais, pois non pretenden estar en lugar deles nin son significantes de algo ausente, como sería de entendermos lingüística ou psicanaliticamente o traballo de Bachelard. As imaxes do espacio feliz válense de seu e son lugar de integración psíquica imaxinaria, pero non falsa, pois cabe facer delas unha descrición eidética, unha especie de ontoloxía fenomenolóxica dos espacios imaxinarios, tal como se podería facer dos espacios reais.

O sentido clásico da noción de cidade tendeu a desaparecer das imaxes da cidade moderna para ser absorbido polo significado da palabra "urbe", que non en van o *Diccionario de la Lengua Española* da Real Academia de la Lengua[11] vincula coas cidades populosas, é dicir, con cantidades de poboación e de edificios máis que coa realización dun tipo de vida (aínda que esta abondosa poboación traia consigo unha maneira de vivir). É dicir, nalgún momento da historia empírica e da historia da filosofía prodúcese unha derivación do concepto de cidade desde a noción de "polis" cara ó concepto de "urbe", perdendo o sentido do espacio moral onde se realizaban as virtudes dos homes libres para adquirir o do aglomerado indiferente ós seres humanos e ás súas vir-

9. *Ibidem*, p. 55.
10. *Ibidem*, p. 57.
11. Editorial Espasa Calpe, Madrid, 1980.

tudes. Como aglomerado, a gran cidade contemporánea non é autosuficiente en materia política, moral e económica, aspectos que relega ó Estado ou á vida doméstica. A gran cidade contemporánea confía no Estado para resolver a maioría dos conflictos morais e fornecela dun marco político-xurídico dentro do cal as municipalidades poidan resolver os conflictos espaciais, e relega ó eido doméstico a realización da felicidade e da virtude. A gran urbe elimina do seu espacio o espacio de realización da comunidade de vida humana e de vínculo moral de cada persoa respecto das demais para substituílos por unha relación de contigüidade: os cidadáns están todos xuntos fisicamente, pero desunidos moralmente. Na imaxe de urbe os seres humanos intégranse sen vínculo interno, senón tan só pola separación á que os obriga un espacio xeométrico, sen intensidade, profundidade nin moralidade e onde, seguindo as leis da xeometría euclidiana, dous volumes non poden ocupar o mesmo lugar. De aí que na imaxe da urbe cada quen quita o lugar ó outro, no canto de contribuír a que todos teñan un sitio no mundo, como sucede cando a cidade é entendida como "polis", como comunidade.

A urbe deixou de ser o lugar de reunión natural dos homes virtuosos para se converter nun lugar de degradación ou alomenos de perigo moral. Na época actual existe unha tendencia a centrar o moral na vida doméstica, espacio físico e moral no cal sempre hai posibilidade de salvación, sen importar o que suceda fóra. Deste xeito, a vida privada, non entendida como actividade productiva senón en tanto vida doméstica (o doméstico non é sinónimo do privado), aparece como o lugar natural da integración psíquica e moral do home: alí xorden a solidariedade, o amor e o respecto mutuo. Na urbe, por contra, xorden a indiferencia, as relacións utilitarias e a violencia, moral ou física. Bachelard, influído (probablemente sen o saber) pola noción de urbe, ve a imaxe da felicidade e da virtude non na cidade, senón na vivenda familiar, rural ou urbana, pero en todo caso sen integración arquitectónica con outras vivendas, coa cidade ou coa urbe, entendida quer como ente moral quer como ente espacial. Nese senso, o "erro" da poética do espacio bachelardiana consiste en non concibir a posibilidade, nin sequera como pura imaxe, dun espacio público feliz, onde os vínculos que permiten a felicidade e a plena realización moral sobrepasan a esfera doméstica para alcanzar a esfera do público e do espacio xerado por multitude de vivencias, servicios e lugar de circulación e lecer propios dunha cidade[12].

Bachelard só concibe a imaxe do espacio feliz na vivenda unifamiliar illada, a pesar de que os versos nos cales pescuda esta imaxe per-

12. O espacio e a imaxe do espacio nunca son puramente materiais para o ser humano. Debo algunhas das reflexións sobre a falta de integración do espacio feliz bachelardiano ó espacio público ó profesor Humberto Giannini.

tencen a poetas que viviron en épocas de amplo desenvolvemento das cidades. As súas imaxes de espacio feliz corresponden a unha vivenda preferiblemente campestre ou con grandes xardíns. Agora ben, imaxinar un espacio feliz con xardín é unha forma de integrar a ruralidade á imaxe do espacio urbano, pois é propio da imaxe do rural a presencia de grandes espacios verdes e certo nivel de illamento das vivendas. A casa bachelardiana é indiferente á urbe, algo facilmente comprensible, tendo nós que lamentar o feito de que o filósofo francés non vexa a relación natural da casa e mais da polis. Por certo que a nivel de imaxes espaciais, casa e urbe opóñense, aínda que na realidade subsistan casas no medio da urbe, sen que por isto se integren na imaxe dun espacio feliz. Isto é comprensible, pois a imaxe de casa e a imaxe de urbe son incompatibles, do mesmo modo que resulta incompatible un lugar de integración das virtudes humanas respecto de outro que as desintegra. Con todo, quedan por explicar en Bachelard dúas cousas: que non perciba a compatibilidade da imaxe de polis (na medida en que a polis se opón á urbe) respecto da casa (ambas as dúas son ademais compatibles na realidade), e que non estudie a imaxe dun espacio urbano infeliz, poético ou non, o que para nós sería de gan relevancia, pois a imaxe da gran cidade é hoxe, sobre todo, a dun espacio infeliz.

Na actualidade, a imaxe duna cidade fortalece o seu aspecto espacial en detrimento do moral, é máis urbe que polis[13]. Con todo, a urbe non renuncia á ambición grega de ser dona do seu destino, pois non renuncia de todo a ser polis. Agora ben, mentres que na cidade moderna a procura do destino moral produce angustia, na antigüidade clásica é fonte de plenitude psíquica e metafísica (que ás veces son alcanzadas logo de grandes conflictos). A angustia que forma parte da imaxe de cidade contemporánea non provén tanto do simple feito de que nela existan conflictos, senón de que resulta imposible escapar ós conflictos a pesar de que, ademais, a súa resolución non leva a unha plenitude psíquica, moral ou metafísica, como sucedía co conflicto tráxico grego. Os conflictos da urbe non levan á catarse, senón ó simple enfrontamento dun novo conflicto. Na imaxe da cidade contemporánea os conflictos son individuais (aínda que as súas causas sexan colectivas) e nunca deveñen grandiosos. Na cidade non se morre heroicamente, senón atropelado coma un can; na cidade non se chega tarde porque un *daimon* interrompa a marcha, senón porque se perden horas nun atasco. Os conflictos que forman parte da imaxe da urbe contemporánea non son nunca comunitarios, senón, como moito, colectivos, pois non é o mesmo un grupo de persoas con identidade

13. O lector decataríase de que por cidade entendemos á vez urbe e polis.

unitaria e simpatía entre os seus membros, que un grupo que se atopa forzosamente unido pola falta de espacio, como nun ascensor, e que chama a este, polo seu tamaño, urbe.

Na imaxe de urbe existen medios infinitos para ser feliz, pero nela a felicidade permanece sempre inalcanzable. Na imaxe da cidade moderna prodúcese unha contradicción consistente en que os medios técnicos para decidir un destino son máis abundantes que nunca (planificadores, estatísticas, medios económicos, etc.) pero as posibilidades de realizalo son quizais menores que en imaxes da cidade antiga. A dificultade de realización non provén de forzas externas. A cidade como lugar de realización moral non se debilita por se enfrontar a inimigos que quizais a queiran destruír, senón que mesmo se fortalece ante eles, como o demostra a estatua de Rodin *Os burgueses de Calais*, que representa a un grupo de notables que tras unha deliberación dos homes de prol da cidade deciden entregarse para que Calais non sexa arrasada polos británicos; ou os efectos de cohesión de moitas cidades inglesas baixo a presión dos bombardeos durante a II Gerra Mundial. É máis, o existencialismo, alomenos o sartreano, ten razón cando insinúa que a moral nunca foi posta en perigo por conflictos morais, pois o solo fértil para a moral é xustamente o da tentación de ser inmoral. En cambio, a imposibilidade na que se atopa a imaxe da urbe, especialmente a urbe latinoamericana, de realizar o seu destino, provén de forzas que ela mesma xerou pero que non se sitúan nun plano moral. Na imaxe de cidade contemporánea hai un degoro de autodeterminación, o que supón a práctica de certas virtudes públicas, pero sendo a urbe o lugar do simple vínculo externo e espacial, como o que se produce nun ascensor, e sendo ademais o lugar da repetición, máis que o da síntese, non pode practicar virtude ningunha porque na relación de repetición cada quen se determina en función dos demais, comportándose como se fose o outro[14]. O feito de entregar ó outro a responsabilidade do meu destino é unha forma de evacuar a moral, do mesmo xeito que un ascensor sae segundo porque outro saíu primeiro, non porque ningún deles decidise saír antes. No ascensor, como na cidade, cada un dos que soben déixase determinar na súa orde de entrada respecto dos demais pola simple relación volumétrica. Na imaxe da urbe os cidadáns descobren a súa liberdade como imposibilidade de autogoberno urbano e como desintegración psíquica, por ter transformado o espacio moral nun espacio de volumes. Para se opoñer a esta tendencia

14. Sobre as consecuencias na constitución da vontade política deste feito véxase o noso artigo "A sondaxe de opinión como método para destruír a opinión pública (ou sobre a tradición democrática revisitada)", en *Grial* 129, Editorial Galaxia, Vigo, 1966. A definición da serialidade que usamos aquí baséase na que Sartre usa na *Critique de la raison dialectique*, Vol. I, *Les collectifs*, París, 1980.

Fernando Castillo Velasco[15] comezou algunha vez as súas clases de arquitectura amosando un ladrillo e preguntando ós alumnos: "¿Que é isto?", ó que aqueles respondían sempre: "Un ladrillo", "arxila", "material de construcción", etc., ata que el lles dicía: "Non, están todos equivocados, isto é vida", amosando así o paso da materia xeométrica á materia humana.

Unha das características da imaxe da cidade actual, especialmente da latinoamericana, é que a urbe non goberna o que crea. Agora ben, o que crea non é diferente a si misma e quizais nisto resida o motivo de non poder gobernalo. A urbe xérase a si mesma e reprodúcese en unidades idénticas por medio de segmentos que carecen de relación, de xeito que se sacan ou poñen como se se tratase de simples volumes, a diferencia dos seres vivos, que se reproducen mediante unidades especializadas que contribúen todas a un mesmo fin, aínda que non fose por determinación propia[16]. A cidade é, se cadra, a institución cultural da que máis masivamente se fai uso, chegándose a tal familiaridade con ela que xa ninguén se decata de que a organización dos costumes no espacio non é un asunto de volumes e de materiais de construcción, senón de opcións culturais. Este feito esqueceuse, de aí que as cidades enfermen e queden segregadas da súa matriz moral e do seu pasado comunitario, aspectos que quedan xa fóra da imaxe de urbe. A urbe dos nosos días non teme a arbitrariedade dun señor que a queira someter, nin teme ser presa de caciques indíxenas que a incendien, nin das *jacqueries* que arrasaban algunhas cidades despois da Revolución Francesa; a urbe contemporánea témese a si mesma porque teme un crecemento que non sabe cómo deter e xa non sabe ser cidade en tanto polis.

Polis e urbe son conceptos contradictorios que, non en tanto, poden ser comprendidos baixo a noción xenérica de "cidade". Construída baixo o ideal de aplacar os perigos que devastaban as comunidades illadas e como instrumento de concentración de poboacións en épocas nas que o Estado non atopaba outros medios de controlalas[17], a urbe transmitiu os perigos das situación de illamento á situación de aglomeración, só que a orixe das ameazas non provén xa do exterior. A urbe contemporánea excluíu de si mesma a virtude, non tanto porque sexa "mala", nin porque sexa un antro de perversións, senón porque a virtude non é parte dos compoñentes esenciais do concepto actual de cidade, e porque os criterios morais de opción por un destino foron substituídos polas "técnicas" de planificación, e entre as finalidades destas está a de evacuar a

15. Arquitecto chileno contemporáneo, Premio Nacional de Arquitectura.

16. Todas as células dunha planta contribúen a que estea viva e cumpra un ciclo, pero non se pode dicir que a planta se propuxese realizar algún propósito nin respecto de si nin dos outros vexetais, nin tampouco que haxa un propósito da natureza.

17. Fundación de cidades coloniais, creación de "pueblos de indios" durante o século XVI, etc.

noción de destino. O que se dá en chamar técnica é unha opción ideolóxica caracterizada pola reducción dos fins posibles a un pequeno espectro e que ten, entre outras características, a de facer crer que a liberdade é innecesaria para resolver os problemas fundamentais do home e da cidade. Agora ben, esta non é a razón pola que un exército de planificadores priva á cidade do seu destino, senón porque a pesar deles, ás veces por mor deles e outras contra eles, a urbe reprodúcese segundo un concepto carente das virtudes da polis e como producto material, como espacio de aglomeración, non como lugar de encontro ou de vida moral. A razón pola que na cidade non existe liberdade non é porque a técnica reducise a un só os destinos posibles desta (xa que tal destino único puido ser elixido responsablemente), senón porque un destino único se impuxo sen ser nunca elixido. A posibilidade dun acordo de liberdades desapareceu da imaxe de cidade sen que por isto desaparecese a noción de liberdade, que subsiste na imaxe da cidade como irrealizable absoluto, como utopía.

Se en Bachelard a imaxe poética da casa se converte nun instrumento de análise da alma humana feliz, integrada e virtuosa, a imaxe de cidade, en especial a latinoamericana, pode ser instrumento de análise da alma desgraciada, alomenos de aceptarmos que estar desprovisto de virtude é unha desgracia. A novela e o cine *(Metrópolis, West Side Story, Farenheit 451, Blade Runner)* produciron múltiples imaxes do espacio infeliz, pero este non equivale na maioría dos casos á cidade decadente nin a barrios marxinais da cidade actual. Sorprende que para representar a urbe en desgracia se acudise tanto a imaxes futuristas de cidades de países do norte, cando nalgunhas ocasións abondaría con representar imaxes dalgunhas grandes urbes con compoñentes latinoamericanos. Moitas das imaxes cinematográficas da urbe como prototipo do espacio infeliz son imaxes de cidades que extremaron o afán de seren donas do seu propio destino mediante técnicas e medios económicos cos que se espera evitar os antigos perigos do illamento rural (roubos, dificultade de transportes, etc.) ou as ameazas provenientes da natureza (frío, escuridade, etc.). A urbe creada nas imaxes das películas antes mencionadas ou a que xurdiu nalgunhas capitais latinoamericanas busca evitar o perigo da ruralidade e da incerteza, pero neste afán crea perigos similares a aqueles dos que desexa escapar. A creación deses perigos, que son propiamente urbanos, non se corresponde cos fracasos do modelo da urbe actual, senón ó seu modelo de perfección nunha corrente que non a concibe como lugar de realización de virtudes, senón como espacio, como materia e, en especial, como materia funcional e iterable. Suponse, daquela, que a funcionalidade aumenta por simple construcción repetida dalgúns dos seus compoñentes en terreos ata daquela sen urbanizar.

Ben sexa que falemos da urbe imaxinaria ou da real, aínda que de ningún modo ideal, a grande urbe non esperta de modo espontáneo unha imaxe de felicidade, nin de virtude nin de integración. É posible que algúns filósofos confundisen a angustia da cidade cunha angustia metafísica propia da condición humana, de modo que ó describiren a esencia da angustia describían un dos compoñentes da esencia da vida urbana. Parécenos válido o postulado existencialista segundo o cal é posible transcender desde a análise de calquera das actitudes humanas ás estructuras esenciais do home[18]. De aí que sexa posible que analizando a angustia urbana se chegue a describir a estructura esencial da angustia. Con todo, segue vixente a pregunta de se unha angustia como a descrita por Sartre ou por Heidegger é unha estructura esencial do ser humano en calquera condición ou ben unha estructura exclusiva do vivir na urbe.

A angustia que xera a cidade provén de ofrecer por unha banda o sentimento de que o ser humano é completamente libre no seu habitar, despois de desligarse de dependencias do mundo rural e dos rigores do clima e, pola outra, de entregarlle a liberdade como imposibilidade de acordo das vontades e como ingobernabilidade da aglomeración. A impotencia non provén de forzas invencibles externas, a impotencia provén do feito de que se sabe que a liberdade de cada quen é ilimitada e perfectamente autónoma, razón pola cal a aglomeración é ingobernable. A forza interna constituída pola liberdade de cada quen sen acordo coas demais liberdades convértese nunha forza externa ingobernable para os demais.

Analizada filosoficamente e tendo presente o modelo da cidade aristotélica, na imaxe de cidade (en canto é urbe) permanécese metafisicamente libre, pero humanamente preso, e preso xustamente porque nela se manifesta máis que noutros espacios a condición libre do home como posibilidade que xa non se pode realizar. Se a cidade e os seus membros carecen de destino, non é porque estes estean avocados inexorablemente a un destino determinado, senón porque sendo libres para o elixir e mesmo para o realizar, permanécese nela nunha situación de desintegración que impide poñerse de acordo sobre o destino ou alomenos hai unha situación na que de feito non hai acordo sobre el. Na imaxe da urbe, a planificación eliminou a incerteza relativa á búsqueda do destino. Na grande urbe hai sempre luz para saber por onde se camiña; por iso, en lugar da incerteza que sufrían as primeiras poboacións españolas en América, hoxe sábese con certeza que o destino dalgunhas grandes urbes americanas é a infelicidade. O desacordo conduce á totalidade dos cidadáns a un lugar ó que ninguén quere ir, sobre todo porque se ignora en qué consiste (aínda que se coñeza o seu carácter

18. Sartre, Jean-Paul. *L'être et le néant*. Introducción, Edicións Gallimard, París, 1980.

infeliz) e, sen embargo, todos van por ese camiño porque a mesma liberdade que lles permitía evitalo, impídelles xerar o acordo para o facer. A situación é absurda, non porque o absurdo negue a liberdade, senón porque o absurdo xorde sobre o campo dunha liberdade frustrada pola liberdade mesma. As liberdades que permitirían, en pricipio, conducir a cidade, compórtanse baixo o suposto de que a cidade é ingobernable e que, daquela, é mellor renunciar a tal goberno tolerando que cada quen faga nela o que queira. Porque outra das características da urbe contemporánea é que esta asegura o respecto da diversidade. A urbe é froito dun prolongado traballo de tolerancia no que se aprendeu a vivir con persoas disímiles, e na cal a tolerancia se transforma imperceptiblemente en indiferencia. Ó atribuír ó espacio doméstico as virtudes do espacio público, dáse por suposto que no primeiro existe unha auténtica realización moral. Pero unha das diferencias entre o espacio privado e o doméstico como lugar de realización moral, é que no primeiro cabe a realización moral en medio da indiferencia cara ós que non son membros do grupo de parentesco, mentres que na cidade, entendida como polis, só hai realización moral e, daquela, realización plena da humanidade cando se sobrepasa o coidado polo círculo de parentesco cara ó coidado pola comunidade e polos asuntos públicos. Neste sentido, a afirmación aristotélica de que non hai nobreza no feito de dar ordes domésticas[19], aínda que resulte hoxe un pouco extrema, pode servir de inspiración na medida en que lembra a importancia que ten a participación nos asuntos da polis para a plena realización do ser humano, así como a imposibilidade de acadar unha realización plena exclusivamente no ámbito doméstico e familiar.

Un dos compoñentes da urbe como imaxe do espacio infeliz é que nela existe espionaxe e denuncia en distintos niveis, desde o inofensivo ata o máis grave (lémbrese, por exemplo, a novela *El jardín de al lado*, de José Donoso, *O proceso*, de Kafka, ou a película *Vista desde a fiestra*, de Hitchcock, e *Os golfos*, de Carlos Saura). Pero espionaxe e denuncia non forman parte das virtudes domésticas nin tampouco públicas da cidade. A indiferencia por un lado e o monocultivo de formas e paisaxes urbanos polo outro, promoven a existencia de recunchos esquecidos facilmete utilizables como acubillos para aqueles que sobrepasan os límites do que se considera permitido. ¿É concibible unha polis sen acubillos? Dificilmente. Na imaxe da urbe hai tamén lugares onde se agochar, sobre todo facéndose un máis entre os demais, pero non hai goridas construídas co fin de acubillar; a funcionalidade, a indiferencia e o monocultivo da urbe exclúen a construcción de escondedoiros, pero no cumprimento da súa funcionalidade

19. Aristóteles. *Política*. Op. cit., libro VII, capítulo 3.

deixa lugares tan mortos, desatendidos ou repetitivos que se converten en escondedoiros superando todo esforzo planificado por negalos.

Sucede, coa urbe, como coas máquinas. Hai mecanismos que xa ninguén coida ou observa porque nunca fallan. Habendo moreas de mecanismos, o fallo dun pasa desapercibido, tanto máis canto os demais funcionan e, globalmente, a máquina cumpre o seu cometido. Onde un se esconde con máis facilidade nunha urbe sen escondedoiros é nos puntos de máxima funcionalidade e indiferencia, ben sexa mimetizándose ou simplemente agardando que nun momento falle ou caia no esquecemento, porque algún dos núcleos de hiperfuncionalidade sempre remata fallando ou sendo esquecido. A hiperfuncionalidade, pois, ten dúas caras: por un lado, ten escasas fallas e é fiable e, polo outro, as súas fallas son sempre absurdas e impiden o uso da liberdade, sen anulala (os atascos prodúcense porque todos fan uso da súa liberdade individual no espacio hiperfuncional da vía rápida, pero non se poñen de acordo comunitariamente para usala ou preferir vías alternativas). Canto máis intenso é o esforzo por eliminar os escondedoiros para o imprevisto, máis os valoran os que teñen necesidade deles facendo de esquinas, túneles, recunchos, estacionamentos, poboacións de vivendas idénticas (nas cales se nega todo síntoma de identidade) e vertedoiros (morais e materiais), lugares privilexiados. Na imaxe da cidade caben máis refuxios para o sórdido que para o conspicuo, pois este último se atopa nela sempre ameazado, nunca tan protexido como puidera estalo nun ambiente rural, aínda que alí non logre os beneficios inherentes á súa natureza: o facerse admirar. Os refuxios para o sórdido, por contra, xéranse espontaneamente nos espacios disfuncionais a forza de funcionalidade, neutros ou esquecidos pola reiteración indefinida do monocultivo urbano. Ese monocultivo, que tan decididamente intenta dobregar a flexibilidade das formas máis organizadas do habitar dá acubillo ó sórdido, por unha parte, fisicamente por consecuencia imprevista da iteración infinita das formas urbanas e, pola outra, dálle acubillo moralmente polo feito de que ó excluír certas formas de ocupar o espacio, convérteas en prohibidas e fainas sórdidas en relación ó patrón de habitabilidade preestablecido. O vagabundo e o ocupante de espacio sen dereitos contractuais son proscritos da imaxe de urbe pola mesma vontade que intenta enaltecelos asignándolles espacios planificados, contradictorios moitas veces coa natureza do ocupante "sen casa" e contradictorios sempre coa natureza do vagabundo. A imaxe de urbe integra os proscritos e vagabundos asignándolles lugares funcionais non elixidos por eles, dos que, por certo, estes non fan uso por non destruír a súa propia esencia. A esencia do vagabundo é o exercicio dunha liberdade inestable e en permanente movemento. Entre esta e as opcións fundamentais mediante as cales a urbe

lles asigna espacios fixos e iterables non existe conciliación ningunha. As opcións fundamentais da urbe establécense sen que ninguén as establecera nunca deliberadamente, dotándose dunha forza pública para asegurar a chegada a ese destino aceptado pero nunca elixido, e do que o vagabundo intentará substraerse sempre.

Agora ben, se os anteriores non son perigos urbanos maiores, pois xa se prevé para eles un destino "técnico", si o son as perversións. A perversión máis sofisticada atopa o seu lugar natural na urbe, sen que ningún policía ou lei poidan reprimila, non porque non existan nin a Policía nin a Lei, senón porque a hiperfuncionalidade da urbe ofrece escondedoiros inimaxinables que se substraen ó destino ó que a urbe se conduce soa. A perversión é un dos compoñentes esenciais da urbe como imaxe do espacio infeliz. As perversións nunca son únicas na cidade; na imaxe das perversións que poden existir na urbe cada caso singular pon de manifesto que hai moitos máis, sen ningunha dúbida demasiado escondidos para seren detectados, pero con toda seguridade existentes. O perverso nunca é único na urbe, pero sempre está só, e así se ve el mesmo na imaxe que ten da urbe. Sabe que nela nunca atopará axuda, pero en contrapartida á imposibilidade de xerar unha banda solidaria, atopa protección na indiferencia. A indiferencia urbana é en parte consecuencia da contracción das virtudes cidadáns ó doméstico. O perverso sabe que atopará múltiples formas de connivencia cara a perversións menores e que as maiores pasarán desapercibidas na indiferencia. E ademais, se se chegase a descubrir e castigar, atopará a moitos coma el no cárcere, que presenta unha forma de vida interna que queda fóra da imaxe da urbe (non así o seu exterior).

A urbe é o lugar da repetición. A maior das perversións é por definición repetible e extensible a cada un dos cidadáns, motivo polo cal cada un deles ten razóns para temer ós demais. Todo é realizable na cidade, menos as virtudes públicas clásicas, menos unha acción común, menos darlle un sentido político-moral a esa comunidade de fronteiras espaciais correspondentes á imaxe do espacio urbano, menos que o perverso poida manterse en situación de singularidade total e ser un só. ¿Pero temos acaso o dereito de esixirlle a esa urbe a realización de virtudes que son propias da polis, é dicir, dunha forma de comunidade que posúe unhas características que en moitos aspectos son políticas? Non podemos dar unha resposta definitiva aquí, para eles requeriríase unha revisión da teoría democrática desde os seus fundadores ata a actualidade. Con todo, cabe a dúbida de se a unidade moral da polis grega é realizada hoxendía polo Estado nacional, pois máis ben parece que ó se modificar o tamaño da comunidade, cambie tamén a súa esencia, ou alomenos que algunhas das súas virtudes fundamentais desaparezan. Deste xeito, a polis grega e toda a polis que conserve un

tamaño pequeno non só é política, senón que é política dunha forma en que non pode chegar a ser nin o Estado nin a gran cidade moderna.

Bachelard, ó tratar a imaxe do espacio feliz, lembra que o inverno reforza a felicidade de habitar certas casas. As casas que resisten os temporais, por exemplo, contribúen a constituír a imaxe de fortaleza moral do seu dono[20]. Sen embargo, é de salientar que na imaxe da urbe non aparecen fenómenos morais ligados á meteoroloxía. A urbe, máis que feita para resistir temporais, foi construída para negar a súa existencia e efecto, para que non se saiba deles. Se a vivenda que resiste o temporal fai do inverno unha estación feliz é debido a que previamente existe a situación de intimidade protexida, que o rigor climático fai máis intensa. Na urbe, en cambio, os homes nunca son medidos polos elementos, que só aparecen, como ladróns, para facer que existan desgracias[21], nas cales o concepto de medición moral se esvaece para dar lugar á fatalidade propia da ausencia de destino. Esta fatalidade reforza o sentido de impotencia con que se experimenta a liberdade de cada un dos cidadáns. Os meteoros e os seus efectos quedan así practicamente fóra da imxe da grande urbe; na imaxe da grande urbe nunca hai meteoros porque non hai imaxe de urbe sen unha especie de microclima que distancia ó ser humano da meteoroloxía.

A designación dos espacios de acubillo como resultado marxinal ou mesmo como fracaso das políticas de planificación, a protección e a iteración do perverso, que sempre pode aparecer na esquina máis próxima e, sobre todo, o descubrimento da liberdade como imposibilidade de darlle un destino á urbe, son constitutivos esenciais da imaxe de cidade como espacio infeliz. Este último feito obriga a facer da angustia un dos compoñentes característicos da imaxe do espacio infeliz ó que se lle dá o nome de urbe, ó mesmo tempo que permite caracterizar un tipo especial de angustia que designamos como "angustia urbana". Por este motivo, parécenos que toda descrición eidética da imaxe da urbe debera incluír unha imaxe de angustia, diferente se cadra doutras formas de angustia, pero tal vez terreo ignorado das descricións de angustia feitas pola filosofía existencial. ¿Significa isto que a imaxe de cidade teña que ser unha imaxe de espacio infeliz? Non necesariamente. A recuperación da filosofía clásica por parte dalgúns filósofos contemporáneos e a constitución de imaxes do espacio como comunidade, permite revalorizar a cidade fronte á urbe e fundar naquela a imaxe desta.

Hai que insistir en que o espacio da cidade como comunidade é hoxe unha "simple imaxe" de algo pasado, máis froito dunha especie de arqueoloxía urbano-imaxinaria que unha realidade vivida, como o

20. Bachelard, Gaston. *Op. cit.*, p. 52.
21. Damnificados é a denominación que se lles dá en Chile.

foi na antigüidade clásica, alomenos por aquel segmento de poboación que non era nin escravo nin estranxeiro. A filosofía é só unha das disciplinas constituíntes da imaxe da cidade e hai que recoñecer que outros creadores de imaxe, como o cine ou a literatura, contribuíron moitas veces a recreala como imaxe do espacio infeliz. Con todo, non atribuamos ós creadores profesionais de imaxes o feito de que a urbe sexa un dos arquetipos da imaxe do espacio infeliz. Se a imaxe de urbe acadou unha idea de pesar é porque moitos dos seus habitantes a conciben dese xeito, de forma que a cidade vive neles con esas características. Por iso mesmo hai que rescatar a poética do espacio de Bachelard, pois, como dicía el, a función irreal dunha imaxe feliz vén seducir, inquietar ou espertar aquilo que xa é, pero non no sentido da catástrofe, senón xustamente no da felicidade. Non sería posible nin sequera concibir a idea de espacio infeliz de non ter a contrapartida lóxica constituída pola imaxe do espacio feliz provista por unha filosofía de inspiración aristotélica, a literatura e as análises de Bachelard. Para que o espacio infeliz sexa pensable e nomeable como tal, cómpre concibir aquilo que o nega, do contrario aparecería como simple espacio. Corresponde daquela a alguén que veña despois de nós, que fomos os que esbozamos a imaxe do espacio infeliz, detectar qué aspectos da imaxe da urbe poden ser comprendidos baixo o modelo da polis, buscando os seus elementos esenciais de felicidade e realizando aquilo qué Bachelard non enxergou: a integración da imaxe do espacio doméstico feliz co espacio común, colectivo e libre.

H. N.

LIBROS

LITERATURA: **DOLORES VILAVEDRA.** HISTORIA: **XAVIER CASTRO.** CIENCIA: **MANUEL RODRÍGUEZ. GUSTAVO A. GARRIDO.** ECONOMÍA E POLÍTICA: **XOSÉ A. FERNÁNDEZ MORENO.** FILOSOFÍA: **CARLOS FERNÁNDEZ.** LINGÜÍSTICA: **HENRIQUE MONTEAGUDO.** CIENCIAS SOCIAIS: **XAN BOUZADA.**

Os soños, soños son

● DARÍO XOHÁN CABANA. *Morte de rei.* Edicións Xerais, 1996.

É ben certo que un pobo sen historia de seu non é tal, e a súa existencia dilúese no discorrer dos acontecementos cotiáns que só son presente sen memoria e sen proxección de futuro. A historia que durante séculos lle foi furtada a Galicia como pobo sometido aínda permanece submersa en mesto neboeiro, e só moi engordiño o sol da nova primavera se aventura a baixar atoutiñando polas corgas de tempos esquecidos. A función do texto literario como divulgador e mesmo como manipulador da historia non é desdeñable. Constataríase doadamente só con comprobar cántos bachareles galegos coñecen os protagonistas do xuramento de Santa Gadea e cántos os relacionan co último rei de Galicia. Son os froitos dunha tradición expansiva para a que o sol brillou adoito centos de anos mentres Galicia se esquecía de si mesma.

A conciencia da importancia de recuperar a memoria histórica foi unha constante na intelectualidade galeguista desde Murguía e Añón, pasando polos homes da xeración Nós. Sen embargo a recreación literaria dese pasado foi escasa e os primeiros ensaios realizados por López Ferreiro nas súas novelas do século pasado tiveron ben menos difusión e transcendencia cás fantasías pondalianas creadoras dun pasado celta heroico e mítico, que habían prender nas exitosas literaturizacións contemporáneas do mundo artúrico. Darío Xohán Cabana recolle ambas as dúas vertentes na súa teima por recuperar o pasado, e tanto o mito coma a historia verdadeira lévano constantemente ós labirintos ecoantes do medievo.

En *Morte de rei* o escritor enfróntase a unha pasaxe da nosa historia tan decisiva como esquecida: a usurpación do reino de Galicia polo rei de León e Castela cara á fin do século XI despois de capturar a traición a quen era seu irmán e lexítimo herdeiro daquel reino, don García. A figura deste último rei, vinte anos prisioneiro e cargado de cadeas nunha cela do castelo de Lúa, é abondo suxerente. Agora no mundo de ficción atopámonos con el fronte a fronte nas últimas horas do seu devalar, ó longo dunha noite que comeza coa contemplación do solpor desde a fiestra da prisión e que se dilata en horas interminables de conversa co último amigo fiel que aínda o vén visitar co consentimento dos seus gardas. O interlocutor do rei é Amaro Érniz, fillo de quen fora titor da infancia e conselleiro de goberno do rei, Erno Cernui, coñecido

como Vérmula, moi inimigo dos ricos homes e odiado por eles. Cabana fai descender a este privado do rei dunha caste de montañeses con conciencia irrenunciable de homes libres, os nemedaos, que viven nas montañas de Nemedón por non avirse a xurar fidelidade a rei foráneo, e que toman baixo a súa tutela o herdeiro don García como fillo da galega dona Sancha.

No diálogo con Amaro o rei fai repaso da súa vida nunha especie de derradeiro exame de conciencia, ás veces incitado por algunhas noticias que o amigo lle trae do exterior, outras polo vaivén das súas lembranzas. Así, guiados polas rememoracións do rei, mergullámonos no seu mundo interior, onde se reviven momentos decisivos, entrañables ou dramáticos, do seu percorrido vital: a infancia nos Pazos de Avia, os estudios en Santiago, os esporádicos encontros coa familia, a toma de Coímbra, a morte do pai rodeado de olladas penzoñentas de avaricia, a loita esforzada no campo de batalla arredor de Santarén, as dificultades de goberno, as artes do tempero entre as traicións espreitantes, o impacto dos puñais asasinos nos máis próximos colaboradores e amigos queridos, as xogadas sen escrúpulos da ambición dos propios irmáns... A descrición dos feitos alterna coa valoración autocrítica do propio rei que desde o fracaso definitivo só se mostra duro consigo mesmo e parece confundir, coma Sexismundo, as fronteiras entre vida e soño. Pero este don García non é víctima das falcatruadas de quen quere apartalo da vida, como lle sucedía ó personaxe de Calderón, senón da súa propia incapacidade para vivir fóra do mundo dos soños. Por iso prefire a cadea ante a fuxida, e a omisión ante a obra, pois que todo canto obrara virara mala semente de desgracias cada vez meirandes.

O primeiro comentario obrigado ante esta nova obra do autor lugués será decotè o recoñecemento do erudito e minucioso labor de documentación en que se asenta a materia narrativa desta novela que supera as catrocentas páxinas. Emporiso o traballo do investigador non debe ensombrecer o do creador que logra entreter, convencer e ata conmover coas fazañas dun partido fracasado por culpa da súa superioridade moral entre os contemporáneos. Datos documentais á parte, que deben ser ben escasos e ben difíciles de atopar con xeito de dalos peneirado das intencións con que foron escritos, é a configuración da personalidade dos personaxes e a maraña das súas relacións o que seduce ó lector e o arrastra de páxina en páxina coma quen se deixa levar pola prácida corrente dun río nunha tarde outoniza contemplando desde a barca a colorida follaxe das ribeiras, que por moito que se prolongue nunca cansa. O relato envolve co seu fluír calmo, en cumprida alternancia de acción e análise retrospectiva da acción, de pasado de loita e presente de vencidos, e o solpor que o protagonista contempla ó comezo revélase como preludio da extinción dun rei que xa non verá o novo albor e dun reino que deixa de existir non sendo na esperanza teimuda dunha presa de idealistas que se negan a renunciar ó seu soño e se aferran a unha vida en comunidade alleados do resto da sociedade, coma se de pobo de menonitas se tratase.

Os paralelismos entre historia e mito que parece suxerir o título limitándose ós nomes xenéricos do título do último volume do ciclo da *Vulgata* permite a conxectura de que *A morte do rei Arturo* se renova nesta *Morte do rei* co aval duns personaxes históricos que garanten a lóxica da esperanza no rexurdir futuro a través dunha simbólica descendencia. E quizais sexa este empeño consciente do autor en adornar a historia de xeito que amose vías abertas para

a esperanza a toda costa o único que introduce un punto frouxo no final da historia tan ben contada. Se xa resulta esaxerado e innecesario o episodio final que presenta á viperina irmá maior Orraca en febril ataque ninfómano a un García aínda imberbe, ¿que dicir dese lance final que de maneira sorprendente nos descobre que o rei moribundo ten descendencia dos seus doces amoríos nos xardíns do exilio árabe coa fermosa galega filla de servos labregos? As ardores da infanta que se retorce coma serpe naquel episodio final só poden inducirnos a sospeitar que se pretende xustificar a crueldade fratricida de Alfonso polos poderes demoníacos desta mala muller, que ata podería ser a orixe de toda discordia entre a descendencia de Fernando I. Pero aínda queda a imaxe última do fermoso neno loiro, fillo de rei e muller do pobo, rodeado de doce nai e leais servidores libres medrando no cativo paraíso oculto polas terras de Tui. Deste xeito a densa traxedia do reinado de Don García resólvese cun xiro máis propio de culebrón televisivo que deixa triunfar ós bos despois de todo, aínda que sexa un triunfo case secreto.

Así e todo, as circunstancias históricas da caída do reino preséntanse con obxectividade ben desprovista de calquera trazo de apaixonamento chauvinista. E dá moito que pensar no dito de que "a historia sempre se repite" esta crónica dun episodio de autodestrucción por constantes traicións procedentes do interior, polo pacto dos grandes do reino co amo foráneo que defende mellor os seus privilexios e pola imposibilidade de gobernar con xustiza fronte ós poderes fácticos. Ante semellante panorama é licito para un espírito xusto negarse á acción e recluírse en si mesmo coma o rei prisioneiro. Igual que é lícito seguir a soñar sempre. Agora Cabana regálanos o soño de que fomos perdedores un día por ter un rei bo e xusto en demasía. Fermoso soño de pracenteira e estimulante lectura.

MARÍA XESÚS LAMA

A emerxencia dun ollar

● FERNANDO SABINO. *Un cadelo menos e 29 historias máis*. Edicións Xerais, Vigo, 1996.

Raras veces temos conciencia da responsabilidade do noso ollar sobre o mundo como ó lermos a Fernando Sabino. Nel o humor neutraliza o sentido do desaire, da incomodidade e da insatisfacción do cotián e obríganos a redescubrilo, nunha gradación que vai do sorriso ó riso franco, aberto, libertador. Colócanos cara a cara cos nosos temores ("O sorriso da caveira"), cos nosos ridículos ("Conversa de home"), facéndonos ver desde *afora*.

Mais non nos enganemos. Fernando Sabino fai crítica: é a autosuficiencia ("O afinador de pianos"), o centrarse sobre si mesmo ("O gato son eu"), o exceso de formalismo, lonxe da realidade ("Reunión de propietarios"), o saber, se cadra demasiado libresco, se cadra demasiado instalado ("O libro perdido").

Cunha ironía (tamén) que nos fai lembrar de súpeto a Eça de Queirós ("Basta saber latín"), nesta como noutras ocasións, usa a pincelada dunha frase final inesperada ou sintética, que fica no aire...

No medio da présa en que vivimos, préstanos ler "Psicópata ó volante", unha explosión de autoritarismo por unha reacción desconcertante que nos pode ensinar moito. A paciencia que nos debemos a nós mesmos, por exemplo, como arma de defensa en medio das contrariedades que xorden a cada momento ("¿Quen matou a irmá Georgia?").

Ninguén coma el para crear ambientes familiares ("Hora de durmir"), mais ninguén coma el, tamén, para captar as variacións do insólito ("Un cadelo menos", "Palabra de honra", "Televisión para dous", etc).

Sabino insinúa a nosa posibilidade de liberación en medio dos constrinximentos rutineiros ("Realidade e fantasía"), a urxencia de sermos solidarios ("Conversa de taxista", "Valentía").

E, sobre todo, o ollar de Fernando Sabino restaura aquela delicadeza interior que tanto nos cómpre, restaura a tenrura intacta das cousas. "Mirou para a filla, desconfiado, pero ela devolveulle unha ollada de tenrura. Unha tenrura de cómplice" ("Home ollando o mar").

Todo isto nunha aparente simplicidade, case infantil, en pequenas historias nas que varían as voces, adécuanse os rexistros da fala á condición dos personaxes ou ás súas emocións.

Esta obra que acaba de ser publicada en versión galega —e felicitamos ós seus traductores polo seu empeño e traballo— é un exemplo da arte de escribir ó servicio non só da fruición estética senón tamén da reflexión sobre a condición humana.

De feito, este conxunto de historias, que potencialmente deberán interesar a todas as idades e graos de cultura, esconden tras de si unha primeira lectura circunstancial e humorística e unha segunda lectura de análise psicolóxica sobre comportamentos humanos.

Un cadelo menos e 29 historias máis resulta así un exemplo de como a simplicidade pode ser fermosa, rica e paradoxalmente complexa. É unha obra para ler, gozar e reflexionar.

MANUELA REIS
MANUELA SALVADOR CUNHA

Unha nova canle poética

● ABLATIVO ABSOLUTO. Colección de Poesía. Edicións Xerais, Vigo.

Non sei quen o dicía non hai moito nas páxinas dun dos poucos suplementos culturais que van ficando na nosa prensa escrita: un corenta por cento dos títulos publicados en Galicia son poéticos. Non podo imaxinar ningún país

nin ningunha cultura que poidan barallar semellante dato, por si só tan revelador da nosa singularidade literaria. E velaí que xorde unha nova canle pola que guiar este manancial que nos últimos anos vén rebentando por toda a xeografía, esta caudalosa enxurrada, diversa e fresca, que asolaga a rúa e o quinteiro, que abre mesmo regos e camiños, e naturalmente disputas, porque é nutricia. E velaí que esta nova canle, que unha editorial co prestixio de Xerais non podía deixar de abrir, ten goberno de xente nova. Ó seu Consello Editorial, formado por Iris Cochón, Xabier Cordal, Helena González, Antón R. López e Miro Villar e presidido por Fran Alonso, pódeselle facilmente atribuír unha sensibilidade e unha vocación renovadoras, así nolo fan pensar tamén as declaracións de principios que temos lido ou escoitado, das que, entre outras cousas, subliñamos o proxecto de atenderen especialmente, aínda que sen exclusións, as voces máis novas e o de traduciren poesía universal contemporánea, tamén con particular atención ós novos creadores. Persoalmente non creo que todo o novo sexa renovador, nin todo o renovador positivo e bo de seu. Agora ben, se entre os criterios de selección de orixinais prima o da calidade, teño o total convencemento de que a colección pode constituírse na canle dinamizadora e valente, creadora de opinión e de reflexión que se precisa que sexa.

A primeira auga que chegou ó muíño de "Ablativo Absoluto" é da que move con certeza o reducio. Os catro títulos que abren a colección son unha referencia segura e sólida na que afincar futuras entregas.

Traballo de campo, traducida por Vicente Araguas, ofrécenos en versión orixinal e nun galego enxebre poesía que nos anda a turrar, desa que nos enche a lingua desde "Oysters/Ostras" e non para de sabernos, mesmo ou mellor aínda se arrecende a esterco ou sabe a sombra de freixo e mais á dor da pólvora con que xenerosamente foi salferido o terrón de Seamus Heaney, a nosa Irlanda. O feito de que esta traducción galega sexa a primeira que a ningún idioma se fai de *Field Work* resulta todo un síntoma. E un notorio acerto.

Nínive, de Chus Pato, despois de *Urania*, *Heloísa* e *Fascinio*, parece ter o cariz de colofón dunha primeira etapa poética que agora mesmo xa continuaría *A ponte das poldras*, rotundamente —agora si— renovadora e dunha envergadura sen igual no panorama poético dos últimos anos. Auga de beber. En Chus Pato a poesía é un ensaio revolucionario que procura e chega a definir, nun labor por veces tremendamente amargo e angústioso, un novo concepto de *patria* a través de constantes referencias literarias e metapoéticas, históricas e autobiográficas que enchen o poemario de perspectivas, suxestións e profundos requintes. A escrita é a procura desacougante desa luz, moi vigorosa tamén en "Outside": "entramos nesa luz / chamámoslle REVOLUCIÓN LIBERACIÓN NACIONAL / angustia / Patria".

Poemas da cidade oculta de Estevo Creus é unha mostra máis da poesía do que se deu en chamar "poetas dos 90", que vén confirmar os azos creativos dos "novos" —este mesmo autor gañou recentemente o prestixioso premio González Garcés— e a súa rica variedade estilística, temática e formal. Membro do activo Batallón Literario da Costa da Morte, Estevo Creus desenvolve aquí un lirismo singular, en certo sentido moi cruamente asentimental e que eu asociaría ó de Celso F. Sanmartín. Faino nunha especie de espiral invertida a través de cinco itinerarios nos que paulatinamente progresa e medra o mar —hai muíños de maré— sobre a cidade e na memoria.

E de repente, Anxo Quintela. Despois de trece anos sae da sombra dos pavillóns este emblemático poeta da denominada xeración dos 80. *O asasino estrábico* —auga moi de vagar— é unha obra singular por moitos e variados motivos, xa non só dentro da colección, senón no panorama poético galego contemporáneo. Tal vez o máis chamativo deles sexa o primor e o regusto formal en que se instalan estas esgazadas e crípticas décimas preñadas dun verso máis, un hendecasílabo final con outra música que frecuentemente esixe unha relectura, a reinterpretación dos símbolos, o xogo.

Aberta a canle, "Ablativo Absoluto", que circule este manancial inesgotable, que non deixe de fluír: vén das nascentes onde toda a terra é sangue e onde a todos, novos e vellos, de aquí e de acolá, nos vibra e nos latexa.

ANXO ANGUEIRA

Ensaios de literatura e política

● XESÚS ALONSO MONTERO. *Ensaio breves de literatura e política*. Editorial Nigra, Vigo, 1997.

"Cóntome, desde hai moito tempo, entre os devotos dese xénero literario-periodístico que se chama *anaco*. Ninguén o cultivou con tanta cultura oportuna e tanto talento narrativo como o seu creador, Borobó, pseudónimo de Raimundo García Domínguez....", con estas palabras abre Xesús Alonso Montero o seu artigo intitulado "Anacofilia", pertencente a *Ensaios breves de literatura e política*. O libro acaba de ser publicado como número tres da Colección de Ensaio da Editorial Nigra, se ben, en rigor, esta colectánea de textos podería situarse nun terreo fronteirizo entre a historiografía literaria e o propio ensaio. O artigo sobre Borobó sería un magnífico pórtico para entrarmos nos breves ensaios de Alonso Montero, pois boa parte das gabanciosas palabras que lle dedica tamén serían adecuadas para cualificar o seu labor neste volume.

En efecto, Borobó ou Ben-Cho-Shey (protagonista doutro dos textos) estarían nun lugar destacado entre os que precederon a Alonso Montero no uso brillante deste xénero literario que sempre foi devoción dos escritores galegos, por seren conscientes de que a palabra impresa nun xornal posúe en potencia moitos máis lectores que un libro, convertendo os textos en pequenas caixas de resonancia do sentir colectivo. Os intelectuais *per se* optaron por este recurso para que o seu discurso penetrase mellor na sociedade. Un procedemento de gran forza no pasado e que aínda hoxe está vivo en calquera das literaturas do noso contorno, malia perderen os escritores e os pensadores boa parte da influencia que tiveron décadas atrás.

Desta maneira tamén se explica que o título fale de ensaios breves de literatura e "política", termo usado no seu sentido máis etimolóxico. De feito, o libro

recolle 142 artigos escollidos entre os que foron publicados con anterioridade no xornal *La Voz de Galicia*, desde o 1 de novembro de 1992 ata pouco antes do 15 de novembro de 1996, data na que se redactou a "Nota preliminar". Nesta introducción o autor dános conta da súa xénese e da súa pertenza a unha sección dominical que durou ata o 18 de decembro de 1994 e a outra, intitulada "Beatus qui legit", que vén aparecendo desde o 5 de xaneiro de 1995 ata o día de hoxe na devandita publicación. Ademais, o preámbulo serve para facer unha consideración sobre a "tiranía" da estreiteza dos dous mil ou dous mil catrocentos caracteres, segundo a etapa, que o medio impón á hora de redactar. Isto leva ó autor a compararse cos poetas que labran no soneto, autocualificándose como *unha especie de "sonetista" en prosa.*

A seguir, en case duascentas páxinas, reprodúcense os textos, baixo os epígrafes perfectamente clarificadores e, ás veces, rotundos, con que foran publicados no xornal. Aínda que non se indica de maneira expresa, supomos que os artigos aparecen un tras outro en orde cronolóxica, pois non hai ningunha división temática ou doutro tipo. Tan só nas últimas páxinas aparece un índice onomástico que serve de referencia. E tal vez sexa esta a única peza que vemos neste volume. Se se nos permite, nós suxerimos diferenciar unha ducia de bloques temáticos, facendo a salvidade de que moitos dos textos son perfectamente intercambiables por trataren temas que se interseccionan. Procederiamos así da mesma maneira que o propio Alonso Montero fixera na preparación de *Galicia no corazón*, unha breve compilación dos centos de artigos literarios e de investigación escritos, tamén como colaboracións de prensa, por Xosé Ramón Fernández-Oxea, Ben-Cho-Shey, que aparecen divididos en nove capítulos por intervención do responsable da edición.

Por razóns cuantitativas, o primeiro apartado estaría formado por ensaios que teñen como cerna a Guerra Civil e o franquismo da inmediata posguerra. Neles descubrimos o posicionamento de moitos escritores galegos con respecto ó golpe de estado do xeneral Franco contra o goberno democrático da II República. Así, temos os seus nomes en "Poesía francófila no 36" e coñecemos os poemas afervoadamente franquistas de Mechitas de Vigo ou de Francisca Herrera Garrido. Noutros textos o autor anuncia o seu libro *Os poetas galegos e Franco (Estudio e antoloxía)* ou exhuma unha das poucas e cativas cancións populares franquistas en galego.

Dos que estiveron noutro lado, lembra os versos antifranquistas de *Porco triste*, un anónimo poeta do exilio que publica en *Galicia*, da Federación de Sociedades Galegas. Tamén menciona os poemas a Castelao aparecidos no exilio ou os textos de E. P. H., poeta do exilio interior que se refuxia nunhas confusas e aínda non desveladas iniciais. Dous dos artigos refiren a dignidade de Dieste nesa altura e o seu epistolario amoroso de 1939, fronte a outro que sinala como día triste de Risco o 16 de febreiro de 1936, data do triunfo electoral dos partidos da Fronte Popular ou aquel que dá conta dun libro pedagóxico dos inicios do franquismo que ten como coautor a Álvaro Cunqueiro.

Igualmente teñen que ver con este tema os textos que narran o desgraciado papel da Igrexa ou o curioso fusilamento dun soneto en Lleida en 1938, aqueloutro que alude á figura de Aparicio, inquisidor literario nos primeiros anos da posguerra e persoa benzoada por Cela, que contrasta co texto que fala da apertura á hora de escribir en galego na década dos cincuenta, propiaciada por

Borobó nas páxinas de *La Noche*. A propia persoa de Franco é o obxecto de varios textos: nun deles dubídase de que fose un orador ocasional en galego no ano 1939, noutro lémbrase como foi elixido en 1942 presidente de honra da R.A.G. ou como se converteu en redentor de poetas, pois Alonso Montero rescata do esquecemento o libro *Musa redimida*, escrito por presos políticos para se defenderen da barbarie. As consecuencias da guerra tamén se reflicten nos ensaios que falan da prohibición do S.E.G. e da creación en 1944 do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos. Ademais, faise mención dos textos de Seoane e Varela canda a liberación de París nese mesmo ano. A reivindicación dos documentos galegos desta época que figuran no arquivo de Salamanca, a crítica á ausencia da nosa literatura no congreso "Exilio literario español de 1939" celebrado o ano pasado en Barcelona e as gabanzas do militar republicano Enrique Líster e das Brigadas Internacionais pechan este primeiro apartado.

Un segundo bloque salientable sería o daqueles artigos que xiran arredor do idioma galego, desde distintas perspectivas, nun discurso no que a súa defensa é entendida como un labor persoal. Os textos, moi críticos todos eles, van desde as prácticas lingüicidas ou a voraz glotafaxia existente no seminario de Ourense na década dos cincuenta, que levaba ós alumnos a escribiren "No hablaré en gallego", ou a comicidade en galego de Xan das Bolas, nun tempo en que a lingua galega estaba proscrita na maiorría dos foros, ata chegarmos á actualidade, con artigos que recriminan o uso do idioma que fan os políticos de hoxe ou aqueloutro que relata o estupor dun conselleiro da Xunta de Galicia cando soubo que un compañeiro do seu partido utilizaba o galego no ámbito familiar. Alonso Montero incide tamén de maneira especial no uso que se fai da lingua. Nesta liña están varios textos que falan do galego da TVG, sobre todo nos deportes e particularmente no fútbol, que é obxecto de tres artigos. Reprende a *efobia* ou *ifilia*, isto é, o uso de *i* no canto de *e* para a conxunción copulativa, ou o emprego da gheada entre o profesorado, ademais de criticar decisións puntuais como a liberdade ortográfica adoptada pola Universidade de Vigo.

Igualmente, hai ensaios breves nos que engade apuntamentos lexicográficos, como propor o uso de *fratria* no canto de *patria* ou da *matria* de Celso Emilio Ferreiro e Rábade Paredes ou especificar a diferenciación entre "sobras" e "relevos" para se referir ós alimentos que se deixan na mesa. Dentro deste apartado, aínda que en conexión con outros, estarían o texto que analiza a práctica bilingüe de Eduardo Blanco Amor e o que refire á preocupación de Pietro Molteni por este problema, coa súa suxestión de incluír nos inquéritos unha pregunta sobre o idioma no que se fai o amor. A modo de conclusión deste capítulo podería estar o artigo no que se reivindica o maxisterio rural en cuestións de lingua.

A literatura grecorromana, moitas veces en íntima relación coa sociedade de hoxe, é o eixo dun terceiro grupo de artigos. Así, Alonso Montero lembra como Olegaria Dieste traduciu un epodo de Horacio, fala da versión do libro IV da *Eneida* feita por Avelino Gómez Ledo, da traducción da *Ilíada* e da *Odisea* que publica Evaristo de Sela, pseudónimo de Evaristo González Fernández, ou da realizada por Amable Veiga Arias sobre a totalidade dos *Epigramas* de Marcial. Ademais, amoesta o fiscal acusador de Alexandre Bóveda porque na súa acusación puxo en boca de Virxilio unha cita que, en realidade, pertencía a Horacio. De raíz crítica tamén son aqueles textos que serven para criticar a política actual

con referencias a autores da literatura grecolatina, así acode a Tulio e a César para condenar a corrupción ou a Quintiliano para falar do orador político actual. Teñen así mesmo o seu interese un artigo que emparenta a *auctoritas* de Aristóteles co noso folclore popular, outro que pescuda no helenismo de Karl Marx e aínda outro que lembra os cincocentos anos do humanista Poliziano.

Nun cuarto e quinto apartados situamos os artigos que subliñan aspectos moi pouco coñecidos de destacados escritores e intelectuais galegos e foráneos. Entre os primeiros, Alonso Montero trata de elucidar a noticia de Rosalía como autora teatral, argumenta a consideración do "herexe" Curros como coautor da *Rerum novarum*, primeira proclama social emanada do Vaticano, ou reivindica o socialismo de Leiras Pulpeiro, o esquerdismo de Valle-Inclán, o filocomunismo de Castelao e a poesía semicomunista de Fole. Tamén hai textos que glosan a personalidade de Suárez Picallo, Luís Seoane, Borobó ou o polígrafo Ángel Amor Ruibal, que se pon en relación con Saussure. Dos foráneos están presentes nestas páxinas, ademais deste último, Federico Engels, Antonio Udina, Klaus Bochmann, Umberto Eco, que comparte con Leiras Pulpeiro a súa simpatía polo esperanto, ou o renacentista Micer Andrea Navagero que se trae a colación para falar do rigor literario de Darío Xohán Cabana.

Un sexto grupo está conformado por artigos que recuperan autores importantes ou reivindican escritores menores da nosa literatura non exentos de interese. Eis as páxinas que merecen Sarmiento, no seu tricentenario, Pastor Díaz ou o tío Marcos da Portela cando se trata dos primeiros e as que protagonizan Albino Núñez, Fernando Burbia Valcarce (pseudónimo de Ramón González-Alegre), Roberto Blanco Torres, Xervasio Paz Lestón ou Manuel Formoso Piñeiro no caso daqueles que ocupan un lugar secundario, pero digno, na nosa historiografía literaria.

Para un sétimo apartado aqueloutros ensaios breves nos que se fala de personaxes a penas valorados e mesmo ignotos, entre os que figuran o Padre Brandariz, que lía dúas ou tres "cousas" de Castelao antes de pronunciar a súa homilía en galego; o ministro franquista Martínez Esteruelas que visita a un Otero Pedrayo case agonizante sendo despedido coas palabras "Salve el griego, señor Ministro"; o humanista irlandés Patricio Sinot que foi profesor de Gramática na Universidade de Santiago a principios do século XVII; o poeta independentista filipino José Rizal, fusilado polo exército español; o estudioso do sánscrito José Canedo ou o escultor Compostela, exiliado en Porto Rico. Mesmo habería que incluír aquí, vencellados co anterior grupo, aqueles artigos que rememoran á nai de Castelao e a súa relación con Otero Pedrayo e a María Miramontes, a muller de Ánxel Casal.

Sen deixarmos os escritores teriamos os grupos oitavo e noveno. No primeiro, máis breve, xuntamos aqueles textos que fan referencia á alofonía desde o amor como os que falan de Pepita Vila, por quen poetiza en galego Carles Riba, ou de Pepita Sabor, a musa de Eduardo Jorge Bosco, autor de oito composicións poéticas na nosa lingua. No segundo estarían as necrolóxicas de amigos ou persoas admiradas por Alonso Montero como os escritores e intelectuais Ben-Cho-Shey, Aranguren, José María Valverde, Filgueira Valverde, pero tamén Evaristo Mosquera, Chucho de Ribadavia, o avogado Rafael Bárez e o humorista Xesús Campo, estes dous últimos lembrados xa na dedicatoria do volume.

A exhumación de textos e as recensións ou novas sobre libros encherían os grupos décimo e undécimo. Así, Alonso Montero deixa ó alcance dos lectores documentos ou referencias textuais de moi difícil localización ata hoxe. Recupera o primeiro artigo de Valle-Inclán, unha carta de Ánxel Casal a Lorca, a carta 110 de Rafael Dieste, necesaria para entendermos o seu posicionamento ideolóxico, e un poema de Lorenzo Varela, textos que non desvelamos para non toller a lectura destes *Ensaios breves*. Entre os títulos que se comentan están o *Libro dos amigos* de Otero Pedrayo, a presencia da Pasionaria en *Xente ao lonxe* de Eduardo Blanco Amor, a biografía deste que escribiu Gonzalo Allegue, *As décadas de T. L.* de Tobío, *Deus sentado nun sillón azul* de Casares e a súa relación con Risco, *O Cancioneiro da loita galega* editado polo PG no ano 1943 en México, a revista portuguesa *O soneto neolatino* e os *Sonetos del alba insomne* de Xosé Mª Álvarez Blázquez, a inocentada deste último cando publicou como anónimo o seu *Cancioeiro de Monfero*, o insólito libro *Manuel Curros Enríquez e Federico García Lorca cantan a Rosalía en vinte linguas*, unha antoloxía de poetas galegos en ruso de próxima publicación, así como *De Breogán aos pinos. O texto do Himno Galego*, onde Manuel Ferreiro analiza os problemas ecdóticos do texto pondaliano, o poemario *O ar que nos leva* de Víctor Campío e o *Diccionario crítico de dúbidas e erros* de Chacón e Rodríguez Alonso.

Finalmente, nun capítulo de miscelánea confluirían todos aqueles textos de díficil clasificación e que non enumeramos pola súa heteroxeneidade. Neles, entre outros temas, hai reflexións sobre o humanismo e o marxismo, sobre a política actual ou acedas críticas a actuacións concretas de institucións como o C. I. L. L. "Ramón Piñeiro" ou o Consello da Cultura Galega, entidade da que Alonso Montero foi vicepresidente e demitiu en 1984.

Como conclusión diremos que estes *Ensaios breves de literatura e política* teñen a característica de estaren escritos de maneira rigorosa na exposición do tema e resoltos con moita axilidade, non desprovistos dun afán esclarecedor e didáctico, algo común a outros traballos de investigación literaria do profesor Alonso Montero. Salienta tamén a minuciosa recolleita de información e a capacidade comunicadora, feita con precisión e amenidade. Ademais, o libro suxire liñas de investigación inexploradas e téndelle a man a investigadores novos para profundizar en aspectos aínda en penumbra da nosa literatura.

MIRO VILLAR

Cadernos de vida e culturas

● *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas.* Sada, Edicións do Castro, 1996.

Co suxestivo título de *Unión Libre*, aparece no panorama editorial galego unha nova publicación periódica, baixo a coordinación xeral de Carmen Blanco

e Claudio Rodríguez Fer. O subtítulo, *Cadernos de vida e culturas* é abondo indicativo do talante co que foi concibida a publicación, pois esta xorde como unha colección de cadernos, de periodicidade anual, "dedicada á vida no seu sentido máis integral e pluricultural, aínda que sempre en conexión con manifestacións creativas preferentemente literarias e dende unha perspectiva de avanzada radicalmente aberta, crítica, independencia e libertaria" (p. 9).

A *unión libre* é por tanto a filosofía que está detrás desta empresa, segundo podemos ler na declaración de intencións que figura na introducción da mesma, onde apreciamos un esforzo por explicitar as liñas xerais da publicación, a súa actitude e o seu estilo:

> Unión Libre é un proxecto, pero tamén un resultado: libre unión de persoas e de ideas, de análise e de creación, de memoria documental e de vangarda artística, de investigacións policéntricas e de metodoloxías integrais, de afondamentos nas raíces e de diálogos sen fronteiras, en suma, de vida e culturas a través duns cadernos radicalmente vitais, aínda que só se ofrezan neles algúns fragmentos de estudio rigoroso, de creación libre, de memoria activa e quizais, por acaso, de vida liberada *(ibidem)*.

A convivencia destes elementos dispares conséguese mediante a estructuración da publicación en tres seccións fixas, dedicadas á análise, á creación e á memoria, respectivamente. A primeira delas está concibida como un bloque reservado ó estudio monográfico dun "tema de interese vital tratado por especialistas" *(ibidem)*. A segunda sección reúne toda a producción creativa da revista, artellándose á súa vez en dous apartados, destinados á traducción de textos considerados relevantes nas letras contemporáneas, e á publicación de aportacións inéditas e innovadoras na nosa lingua. A terceira das seccións ten un carácter documental, dedicado á "memoria de persoas e pasaxes dignos de rescate, recuperación, honra, homenaxe ou agradecemento por ter sido obxecto de esquecemento, ocultación, represión, persecución ou exilio" *(ibidem)*.

O bloque dedicado á análise ocúpase, nestre primeiro número, da creación literaria feminina, reproducíndose as ponencias presentadas no Encontro Internacional de Mulleres escritoras, celebado en Lugo no verán do 94, que fora coordinado por Carmen Blanco. As comunicacións recollidas abordan cuestións relativas á escrita feminina, e a diversas figuras da literatura española e galega (Rosalía de Castro, Concepción Arenal), asinados por investigadoras de procedencia heteroxénea: Ellen Engelson Marson, Linda Gould Levine, Susan Kirkpatrich, Kathleen N. March, María del Carmen Simón Palmer e Susana Reisz. A este *corpus* engádense aínda dous extensos traballos centrados no contexto galego, asinados respectivamente pola coordinadora e a secretaria dos Encontros. Así, Olga Novo estudia a temática na obra de Xohana Torres, mentres que Carmen Blanco expón un longo traballo sobre as "Nais de tinta: Dora e Pura Vázquez, Luz Pozo Garza e Pilar Vázquez Cuesta". Desde o punto de vista documental, este estudio vese enriquecido por unha interesante selección de material gráfico correspondente a distintas etapas vitais das escritoras.

A sección dedicada á creación presenta, no espacio reservado a autores foráneos, a traducción do texto "Alquimia do verbo", de Arthur Rimbaud, a cargo de María González Lopo, e o inédito "Carta a unha menina que quería ser poeta", de Ana Hatherly. As letras galegas están representadas pola serie "Fotopoemas", mostra de poesía visual da autoría de Claudio Rodríguez Fer.

Finalmente, o bloque consagrado á memoria rende unha oportuna homenaxe á empresa *Ruedo Ibérico* e ó seu fundador José Martínez, de quen se cumpren agora dez anos do seu pasamento. A lembranza pretende recuperar ademais o espírito *radicalmente libre* e *radicalmente rigoroso* que caracterizou sempre a ésta empresa, asumindo tales postulados para a revista que agora nace.

No dosier inclúense traballos conmemorativos, cun alto valor testemuñal, de José Ángel Valente, Juan Goytisolo e Nicolás Sánchez Albornoz. Pola súa banda, Xosé Luís Axeitos estudia a presencia, nada desdeñable, de Galicia nestas publicacións. A sección complétase cos índices, analítico e onomástico, da colección completa dos *Cuadernos de Ruedo Ibérico*, elaborados por Isabel Gómez Rivas. Nestes inventarios, de evidente utilidade para a consulta da revista, levouse a cabo un labor de actualización dos índices parciais que a propia publicación ofrecera en dúas ocasións. A esta sección engádense aínda tres valiosos documentos fundacionais relacionados coa empresa. Trátase da presentación dos *Cuadernos*, dun texto aparecido ó final das sete obras publicadas na *Biblioteca Crítica Al otro lado*, e doutro publicado na revista co título de "*Cuadernos de Ruedo Ibérico* interrumpen su 'exilio'". Nos tres casos, trátase de documentos de interese fundamental para comprender o espírito e as directrices da iniciativa que aquí se rememora.

Unión Libre nace co propósito de ocupar un espacio de seu no actual panorama de publicacións periódicas. Baixo a consigna da liberdade, pretende conxugar o ensaio rigoroso, a memoria e a creación literaria, remarcando de maneira especial o seu carácter aperturista e dialogante a respecto de linguas, culturas, artes e disciplinas.

MARÍA XESÚS NOGUEIRA

Bloques e áreas lingüísticas do galego

● FRANCISCO FERNÁNDEZ REI e CARME HERMIDA GULÍAS (eds.). *A Nosa Fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*. Consello da Cultura Galega, Arquivo Sonoro de Galicia, Santiago de Compostela, 1996.

O pasado ano chegaba ás nosas librerías o estoxo que temos nas mans. Trátase dunha escolma sonora que recolle textos representativos dos nosos bloques e áreas lingüísticas. No seu interior atopamos tres casetes de gravacións etnotextuais, acompañadas dun libro con cadansúa transcrición.

Este conxunto de textos orais tirouse do Arquivo do Galego Oral (AGO) do ILG, principalmente da serie de gravacións levadas a cabo no período 1974-76 para a elaboración do *Atlas Lingüístico Galego* (subarquivo AGO-ALGa) e das recollidas entre 1992 e 1995, pertencentes ó *Arquivo Dialectal da Lingua Galega* (AGO-ADLG). Un terceiro grupo de gravacións, correspondentes ó período que vai de 1979 a 1995, non pertencen a ningún dos anteriores subarquivos do galego oral e aparecen rexistradas coa sigla AGO no apartado

"fonte" da ficha que acompaña cada transcrición. A ordenación dos textos fíxose seguindo a xa clásica división do noso dominio lingüístico en tres grandes complexos dialectais con áreas, subáreas e microsubáreas no interior de cada un deles.

Consideramos que, desde o punto de vista da didáctica da lingua, unha selección do material que nos ocupa pode constituír un interesante pasadoiro que conduza os estudiantes de Lingua Galega ó coñecemento e análise das nosas variedades dialectais. Labregos, mariñeiros e estudiantes son os informantes máis frecuentes, ó lado dun a xeito de coro onde podemos atopar unha muiñeira, unha profesora, un mestre, un traballador da banca, un carpinteiro, un industrial, un telefonista, un camioneiro ou un comerciante. O abano etario da mostra é igualmente representativo, e podemos atopar desde unha muller de oitenta e cinco anos que nos dá noticia dun curioso especime da fauna máxica ("a raposa de morrazos") ata un rapaz de nove anos que nos fala do seu encontro co xabaril.

A duración dos textos é tamén variada, de tal xeito que atopamos fragmentos con sentido completo de duración moi reducida, moi rendibles á hora da súa utilización práctica, como por exemplo o que se nos ofrece tras o título "O rato do monte e do rato do muíño" recollido en Allariz (etnotexto 16 do bloque central). Ó lado destes, encontramos outros dunha maior extensión, que precisarían dunha meirande disponibilidade temporal para a súa íntegra utilización didáctica, como por exemplo o que recolle a experiencia da pesca no banco sahariano dun mariñeiro de vintecatro anos veciño do Outeiro, no concello coruñés de Ribeira (etnotexto 6 do bloque occidental).

Alén da súa funcionalidade propedéutica na área de Lingua Galega, estudiosos doutras disciplinas poden atopar nesta obra documentos orais de utilidade. Algúns etnógrafos, xa de vello frecuentadores do material dialectolóxico que foi aparecendo editado, atoparán aquí información oral moito do seu interese. Outro tanto acontece con historiadores ou mesmo sociólogos.

Pero o contido desta caixa achega tamén información sobre os avances no coñecemento e descrición do noso patrimonio lingüístico dialectal. A selección de textos aparece precedida por un Limiar onde os editores expoñen as convencións gráficas e tipográficas que se seguiron na transcrición dos documentos orais. O lector atento reparará sen dúbida na descrición das sibilantes. Onde antes se falaba en "prepalatal", *s* "apical" e *s* "predorsal" (as comiñas son dos editores), fálase aquí en lámino-postalveolar, ápico-alveolar e lámino-alveolar, respectivamente.

Pensamos, con todo, que son os docentes e os estudiantes de Lingua Galega quen maior rendemento pode tirar desta edición etnotextual. Ademais do xa comentado, a representatividade da escolma permite apreciar a variación da lingua en ámbitos distintos dos puramente dialectolóxicos. Un exemplo desto último ofrécesenos no etnotexto 4 do bloque central: unha moza que leva anos vivindo na cidade recibe a visita dunhas parentes da aldea. De paseo, as visitantes entran nunha froitería e unha delas pide un quilo de uvas *mouras*. O "radical" da escolla lingüística fai saltar a alarma do mecanismo diglósico de selección vocabular da rapaza:

— *¡Ai! ¡Ai Hortensia, ai Hòrtènsia! ¡ Pra outra vez non digas así!*

— ¿È lo?

— ¡Di negras! ¡Di negras! Esa [mouras] é unha palabra moi mal dita, —dixo—, moi mal dita, mullèr. ¿È non ves que chama a atención á xénte?

Esta que vimos de comentar é, pois, unha discreta pero ilustrativa edición de material sonoro etnotextual. Un traballo divulgativo de interese didáctico polo que ten de camiño de doado tránsito cara a un mellor e máis completo coñecemento das variacións que se rexistran nos falares do noso complexo dialectal, non só entre os especialistas, senón tamén entre o público estudioso en xeral.

SERAFÍN ALONSO PINTOS

Irlanda e Galicia ante o cambio cultural

● CARLOS FERRÁS SEXTO. *Cambio rural na Europa Atlántica. Os casos de Irlanda e Galicia (1970-1990).* Universidade de Santiago de Compostela e Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1997.

A recente expansión do modo de vida urbano sobre algúns espacios tradicionalmente rurais é un feito contrastado nas sociedades máis avanzadas do mundo. Fenómenos como a suburbanización ou a contraurbanización protagonizan os movementos da poboación nestes territorios, onde ó antigo fluxo de persoas campo-cidade superpónselle outro de dirección contraria que produce un cambio substancial nos lugares de asentamento.

O xeógrafo compostelán Carlos Ferrás Sexto analiza de forma detallada nesta obra os cambios producidos no mundo rural de dous países do occidente europeo que hai poucos anos eran caracterizados precisamente pola súa ruralidade, Galicia e Irlanda. Trátase dun estudio comparado no que se descobren e interpretan os impactos demográficos, socioeconómicos e urbanísticos que producen os procesos de suburbanización e contraurbanización, así como as respostas dadas a estes fenómenos desde a planificación territorial.

Este libro constitúe unha adaptación da tese de doutoramento do autor e por iso na primeira parte dáse conta dos obxectivos da investigación e das fontes e metodoloxía empregadas, ademais de repasar no segundo capítulo os fundamentos teóricos do que o autor denomina o renacemento rural. É aquí onde se establece a distinción entre suburbanización —proceso de crecemento ou extensión superficial das cidades a través do cal se producen movementos de desconcentración demográfica desde estas cara á súa periferia—, e a contraurbanización —movemento de persoas e industrias desde as áreas urbanas cara ás rurais.

A seguir analízanse as tendencias de cambio demográfico e socioeconómico experimentadas polas sociedades galega e irlandesa desde os anos setenta ata a actualidade. Neste capítulo demóstrase como ambas rexións non permaneceron

ancoradas no seu pasado, e como a modernización económica e a diversificación social produciron uns desequilibrios territoriais que as políticas de desenvolvemento rexional trataron de superar. No caso irlandés estas baséaronse na promoción de movementos desconcentradores coa finalidade de promover un desenvolvemento equilibrado en todo o país, mentres que en Galicia as tendencias de suburbanización e contraurbanización, ademais de ter unha menor presencia, non foron determinadas polas políticas territoriais e urbanísticas senón máis ben pola ausencia delas. Deste xeito, en moitos casos a permisividade urbanística dos municipios limítrofes ás cidades máis importantes atraeu a inmobiliarias e persoas adiñeiradas que non dubidaron en construír as súas edificacións en espacios ecoloxicamente privilexiados e a un menor custo que se o fixesen na cidade.

Na segunda parte do libro o autor realiza unha análise pormenorizada de casos concretos de suburbanización e contraurbanización na provincia da Coruña e no Condado de Cork, para o que previamente sintetiza os factores que fundamentan a estructura territorial de ambas demarcacións. No que se refire á suburbanización estúdianse os casos de Carrigaline e Carrigtowhill na periferia de Cork, e de Fene e Ames nos límites urbanos de Ferrol e Santiago, respectivamente. No tocante á contraurbanización, as localidades investigadas son as de Rahan e Clonakilty Rural no caso irlandés, e as de Tordoia e Melide no galego. En todos eles mediante a contrastación e o adecuado manexo de diversas fontes estatísticas, e de informacións obtidas pola observación directa, Ferrás Sexto detense en explicar os procesos de cambio experimentados na estructura demográfica, na economía, na sociedade e no sistema de asentamentos.

Nas conclusións destácase cómo dous ámbitos xeográficos do occidente europeo que partían dunha situación similar, determinada pola emigración, a excesiva dependencia do mundo agrario e as marcadas desigualdades territoriais, experimentaron desde os anos setenta tendencias cara a un desenvolvemento rexional equilibrado; en Irlanda favorecido polo Estado, que impulsou a industrialización rural atraendo o capital internacional, e en Galicia coa aparición dun modelo de desenvolvemento endóxeno que tratou de aproveitar os recursos propios. Neste contexto de transformacións socioeconómicas, de desenvolvemento rexional e de cambio de sentido dos movementos migratorios produciuse un cambio rural manifesto que foi acompañado por unha perda de protagonismo dos principais centros urbanos. Por último, o autor advirte que a suburbanización e a contraurbanización deben de ser planificadas axeitadamente para corrixir os desequilibrios territoriais rural-urbanos, preservándose da deteriorización medioambiental, estético-paisaxística e dos custos sociais que se poidan derivar destes dous procesos.

JOSÉ SOMOZA MEDINA

Os galegos da terceira idade en América

● VICENTE PEÑA SAAVEDRA e ANTONIO RODRÍGUEZ MARTÍNEZ (Dir.): *Informe socioeducativo: Os galegos da terceira idade en América*. Secretaría Xeral de Relacións coas Comunidades Galegas da Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1996.

A preocupación dos profesores de Pedagoxía da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade compostelá, Vicente Peña Saavedra e Antonio Rodríguez Martínez, directores deste traballo, leváraos xa a presentar no III Consello de Comunicades Galegas, celebrado na illa da Toxa, en decembro de 1991, outro informe de semellantes obxectivos e intencionalidade e no que se aproximaban ó coñecemento da xuventude descendente dos emigrantes galegos en América. Agora, neste novo informe, recentemente publicado, veñen de adicarlle a súa atención a aqueles emigrados de máis elevada idade.

A pretensión última do traballo, desde un recoñecemento da situación actual na que se atopan os anciáns galegos, é a de propoñer posibles ou convenientes actuacións que favorezan un melloramento das súas condicións de vida.

Se antes se perseguiu a determinación de actitudes e circunstancias dos xoves descendentes, nesta ocasión, mediante un contacto o máis directo posible, tratouse de constatar, na chamada *terceira idade*, aquelas posturas máis frecuentes e as situacións máis xeneralizadas, abranguendo, iso si, moitos máis aspectos que os simplemente educativos e culturais e afanándose en conseguir unha visión o máis global posible das súas condicións e das súas aspiracións.

O estudio está centrado nas comunidades de tres países, a saber: Arxentina, Cuba e Uruguai. Por razóns de antigüidade e de volume da emigración galega, eles veñen a resultar os máis significativos para os propósitos do estudio e mesmo para seren tomados como acreditados símbolos da emigración galega sen retorno ou cun índice moi escaso del; isto é, trátase da emigración que ofrece un carácter máis definitivo, e que claramente corresponde ós distintos países hispanoamericanos, por seren os que primeiro recibiron as grandes vagas migratorias de Galicia e nos que o establecemento dos transterrados foi, maioritariamente, permanente.

Referendan o dito algúns datos do mesmo estudio, tales como: a media de idade —72 anos— ou o tempo de residencia no respectivo país —máis de 50 anos, tamén polo xeral— aínda que entre a illa caribeña e cada un dos outros dous países sudamericanos cheguen a detectarse pequenas diferencias de matiz.

Os niveis de formación, as profesións ou os traballos exercidos, as condicións económicas de supervivencia como pasivos ou xubilados, as relacións convivenciais ou de afectividade, tanto as domésticas como as sociais fóra do fogar, a comunicabilidade, o emprego do ocio, a inquedanza ou desentendemento do que acontece no mundo e a participación na vida asociativa, son aspectos que a investigación analiza e nos que se detén en aras de ofrecer un panorama humano, social e conductual deste colectivo.

Todos eses elementos resultan útiles por si mesmos en orde ás informacións sectoriais que proporcionan, pero son, ó tempo, dimensións vitais básicas

para contemplar algúns outros fenómenos importantes, tales coma o sentimento de identidade ou de identificación con Galicia e o galego, a pervivencia no seo dunha cultura orixinaria —lingua, coñecemento, actualización, contactos—, a integración en comunidades propias, as demandas ante elas e as expectativas que xeran, e desde o punto de vista dunha mentalidade máis pragmática as mesmas axudas que pola súa mediación se poden xestionar e recibir.

Paga a pena subliñar algún dos datos obtidos e valorados polo equipo investigador. En primeiro lugar cabe sinalar que a maioría dos anciáns enquisados conviven coa súa familia, esposo/a e fillos, aínda que xa é considerable o continxente que se atopa vivindo en soidade e, naturalmente, requerindo de maneira progresiva acollemento en residencias e fogares. Convén observar que a unidade familiar aporta, en moitos casos, respaldo económico, habida conta das perdas no poder adquisitivo de pensións e de aforros, e tamén mantén as vinculacións entre os seus membros e as de todos eles coas tradicións e, en xeral, coa cultura galega. Neste sentido, hai que destacar o papel que desempeñan os anciáns, en canto pais e avós, como verdadeiros lazos vivenciais coa súa terra nativa.

Entre o sentimento e o desexo, percíbese a continuidade de apego á terra de orixe, ós ámbitos socio-culturais da infancia e da xuventude, e unha abundante e acentuada ansia por visitala. Esta actitude explica que un dos programas adicados pola Xunta de Galicia á terceira idade, dentro dos Plans que executa a Secretaría Xeral para as Comunidades Galegas, que rexistra mellor acollida, maior aceptación e demanda sexa o denominado *Reencontros*, segundo infiren os autores desta investigación atendendo ás respostas dos enquisados e das que recollen, literalmente, frases e expresións.

Outro detalle comprobado e merecente de comentar é a constatación de que a conciencia de galeguidade e a inquedanza por Galicia, na súa realidade actual, atópase en notable medida dependente da integración nas entidades e institucións galegas existentes nos países e lugares de residencia, xa que favorecen ademais do uso da lingua materna, o intercambio de coñecementos, experiencias e ilusións, a recepción de información do seu interese e as oportunidades dunha actividade cultural e educativa, incluíndo nesta última os cursos e sesións de terapia ocupacional que se están a efectuar desde hai uns anos.

Certamente, constitúe un obstáculo para un considerable número de persoas maiores e xubiladas, segundo algunha das conclusións achegadas polo estudio, o poder satisfacer as cotas asociativas pola diminucion de ingresos ó cesar na vida laboral activa. A esa dificultade hai que sumar as que supoñen os distintos problemas de desprazamento.

A partir dos datos, impresións e opinións requeridos nos traballos de campo, segundo os cuestionarios dirixidos ós mesmos anciáns e ós profesionais da xerontoloxía, e daqueles outros que foron obtidos nos arquivos e documentación obrantes nas institucións corporativas galegas dos países nos que se practicou a investigación, os profesores que dirixiron este estudio, os doutores e licenciados que colaboraron na súa realización, ofrécennos, canda unha serie de resultados e observacións, un conxunto de suxerencias e de pautas de actuación dignas de consideración e de exame para os sociólogos e para os servicios da Administración Pública dos respectivos países, para as Sociedades e Centros Galegos neles radicados e en moitos outros que presentan semellante

problemática, e tamén para os órganos especiais do Goberno galego adicados ós emigrados e á terceira idade, por canto supoñen orientacións moi válidas para unha maior potenciación dos seus Planos e Programas.

Esta aproximación ós nosos emigrados da terceira idade nos países hispanoamericanos, co seu cúmulo de datos e de indicacións, uns e outras obtidos e elaborados a partir das mesmas querencias e impresións dos suxeitos enquisados, vén contribuír a un saber máis fondo da emigración galega e dos seus protagonistas, das súas circunstancias vitais na actualidade e do planeamento do porvir.

FEDERICO POMAR

Alfa e omega do país dos soviets

● XULIO RÍOS, LAUDELINO PELLITERO e CARLOS MÉIXOME. *Rusia. Das orixes á crise dun modelo.* Ir Indo Edicións, Vigo, 1996.

Non sei se Ieltsin lle deixa velar a John Reed as víctimas da Revolución desde a beira do vermello muro do cemiterio do Kremlin onde os seus ósos descansan... preto dos de Stalin (o tsar da mitificación iconográfica). Aquela gran xesta que narrou o xornalista americano transformou non só ós que durante máis de sete décadas ían ser cidadáns soviéticos senón tamén as referencias políticas, económicas e sociais do resto do mundo.

Posiblemente Sxúsev, cando ergueu o mausoleu do *pai* da URSS, non imaxinou a praza tan avermellada polos rótulos das Mcdonald's, Coca-Colas e demais "signos" universais da aldea global. A perennidade do seu monumento ou o "corpo incorrupto de Lenin", como comentara Castelao na súa viaxe de trinta días, está hoxe tan en cuestión como o está a obra do creador do Estado soviético.

Analizar as causas que condicionaron o abrente e o esmorecemento das enormes enerxías que forneceron un modelo non é doado, mais a saída do libro de Xulio Ríos, Laudelino Pellitero e Carlos Méixome constitúe unha axuda amena para tratar de entender o ocorrido nunha parte importante da historia do século XX.

A estructura multidisciplinar desta obra desglósase en catro partes:

1) A primeira estudia a especificidade física de Rusia:

A inmensidade do seu territorio (cunha superficie superior ós 17 millóns de quilómetros cadrados), a súa potencialidade demográfica (uns 150 millóns de habitantes) e as inxentes reservas enerxéticas que o converten no maior Estado do mundo.

As súas condicionantes climáticas e xeomorfolóxicas, que delimitan a humanización do espacio e a organización social.

2) O segundo apartado desenvolve a evolución do modelo soviético nas diversas etapas que se detallan:

Desde as primeiras medidas dos novos gobernantes: o "comunismo de guerra", coas pautas que ían definir o modelo de socialismo soviético; a conflictividade no campo; a análise, revisión e viraxe da NEP; a morte de Lenin e a conseguinte loita polo poder; a crise da NEP e o impulso colectivista; ata a chegada ó poder de Stalin e a fixación do modelo económico baseado na planificación, a Gosplán e as consecuencias da prioridade do proceso industrializador e a supeditación da agricultura á industralización. A paréntese de Khruxov e a desestalinización. O estancamento da era Briexniev.

Mergúllanse os autores nunha aproximación ás razóns da crise: ineficacia na xestión, fracaso agrícola, carencias do modelo de industralización, retraso tecnolóxico, causas políticas e ideolóxicas (partido único, sociedade civil inexistente e problema nacional), e causas de orixe externa (carreira de armamentos, política exterior expansionista, aliados inestables, carreira científico-técnica).

3) O núcleo temático seguinte, articulado en torno á viaxe pola historia, percorrida a grandes brincos desde o nacemento, medre e consolidación do xigantesco imperio.

Comeza fornecéndonos unha síntese da historia rusa e as múltiples constantes diferenciadoras. Así, sinálanse as grandes xeiras que principian coa formación do Estado de Kiev e finalizan na desaparición do tsarismo. A outra etapa abrangue desde o período das revolucións ata a crise do sistema.

A vocación didáctica deste manual, que inicia a serie de "Pretextos internacionais", é manifesta, sobre todo neste apartado ó que me estou a referir; pois a cantidade de mapas, cadros estatísticos, resumos e fotografías comentadas facilita ó lector unha visión máis completa do tema tratado.

4) A última parte do libro céntrase na Perestroika, nas súas fases e nas trepidantes e intensas transformacións orientadas inicialmente á mellora do sistema e que desencadearon o aniquilamento dos seus principais fundamentos.

O estudio deste breve período abórdase tanto desde a óptica da política económica durante o mandato de Gorvachov, como da nova visión da política exterior e as reaccións de Occidente ante a Perestroika. Os autores non esquecen o problema nacional, coas súas complexidades e contradiccións "teóricas", que converteron as relacións das Repúblicas con Moscova no epicentro das reformas.

Dicía Trotski que "as masas non van á revolución cun plano preconcibido de sociedade nova, senón cun sentimento claro de imposibilidade de seguir aturando a sociedade vella. Só o sector dirixente de cada clase ten un programa político, programa que, non embargante, necesita aínda ser sometido á proba dos acontecementos e á aprobación das masas". É doado inferir que o programa que tiñan establecido os dirixentes soviéticos non superou os acontecementos, nin o referendo dos cidadáns, nin puido acadar a sociedade socialista que se propugnaba, pero tampouco podemos negar as conquistas tanto sociais como políticas da Revolución. Estes logros brincaron as fronteiras do Estado soviético e instaláronse como bandeira en Occidente. É evidente, por exemplo, a importancia na transformación do capitalismo tradicional e as melloras obtidas pola clase obreira europea, ou o apoio ós movementos de liberación progresistas, ou a axuda solidaria á República española acosada polo fascismo, ou o sacrificio de máis de 20 millóns de vidas de soviéticos na Gran Guerra Patria e a súa contribución definitiva á derrota da Alemaña nazi.

Dalgún xeito a nosa sociedade é debedora daquela xesta emancipadora e non debemos esquecelo cando agora precisamente se erixe triunfante a omnipotente ideoloxía neoliberal. A Nova Orde Mundial unipolar aínda non solventou os vellos problemas da estreitada copa da riqueza-miseria. Seguimos pondo parches a esta e outras contradicciónns antagónicas coa axuda humanitaria, ONG...

E é nesta realidade actual de crise, onde non se albiscan horizontes nidios, cando fai falla a reflexión positiva. O achegamento á encrucillada histórica deste mundo interdependente, onde o dominio, manexo e poder que exercen os medios nos arredan de percepcións autónomas, debe darse baixo coordenadas obxectivas de análise das diversas visións tanto do presente como do pasado.

Ó meu entender, o libro do que estamos a tratar persegue con éxito estes fins. O seu rigor non devece polo desglose temático e as súas sínteses, pois as diferentes perspectivas aportan claridade desde a sondaxe inicial ata esculcar as causas que provocaron a desfeita dun modelo de inspiración liberadora; ó mesmo tempo os autores abren fiestras cara ó debate na evolución futura da era posperestroika.

É de destacar tamén a participación do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, (IGADI), o cal dirixe Xulio Ríos, na elaboración documental désta obra. Esta entidade, creada en 1991, recibe, analiza e arquiva a prensa de numerosos países referida á situación económica, social e política. Promove ademais a realización de tarefas investigadoras sobre as máis diversas problemáticas de orde internacional. Levou a cabo debates (por exemplo o ciclo "Temas da nosa época", Vigo, 1992), conferencias e sesións monográficas sobre os interrogantes que formula a complexa contemporaneidade.

A distancia xeográfica e cultural da sociedade galega respecto a Rusia, así como a pouca bibliografía na nosa lingua sobre o tema, fan necesaria a existencia de manuais útiles e asequibles ó lector medio para situármonos no horizonte da relevancia deste país-imperio no concerto europeo e mundial como emisor e receptor de recursos.

Mentres o fardel de cuestións segue enchéndose polos acontecementos, os efectos diarios de capitalismo salvaxe, as mafias, a difícil delimitación de fronteiras, Chechenia, a expansión da OTAN, a debilidade do poder de Moscova, (tanto para controlar o Estado como no seu feble rol internacional), e un longo etcétera, non fan máis que acrecentar a necesidade de novos aportes documentais para que o devir, transformación e culminación de novas realidades do "patio común" non escape ós que moramos na outra Fisterra.

XAIME NOGUEIRA

Anacos do estado da comunicación na fin do milenio

■ BERNARDO DÍAZ NOSTY. *Comunicación social 1996/Tendencias*. Fundesco, Madrid, 1997.

A crónica actual do estado da comunicación e das telecomunicacións, que edita Fundesco, xa está nas librerías. Non se trata dun informe rutinario, senón do estudio máis completo que se publica en España deste hipersector que cada vez move máis diñeiro e cobra maior importancia na sociedade da fin do milenio. Aínda que só analiza aspectos moi globais do panorama galego de medios, o certo é que actúa como unha fonte de consulta indispensable para quen queira coñecer as tendencias das telecomunicacións e da comunicación.

Nas oito edicións do informe recóllese unha crónica da evolución e da transformación do mundo dos medios. Esta nova edición, que empeza cunha radiografía en profundidade do sector, analízase o horizonte e reflexiónase, da man de artigos de coñecidos expertos, sobre as relacións entre o poder político e os medios de comunicación. A análise, ó igual ca en estudios anteriores, faise sobre datos aportados polos propios medios e distintas fontes externas.

O estudio deste ano constata o rápido crecemento do fenómeno Internet no conxunto do Estado ó converterse na primeira solución interactiva en termos de globalidade. *El Correo Gallego* e *O Correo Galego*, as dúas cabeceiras de diarios galegos que iniciaron a andaina neste mundo das redes, seguen liderando en Galicia esta aposta en Internet, onde este ano se prevé a presencia duns cincuenta títulos de diarios e que no prazo de doce meses estímase que o conxunto de medios navegables pode alcanzar a cifra dos douscentos.

Outro dato resulta relevante das conclusións do estudio. Refírome á tendencia á concentración de medios de comunicación. No Estado español configúranse tres grandes grupos privados e un público, mentres en Galicia parece que non hai présa por entrar nunha nova política de alianzas. Só *Faro de Vigo* pertence a un grupo de prensa rexional estatal —Prensa Ibérica— e *La Voz de Galicia* unicamente mantén unha alianza con Tele 5 para o proxecto de desconexións desta cadea.

La Voz de Galicia, que colaborou en distintas iniciativas co grupo basco Correo, parece que inicia unha nova aposta con este socio, hoxe cun papel relevante en Tele 5. *La Voz*, como principal grupo de Galicia, mantén moitas incógnitas sobre outras actuacións futuras e non parece decidida a entrar como accionista na Plataforma dixital que promove Telefónica, para o que recibiu distintas ofertas. Ningún dos outros grupos de comunicación galegos parece contar cunha clara estratexia de alianzas con grupos estatais, enfrascados nas primeiras batallas da globalidade.

Mentres isto pasa, os índices de difusión parecen estancarse, polo que se anuncian tempos difíciles para os xornais, logo de case dúas décadas de constantes subas. Os xornais galegos manteñen as súas tendencias —a media de difusión en Galicia alcanza os 103,7 exemplares por cada mil habitantes—, pero tamén notan as dificultades que caracterizan o mercado. A súa batalla

líbrase día a día na conquista de novos mercados locais, cada vez máis disputados, polo que o futuro se presume complicado.

Algo parecido acontece na radio, que, á espera dun plan de dixitalización, aparece marcada por unha situación de certa tranquilidade no presente e con moitas incertezas de cara ó futuro. Isto acontece cando Radio Voz segue co seu plano de expansión, á espera das novas concesións de frecuencias, que, segundo os resultados, obrigarán a seguir nunha ou noutra dirección.

De cara ó futuro, o informe indica que o papel da prensa pode perfeccionarse tratando de evitar os excesos de comercialización e tomando en serio as esixencias de deontoloxía profesional, que supoñen un recordatorio permanente da responsabilidade social que teñen medios e periodistas. Tamén apuntan que a dixitalización cambiará radicalmente a radio e a televisión que hoxe coñecemos. No caso da televisión, indica que a política de alianzas se presenta como unha tendencia imparable, ó tempo que se produce unha inevitable internacionalización dos intereses das empresas.

Nesta fase de transición apúntase tamén un renovado interese polos contidos. Indícase que a seducción tecnolóxica fixo esquecer un estudio en profundidade sobre os contidos dos medios e o axuste ás demandas reais do público. Esta situación provocou pouca atención ás mensaxes e un descrédito da oferta dos medios informativos. Quizais sexa un síntoma de esperanza para os destinatarios da información, que nos últimos anos viviron bastante á marxe da elaboración dos productos.

X. L. GARCÍA

Vinganza no Museo Británico

O escenario foi as graveiras de Piltdown, en Sussex, no sur de Inglaterra; o ano, 1912, e o acontecemento, o achado dunha serie de fragmentos de cranio e mandíbula. O protagonista, un coñecido xurista e anticuario afeccionado á Paleontoloxía, de nome Charles Dawson, que viña de obter así a proba que convertía unha sospeita especulativa nunha apetecible certeza.

O *home de Piltdown*, como se bautizou ó presunto propietario daqueles restos, mostraba trazos simiescos pero posuía un volume cranial próximo ó dos humanos. A existencia de tipos semellantes cadráballe como unha luva á teoría vixente sobre a descendencia do home, que o miraba como a culminación dunha antiga liñaxe coroada pola aparición dun cranio o suficientemente grande para conter un cerebro humano.

A pesar de que algúns desconfiados chamaron a atención sobre a extraña oportunidade do achado, a ciencia oficial aceptouno, non sen antes efectuar as probas pertinentes de autenticidade. O propio Arthur S. Woodward, director da sección de Paleontoloxía do Museo Británico-Historia Natural (hoxe Museo de Historia Natural) calificou o achado de "importantísimo" e defendeuno ata a súa morte. Non obstante, os feitos son teimudos e demostraron que a evolución humana seguiu un patrón distinto ó apuntado polo *home de Piltdown*, a quen, por outra parte, unhas análises efectuadas en 1944 devolveron ó seu lugar: o mundo do fraude e a picaresca, pois os restos non eran outra cousa que trozos de cranio moderno e de mandíbula de orangután.

Por sospeitar, sospeitouse de todo fillo de veciño que se achegara ás graveiras de Piltdown nalgún momento. Nomes como o de Teilhard de Chardin ou Arthur Conan Doyle foron incluídos no informal sumario. Sen embargo, foi a casualidade, unha vez máis, quen puxo orde no barullo. A mediados dos anos setenta e durante unhas labouras de mantemento nos faiados do Museo de Historia Natural de South Kensington, apareceu un baúl coas iniciais de Martin A. C. Hinton, zoólogo do museo na época do fraude. No seu interior atopáronse anacos de ósos en diferente estado de envellecemento e de aparencia similar á das pezas do *home de Piltdown*.

As investigacións levadas a cabo desde aquela apuntan a Hinton como responsable do fraude. Os indicios e as probas foron resumidos e razoados pola revista *Nature*. O máis curioso do asunto resulta ser o móbil do engano. Parece

que Hinton, doído porque Arthur S. Woodward lle negara o adianto dunha bolsa de investigación, preparou durante anos unha lenta, fría e contundente vinganza dirixida contra o prestixio científico do seu superior.

GUSTAVO A. GARRIDO

ÍNDICE DE COLABORADORES

XAVIER ALCALÁ. Enxeñeiro de Telecomunicacións e fundador de GAELICO, primeira empresa galega dedicada ás enerxías alternativas. É autor dunha ampla obra narrativa entre a que destacan as novelas *A insua*; *A nosa cinza*; *Fábula*; *Nos pagos de Huinca Loo*; *Tertúlia*; *Cárcere verde*; *Latitude austral*; *Código morse* e os libros de relatos *Voltar, seis persoaxes e un fado*; *O Larvisión e outros relatos*; *Contos das Américas* e *Contos do impaís*. É autor tamén da crónica *Viaxes no país de Elal*.

CARLOS CASARES. Estudiou Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela. Na actualidade dirixe a Editorial Galaxia e a revista *Grial* e preside o Consello da Cultura Galega. Da súa ampla producción bibliográfica destacan as novelas *Cambio en tres*, *Xoguetes para un tempo prohibido*, *Ilustrísima*, *Os mortos daquel verán*, *Deus sentado nun sillón azul* e os libros de relatos *Vento ferido* e *Os escuros soños de Clío*. Unha parte da súa actividade xornalística, que exerce a diario en *La Voz de Galicia*, foi recollida no volume *Na marxe de cada día*.

HELENA CORTÉS. Profesora de Filoloxía Alemana na Universidade de Vigo. Dedicou as súas investigacións á antigüidade xermánica e a Hölderlin. Traductora de Heidegger (*Identidad y diferencia*, *Caminos de bosque*), Schelling (*Sobre la esencia de la libertad humana*), Hölderlin (*Correspondencia completa*) e Adorno (*Alban Berg*). En 1994 coordinou, xunto con Arturo Leyte, un número de *Grial* sobre "O pensamento mítico".

GUSTAVO A. GARRIDO. Estudiou Bioloxía na Universidade Complutense de Madrid e posteriormente licenciouse en Farmacia na de Santiago de Compostela. Actualmente exerce a súa actividade profesional na industria farmacéutica. É membro do Consello de Redacción de *Grial* e autor de numerosos traballos de divulgación científica e historia das ciencias en Galicia. Foi editor do libro *Aventureiros e curiosos. Relatos de viaxeiros estranxeiros por Galicia. Séculos XV-XX*.

BIEITO IGLESIAS. Licenciado en Historia Contemporánea e profesor de Lingua e Literatura Galega. En 1988 gañou o Premio Modesto R. Figueiredo de

narracións curtas. É autor dos libros *Aventura en Nassau*, *Vento de seda* e *Miss Ourense* e coautor de *Catro ensaios sobre a esquerda nacionalista*.

ARTURO LEYTE. Profesor de Filosofía na Universidade de Vigo. Especializouse no Idealismo alemán e Heidegger e está vencellado á Comisión Schelling de Múnic. Ademais de numerosas edicións en castelán de filósofos alemáns e de diversos artigos, destacan a súa obra *Schelling y el origen del Idealismo alemán*, o seu libro *Ensaios sobre Heidegger* e a introducción a *Identidad e diferencia*. En 1994 coordinou, xunto con Helena Cortés, un número de *Grial* sobre "O pensamento mítico".

HERNÁN NEIRA. Ensaísta e escritor de nacionalidade chilena. Doutor en Filosofía pola Universidade de París VIII e investigador asociado ó grupo de Socioloxía da Literatura da École des Hautes Études en Sciences Sociales de París. Actualmente ensina Antropoloxía Política na Universidade Austral de Chile, en Valdivia. En 1991 foi finalista do Premio Juan Rulfo e é autor do libro de relatos *A golpes de hacha y fuego*.

MANUELA PALACIOS GONZÁLEZ. Profesora titular de Filoloxía Inglesa na Universidade de Santiago de Compostela. Autora de publicacións sobre Virginia Wolf, Emily Dickinson, e. e. cummings, etc. As súas principais liñas de investigación son o Modernismo inglés, os estudios da muller e a intertextualidade de pintura e literatura.

ANTÓN RISCO. Catedrático de Literatura espanola na Universidade Laval, Quebec (Canadá), onde ensina tamén literatura fantástica en lingua francesa. Autor de varios libros e artigos, en galego, español e francés, sobre a novela castelá de comezos de século. Escribe tamén obras de creación nas tres linguas. O seu libro de relatos *Memorias dun emigrante* obtivo o Premio da Crítica Española e a súa novela *As metamorfoses de Proteo* o Premio Galicia.

SUSO DE TORO. Estudiou Historia da Arte na Universidade de Santiago de Compostela. Iniciou a súa traxectoria narrativa co libro *Caixón desastre*, ó que seguiron *Polaroid*, *Land-Rover*, *Ambulancia*, *Tic-tac* e *A sombra cazadora*. É autor tamén dos libros *Camilo Nogueira e outras voces: unha memoria da esquerda nacionalista*, *F. M.*, onde recolleu parte da súa obra xornalística, e *Parado na tormenta*.

MIGUEL VIQUEIRA. Graduado na Escola Oficial de Cinematografía de Madrid e licenciado en Filoloxía e Lingüística Hispánica pola Universidade Complutense. É lector de español na Universidade de Lisboa. Traductor de Fernando Pessoa, Jorge de Sena e Almeida Faria ó castelán e de Torrente Ballester ó portugués. Escritor bilingüe, ten publicados, entre outros libros, as novelas *Concerto para violoncelo* e *Praiabela* e proximamente publicará *Boomerang*.

A cultura pasa por aquí

A&V
Abaco
Academia
ADE-Teatro
Afers Internacionals
Africa América Latina
Ajoblanco
Album
Alfoz
Anthropos
Archipiélago
Arquitectura Viva
L'Avenç
La Balsa de la Medusa
Bitzoc
La Caña
CD Compact
El Ciervo
Cinevídeo 20
Claridad
Claves de Razón Práctica
CLIJ
Creación
El Croquis
Cuadernos de Jazz
Cuadernos del Lazarillo
Debats
Delibros
Dirigido
Documentos A
Ecología Política
ER
El Europeo
Fotovídeo
Gaia
GRIAL
Guadalimar
El Guía
Historia y Fuente Oral
Hora de Poesía
Insula
Jakin
Lápiz
Leer
Letra Internacional
Leviatán
Lletra de Canvi
Ni hablar
Nuestra Bandera
Nueva Revista
La Página
El Paseante
Por la Danza
Primer Acto
Quaderns d'Arquitectura
Quimera
Raíces
Reseña
Revista de Occidente
RevistAtlántica
Scherzo
Síntesis
Sistema
Suplementos Anthropos
Temas para el Debate
A Trabe de Ouro
Turia
El Urogallo
El Viejo Topo
Viridiana
Zona Abierta

ARCE

Asociación de Revistas Culturales de España

Exposición, información, venta e suscricións:

Hortaleza, 75
28004 Madrid
Teléf.: (91) 308 60 66
Fax: (91) 319 92 67

9 770017 418006 00133

galaxia